



CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN

Programación Xeral Anual

2022-2023



ÍNDICE

1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS	4
1.1. Medidas a desenvolver	
1.2. Recursos previstos para o efecto	
2. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC	5
2.1. Obxectivos pedagóxicos	
2.2. Obxectivos de organización e xestión	
2.3. Obxectivos de carácter social e convivencial	
2.4. Obxectivos institucionais	
3. MODIFICACIÓN DO PEC	6
4. PAUTAS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.	
5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA E PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	
5.1. Datos xerais do centro	
5.2. Distribución alumnado e profesorado	
5.3. Consello Escolar	9
5.4. Claustro de profesores	11
5.5. Órganos de Coordinación Docente	12
5.5.1. Titores/as	
5.5.2. Equipos de Ciclo e niveis	13
5.5.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica	18
5.5.4. Equipo de Dinamización da Lingua Galega	19
5.5.5. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Plan de actividades.	20
5.5.6. Equipo TICs. Proxecto.	27
5.5.7. Equipo de Biblioteca. Proxecto. PAL.	33
5.5.8. Departamento de Orientación. Plan de Orientación	50
5.5.9. Equipo Voz Natura. Plan de actuacións.	69
5.6. Órganos unipersoais	
6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO	74
6.1. Director	
6.2. Xefa de Estudos	
6.3. Secretaria	
7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO	
7.1. Calendario escolar 2022/2023	75
7.2. Horarios de ciclo	
7.2.1. Educación Infantil	
7.2.2. Educación Primaria	
7.3. Horarios do profesorado	
8. QUENDAS DE VIXILANCIA	76
8.1. Dos recreos	
8.2. Das actividades extraescolares	
8.3. Das gardas do profesorado	
8.4. Da supervisión e acollida do alumnado de transporte escolar	
9. CALENDARIO DE REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE	
10. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA	77
11. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO	78
11.1. Resultado da enquisa realizada ás familias do alumnado de 4º de Ed. Infantil	



11.2. Materias que se impartirán en cada lingua no curso 2021/2022	
11.3. Actividades de dinamización propostas para o curso 2021/2022	79
11.4. Seccións bilingües	80
12. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO	81
13. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN	
14. PERSOAL NON DOCENTE	82
14.1. Horario de atención ao público	
15. PLAN DE POTENCIACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE EDUCATIVA E AS FAMILIAS	
16. SERVIZOS COMPLEMENTARIOS	83
16.1. Transporte escolar	
16.2. Comedor escolar	
17. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO	84
18. ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ASOCIACIÓN CULTURAL E DEPORTIVA “CONCILIA”	85
19. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO	86
ANEXOS	
I HORARIOS DO PROFESORADO	
II QUENDAS DE VIXILANCIA	
III LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES	
IV TRANSPORTE ESCOLAR	
V PROTOCOLOS	
VI PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO	
VII ESTATÍSTICA XERAL DO ALUMNADO	



1. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

obxectivos	
medidas	
recursos	
temporalización	En tódolos casos: ao longo do curso

1. Aplicar as medidas de protección relacionadas coa situación COVID 19 no curso 2022- 2023 que determine a autoridade educativa, en función das decisións sanitarias, e realizar as modificacións necesarias para o correcto funcionamento do centro.

Aplicación, revisión e modificación dos Plans relativos ao desenvolvemento do curso en función da situación COVID_19.

Recursos materiais e humanos necesarios para a aplicación dos plans.

2. Realizar a correspondente revisión do Proxecto Educativo de Centro.
Realizar a correspondente revisión e actualización dos seguintes plans e regulamentos:
 - Normas de Organización, Funcionamento e Convivencia (NOFC).
 - Plan de Acción Titorial (PAT).
 - Plan de Xestión do Centro (PXC).
 - Plan de Atención á Diversidade
 - Plan de Convivencia

Revisión do PEC coas achegas da comunidade educativa.

Recursos materiais e humanos necesarios para a aplicación dos plans. Participación das distintas colectividades integradas no Consello Escolar (profesorado, nais e pais, persoal non docente, administración municipal) para a revisión do PEC.

3. Continuar co programa de **Actividades Extraescolares**, organizadas pola *Asociación Deportiva e Cultural Concilia* para acadar a optimización dos recursos e dos fins que coa mesma se perseguen.

Colaboración coa Asociación deportiva e cultural Concilia, facilitando as instalacións e condicións necesarias para o desenvolvemento óptimo das actividades.

As instalacións do centro, instalacións do veciño IES Francisco Aguiar.

4. Continuar coa xornada lectiva en sesión única de mañá.

Manter as condicións necesarias para que a xornada lectiva en sesión única de mañá sexa a medida máis proveitosa para a comunidade educativa do centro.

Instalacións, recursos humanos e materiais necesarios.

5. Continuar avanzando na dotación do edificio administrativo do centro (edificio de primaria), tentando acadar a axuda precisa para completar a obra iniciada nun dos dous bloques.

As medidas a desenvolver neste apartado dependerán da capacidade de resposta por parte da Consellería de Educación e Orientación Universitaria.

Infraestruturas xa en proxecto.

6. Dar solución ás necesidades, carencias e deficiencias que presentan ambos recintos escolares (mellora e corrección de defectos...).

O equipo directivo realizará as xestións necesarias para que sexan atendidas, por parte das entidades correspondentes.

A participación e o interese de todos os integrantes da comunidade escolar e das entidades responsables.

7. Continuar coa mellora da biblioteca logo da confirmación de continuidade no Plan de Mellora de Bibliotecas



Escolares.

Achega de recursos, proxectos e actividades por parte do equipo de responsables para optimización dos seus espazos e fondos á comunidade educativa.

A participación do Equipo de Biblioteca do centro e a implicación de todos os equipos e titores para incluír o PDI no traballo da aula.

8. Optimizar os recursos que nos oferta a Rede Abalar e ampliar progresivamente os mesmos e os seus usos, así como avanzar na dotación xeral do centro en medios e recursos audiovisuais e informáticos.

Transmisión de información, apoio en formación e asistencia e solicitude do material que sexa necesario para completar as dotacións. Aplicación do Plan Dixital.

Recursos informáticos ofertados pola Xunta de Galicia e outras entidades ademais das adquisicións que poida realizar o propio colexio.

9. Realizar a revisión anual do Plan de Autoprotección (se as condicións o permiten) e un simulacro de evacuación, para estarmos preparados diante dun posible sinistro.

Revisión do Plan de autoprotección e desenvolvemento dun simulacro de evacuación (se as condicións o permiten).

Participación de todos os integrantes do centro escolar, coordinación entre eles e coas entidades implicadas e resposta ás pautas establecidas no Plan de Autoprotección e para executar con éxito o simulacro de evacuación (se as condicións o permiten).

10. Continuar coa implicación de todos os sectores da comunidade educativa na planificación do centro (ANPA, Consello Escolar, Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne, entidades culturais e deportivas...).

Mantemento periódico de reunións e adopción de acordos e decisións consensuadas, encamiñadas todas elas cara á mellora da calidade do ensino.

A participación e a implicación de todos os sectores da comunidade educativa na planificación do centro: ANPA, Consello Escolar, Concellos de Betanzos, Coirós e Paderne, entidades culturais e deportivas,...

11. Transmitir información ás familias do alumnado do centro sobre o funcionamento xeral do mesmo e, principalmente, sobre o proceso instrutivo e formativo dos seus fillos e fillas.

Achega de información por medio circulares, entrevistas, reunións, boletíns, a propia web do centro...

Os recursos legais sobre organización de centros educativos dependentes da Xunta de Galicia.

12. Solicitar o segundo Auxiliar Administrativo (1 auxiliar administrativo por cada 400 alumnos), que lle corresponde ao centro, tal e como contempla a rateo de persoal non docente.

Solicitude de entrevista coas autoridades educativas correspondentes.

Comunicación á Comunidade Educativa e á Consellería da necesidade dunha segunda auxiliar administrativa.

13. Continuar na configuración, mellora e potenciación da Páxina Web do Colexio.

Implicación do profesorado, baixo a supervisión do profesor dinamizador das TICs.

Profesorado colaborador e recursos técnicos e materiais necesarios.

14. Manter e continuar aumentando os proxectos de centro que perseguen a formación do profesorado e a mellora na educación integral do alumnado (PFPP, PLAMBE, EDIXGAL, REFORZO CONTRA O ABANDONO ESCOLAR, VOZ NATURA, PROXECTA, ROBÓTICA, EDUCACIÓN RESPONSABLE...)

Desenvolvemento dos Plans e Proxectos nos que o centro está inmerso e solicitude dos que o centro precise para a súa mellora.

Equipo de Formación, profesorado implicado, profesorado colaborador, recursos técnicos e material necesario.

2. CONCRECIÓN ANUAL DO PEC



A concreción anual do PEC para o presente curso 2022-2023, baséase na consecución dos obxectivos xerais que, no mesmo, se fixan para o centro:

2.1. Obxectivos pedagóxicos

DE CAPACIDADES XERAIS

- Educar ao alumnado para que sexa capaz de valorar, respectar e integrarse na realidade sociocultural e no medio natural no que vive.
- Lograr que, ao rematar a E.P., o alumnado sexa quen de empregar axeitadamente as linguas do currículo: galego, castelán e inglés.
- Axudar ao alumnado a realizarse intelectualmente e a ampliar as potencialidades mediante hábitos de traballo, estudo e esforzo.
- Desenvolver as capacidades de autonomía, reflexión, espírito crítico, iniciativa e creatividade.
- Inculcar os valores de tolerancia e solidariedade.
- Xerar os hábitos necesarios para conseguir unha boa saúde.

DE METODOLOXÍA

- Fomentar a coordinación entre o profesorado para unificar criterios e garantir a coherencia nos procesos de aprendizaxe.
- Acomodar as estratexias de aprendizaxe ás necesidades de cada alumno ou alumna, respectando os seus ritmos de maduración.
- Aumentar a práctica da metodoloxía activa que asegure a participación do alumnado nos procesos de aprendizaxe: observación directa, experimentación, descubrimento...
- Potenciar a acción tutorial a través do plan específico.
- Favorecer a formación permanente do profesorado.
- Avaliar anualmente o funcionamento do colexio nos distintos ámbitos: pedagóxico, organizativo, administrativo...
- Fomentar o acordo entre o profesorado para chegar a unha postura coherente que racionalice as tarefas extraescolares. Os principios de individualidade, de autonomía e de motivación para o estudo promulgados polo centro educativo permitirán tempo para que o alumnado poida atender outros intereses formativos.

2.2. Obxectivos de organización e xestión

- Favorecer unha xestión democrática potenciando a participación dos membros da comunidade educativa na organización do centro, segundo a normativa vixente.
- Acadar un funcionamento que aproveite de maneira óptima os recursos humanos e materiais, poñéndoos á disposición do interese xeral do colexio.

2.3. Obxectivos de carácter social e convivencial



- Desenvolver a nosa acción educativa nun clima equilibrado e acoledor.
- Favorecer unha comunicación fluída e distendida entre todas as persoas e colectivos do centro.
- Implicar ás familias e ao alumnado nas tarefas do centro e promover a súa organización.
- Consegui que a lingua galega sexa o vehículo de comunicación entre os membros da comunidade educativa.

2.4. Obxectivos institucionais

- Desenvolver a nosa acción educativa nun clima equilibrado e acoledor.
- Lograr unha mellor dotación do centro en persoal, materiais e infraestruturas a través dunha colaboración eficaz coas institucións responsables.
- Implicar ás institucións nas tarefas do centro en na súa programación.

3. MODIFICACIÓN DO PEC

No presente curso, compre continuar a correspondente revisión do Proxecto Educativo de Centro. O Equipo Directivo recollerá, ao longo do curso, as propostas realizadas polo Claustro e polo Consello Escolar, ata a modificación definitiva, de ser o caso.

4. PAUTAS XERAIS SOBRE O USO DAS TAREFAS EXTRAESCOLARES.

As tarefas extraescolares deberán cumprir, entre outras, as seguintes condicións:

- Que poidan ser realizados polo alumnado autonomamente.
- Que non supoñan un tempo de dedicación excesivo.
- Que sexan o máis motivadoras posibles.

Atendendo a esas condicións, e tendo en conta a diversidade de alumnado, é necesario unha racionalización e diversificación das tarefas extraescolares. Tal e como indicamos nos obxectivos metodolóxicos, os principios de individualidade, de autonomía e de motivación para o estudo promulgados polo centro educativo permitirán tempo para que o alumnado poida atender outros intereses formativos.

5. ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA E PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

5.1. Datos xerais do centro

- 15001124 CEIP Francisco Vales Villamarín – Betanzos (A Coruña)
- Rúa Carregal, 4 – 15300 BETANZOS (A Coruña)
- Tlfno 881880237 – Fax 881880240
- ceip.vales.villamarin@edu.xunta.gal
- <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipvalesvillamarin/>

5.2. Distribución do alumnado e profesorado:



5.2.1. Número de unidades: 42. 11 de infantil e 31 de primaria

5.2.2. Datos numéricos do profesorado

EI	EP	FI	FF	EM	EF	PT	AL	DO	RC
14	31	4	1	2	4	6	3	2	3

Total profesorado: 69. Dous docentes compartidos con outros centros.

5.2.3. Datos numéricos do alumnado

E. Infantil		2º ciclo	4º			T. 4º	61	DISTRIBUCIÓN DO ALUMNADO POR NIVEIS E ETAPAS (21-07-2022)	
			4a	4b	4c				
5º	21	5a	5b	5c	5d	T. 5º	83		
		21	20	22	20				
6º	23	6a	6b	6c	6d	T. 6º	93		
		23	24	23	23				
						T. EI	237		
Educación Primaria		1º	1A			T. 1º	103		
			1B	1C	1D				
2º	24	2A	2B	2C	2D	2E	T. 2º		
		24	23	24	25	24			
3º	22	3A	3B	3C	3D	3E	T. 3º	107	
		22	21	21	22	21			
4º	24	4A	4B	4C	4D	4E	T. 4º	121	
		24	25	24	24	24			
5º	23	5A	5B	5C	5D	5E	T. 5º	109	
		23	21	22	22	21			
6º	23	6A	6B	6C	6D	6E	6F	T. 6º	137
		23	23	23	22	23	23		
						T. EP	697	TOTAL	934

5.2.4. Distribución de alumnado e profesorado

Educación infantil 2º ciclo					
Profesorado titor			Profesorado especialista		
4º nivel			Domínguez Lorenzo, Manuela		Orientadora
	a	Criado Vázquez, Dolores	Lucas Castrillón, Mª Fernanda		AL
	b	Carro Vázquez, Eva María	Neira Varela, Silvia		PT
5º nivel	c	Saavedra Miño, Sonia	Gil González, Nerea		PT *
	a	Crespo Pérez, Mª Francisca	Velo Blanco José Luís		Inglés
	b	Barros Reimúndez, Marina	Fariñas Sanjurjo, Mª Virtudes		Apoio 4º
	c	Suárez García, Mª Montserrat	Pérez Vázquez, Ana Mª		Apoio 5º
6º nivel	d	Rilo Prieto, Ana Mª	Alba Sampedro López		Apoio 6º
	a	Naya López, Eva Mª	Suárez Castiñeira, Mª Sol		Relix.católica
	b	Bouza Bedoya, Mª Esperanza			
	c	Fernández Faraldo, Ana Isabel			
	d	Nieto Herranz, Carolina			



Educación primaria				
Profesorado titor			Profesorado especialista	
1º nivel	A	Sánchez Varela, Mª Belén	Espiñeira Ruzo, Mª José	FI
	B	Ares Sánchez, Mª Jesús	González García, Mercedes	FI
	C	Bruzos Salgueiro-Díaz, Isabel	García Yáñez, Juan Ángel	FI
	D	Gómez Carballido, Fátima	Veloso Blanco, José Luñis	FI
	E	Barral Seijas, Leticia	Díaz Bautista, José Ángel	EF
2º nivel	A	Vázquez Freire, Mª Belén	Monzo Seoane, David	EF
	B	Taibo del Río, Paula Mª	Varela Pereira, Miguel Mª	EF
	C	Rey Busto, Beatriz	Villanueva Santos, Ana	EM
	D	Sánchez Veiga, Cristina (EM)	Mariño Santiago, Ana	Orientadora
	E	Miramontes Penas, Marta (EF)	Fernández Castrillón, Silvia	PT
3º nivel	A	Antelo Dono, Leopoldo (EM)	Galán Rodríguez, J. Ángel	PT
	B	Martínez Redondo, Yolanda	García Guzmán, Bárbara L.	PT
	C	Cal Rodríguez, Irene	Salgado Travanca, Ruth	PT *
	D	Bermúdez Meijide, Mª Azucena	González Vázquez, Susana	AL
	E	Rodríguez Pena, Mª Josefa	Pardo Couceiro, Rocío	AL
4º nivel	A	Ucha Sánchez, Natalia	Fernández Martínez, Ana Mª	Relixión cat.
	B	Barreiro García, Mª Inés	Rial García, Amaya Tamara	Relixión cat.*
	C	Crespo Naveira, Silvia Vanesa	Suárez Castiñeira, Mª Sol	Relixión cat.
	D	Pereira Ayude, Ricardo (EM)	Sánchez Amado, Alejandro	Director
	E	Rodríguez Darriba, Ivana		
5º nivel	A	Paz Rey, Alberto		
	B	Pedreira Díaz, Noelia		
	C	Bermúdez Meijide, Sonia Mª		
	D	Toimil Iglesias, Pablo		
	E	Martínez Duarte, Mª Luisa		
6º nivel	A	Abeijón Pouso, Juan José		
	B	López Carro, Lucía		
	C	Fernández Seijo, Mª Antonia		
	D	López Carro, Belén		
	E	Toral Garrido, Mª Mar		
	F	Fernández López, Begoña		

* *Profesorado compartido con outros centros*

5.3. Consello Escolar. Composición e funcións.

Presidente-Director

Sánchez Amado, Alejandro

Xefa de Estudos

Martínez Duarte, Mª Luisa

Secretario

Díaz Bautista, José Ángel

Representantes do profesorado

Crespo Pérez, Mª Francisca
Criado Vázquez, Dolores
Fernández Castrillón, Silvia Mª
Lucas Castrillón, Mª Fernanda
Pereira Ayude, Ricardo



Representantes dos pais e nais de alumnos

Calvo López, Alejandro
Souto Teijo, Mónica (Repr. ANPA)
Loureiro Morado, Estela
Pena Vidal, Catuxa
Sánchez Fraga, Verónica

Representante do persoal de administración e servizos
Representante do Concello de Betanzos

Norma Campos Manivesa
Andrés Teijo Hermida

Terá como funcións principais:

- Establecer as directrices e elevar propostas para a elaboración do PEC, avalialo e, se é o caso, propoñer modificacións, sen prexuízo das competencias que o claustro de profesores ten atribuídas en relación coa planificación e organización docente.
- Decidir sobre a admisión de alumnado con suxeición ao establecido na lexislación vixente.
- Aprobar e modificar o regulamento de réxime interior do centro.
- Resolver os conflitos e impoñer as correccións que correspondan, de acordo coas normas que establece a Consellería de Cultura, Educación e Universidade.
- Aprobar o proxecto de orzamento do centro e a execución do mesmo.
- Avaliar a presente PXA, respectando, en todo caso, os aspectos docentes que lle competen ao claustro.
- Avaliar a programación das actividades complementarias e avaliar o seu desenvolvemento.
- Establecer as directrices para a participación do colexio en actividades culturais, deportivas e recreativas.
- Establecer criterios de colaboración con centros, entidades ou organismos.
- Promover a renovación das instalacións e equipamentos do colexio, e vixiar a súa conservación.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación do centro.

Reunirase, cando menos e obrigatoriamente, unha vez por trimestre, previa convocatoria do Presidente ou, por delegación deste, do Secretario, realizada cun mínimo de 48 horas de antelación. Realizarase unha reunión de Consello Escolar ao principio e outro ao remate do curso.

A convocatoria de reunión Consello Escolar recollerá a orde do día e, dende ese momento a información dos temas a tratar estará ao dispor de todos os membros.

Da reunión de Consello Escolar levantará acta a Secretaria, e na mesma deberán contemplarse: os asistentes, a orde do día da reunión, o lugar e o tempo en que se celebrou, os puntos principais de deliberación e o contido dos acordos adoptados. A acta da reunión de Consello Escolar será aprobada na seguinte sesión.

No seo do Consello Escolar establecerase a **Comisión de Convivencia escolar**, integrada polo director, a xefa de estudos, un/ha representante do profesorado, un/ha representante das familias e un/a representante do persoal laboral non docente. Na súa composición, integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes de todos os sectores da comunidade educativa e un/a integrante será a encargada de velar pola igualdade en tódolos ámbitos do funcionamento do centro. Será presidida pola persoa titular da dirección



do centro e unha das persoas integrantes actuará como secretaria ou secretario, quen levantará a acta das súas reunións. O nomeamento das persoas integrantes da comisión de convivencia nos centros educativos corresponde ao director por proposta dos colectivos representados.

Reunirse para analizar as incidencias producidas, as actuacións realizadas e os resultados conseguidos, así como, elevar ao Consello Escolar propostas para a mellora da convivencia. Terá carácter consultivo e desempeñará as súas funcións por delegación do consello escolar, para facilitar o cumprimento das competencias que este ten asignadas en materia de convivencia escolar e velará pola correcta aplicación do disposto neste decreto, no plan de convivencia e nas normas de convivencia do centro.

O réxime de funcionamento, composición e o desenvolvemento das funcións da comisión de convivencia de cada centro docente concrétese no plan de convivencia, de conformidade co establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e, en todo caso, manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario cantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

5.4. Claustro de profesores

Integrado pola totalidade do profesorado do centro, figura nas táboas do apartado 5.5. Terá como competencias básicas as seguintes:

- Elevar ao equipo directivo propostas para a elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro da programación xeral anual.
- Aprobar e avaliar os proxectos curriculares e os aspectos docentes da PXA, conforme ao PEC.
- Promover iniciativas no ámbito da experimentación e da investigación pedagóxica e na formación do profesorado do centro.
- Elixir os seus representantes no Consello Escolar do centro.
- Propoñer todo tipo de iniciativas que tendan a mellorar o funcionamento do centro en calquera dos seus aspectos.
- Aprobar os criterios pedagóxicos para a elaboración dos horarios do alumnado.
- Aprobar a planificación xeral das sesións de avaliación e cualificacións. Coordinar as funcións referentes a orientación, tutoría, avaliación e recuperación do alumnado.
- Analizar e valorar os resultados da avaliación do centro.

O Claustro de profesores reunirse, cando menos e obrigatoriamente, unha vez por trimestre, previa convocatoria do Director ou, por delegación deste, do Secretario, realizada cun mínimo de 48 horas de antelación. Realizarase unha reunión de claustro ao principio e outro ao remate do curso. A convocatoria de reunión do claustro recollerá a orde do día e, dende ese momento a información dos temas a tratar estará ao dispor de todos os membros.

Da reunión de claustro levantará acta a Secretaria, e na mesma deberán contemplarse: os asistentes, a orde do día da reunión, o lugar e o tempo en que se celebrou, os puntos principais de deliberación e o contido dos acordos adoptados. A acta da reunión de claustro será aprobada na seguinte sesión.

5.5. Órganos de Coordinación Docente e Plans de actuación



5.5.1. Tutores/as

Figuran nas táboas do apartado 5.5. Cada grupo de alumnado terá un titor ou titora que será designado polo director por proposta da xefa de estudos. O mestre titor, ademais da súa tarefa específica como docente, responsabilizarase da acción tutorial do seu grupo.

Co fin de facilitar a relación do profesor titor coas familias, fixarase unha hora semanal para a súa atención, dentro do horario non lectivo de obrigada permanencia no centro, **os martes de 17 a 18 horas**, previa cita.

Programaranse, igualmente, reunións globais cos pais por titorías, niveis ou ciclos, encamiñadas a expoñer as liñas xerais do plano de traballo. En todo caso unha terá lugar antes do mes de novembro.

A xefa de estudos coordinará o traballo dos tutores e manterá as reunións periódicas necesarias para o bo funcionamento da acción tutorial.

Cada mestre titor, ademais das súas tarefas docentes específicas, realizará, cando menos, as seguintes funcións:

- Participar no desenvolvemento do plan de acción tutorial e nas actividades de orientación, baixo a coordinación da xefa de estudos.
- Proporcionar no principio de curso, ao alumnado e ás familias, información documental ou, no seu defecto, indicar onde poden consultar todo o referente a calendario escolar, horarios, horas de titoría, actividades extraescolares e complementarias previstas, programas escolares e criterios de avaliación do grupo.
- Coñecer as características persoais do alumnado a través da análise do seu expediente persoal e doutros instrumentos válidos para conseguir ese coñecemento.
- Coñecer os aspectos da situación familiar e escolar que repercuten no rendemento académica do alumnado.
- Efectuar un seguimento global dos procesos de ensinanza-aprendizaxe dos alumnos e das alumnas para detectar dificultades e necesidades especiais, co obxecto de buscar as respostas educativas adecuadas e solicitar os oportunos asesoramentos e apoios.
- Coordinar as adaptacións curriculares necesarias para alumnado do seu grupo.
- Facilitar a integración do alumnado no grupo e fomentar a súa participación nas actividades do centro.
- Orientar ao alumnado dunha maneira directa e inmediata no seu proceso formativo.
- Informar ao equipo de profesores e profesoras do grupo das características, especialmente naqueles casos que presenten problemas específicos.
- Coordinar o axuste das diferentes metodoloxías e principios de avaliación programados para o mesmo grupo de alumnos e alumnas.
- De ser o caso, organizar e presidir as sesións de avaliación.
- Coordinar o proceso de avaliación do alumnado do seu grupo e adoptar a decisión que proceda referente á promoción dun nivel a outro, logo de audiencia dos seus pais ou tutores legais.
- Atender, xunto co resto do profesorado, aos alumnos e alumnas mentres estes permanecen no centro nos períodos de lecer.
- Colaborar co equipo de orientación educativa e profesional do sector nos termos que estableza o mesmo e a xefatura de estudos.
- Colaborar cos demais tutores e titoras no marco dos proxectos educativo e curricular do centro.



- Orientar as demandas e inquedanzas do alumnado e mediar ante o resto do profesorado, alumnado e equipo directivo nos problemas que se presenten.
- Informar ao alumnado do grupo, ás familias e ao profesorado de todo aquilo que lles afecte en relación coas actividades docentes e o rendemento académico, con especial atención aos aspectos e medidas tendentes a facilitar a competencia lingüística dos alumnos e alumnas nas dúas linguas oficiais.
- Facilitar a cooperación educativa entre o profesorado e as familias do alumnado.
- Exercer, de acordo co proxecto curricular, a coordinación entre os demais profesores e profesoras do grupo.
- Cubrir os documentos oficiais relativos ao seu grupo de alumnos e alumnas.
- Controlar as faltas de asistencia ou puntualidade do alumnado, e ter informados aos pais, nais ou titores e á xefa de estudos.
- Fomentar a colaboración das familias nas actividades de apoio á aprendizaxe e orientación dos seus fillos e fillas.
- Aqueloutras que se lle puidesen encomendar para o mellor desenvolvemento da acción tutorial.

5.5.2. Equipos de Ciclo e niveis

Os equipos agruparán a todo o profesorado que impartan docencia nel e encargaranse de organizar e desenvolver, baixo a supervisión da xefa de estudos, as ensinanzas propias do ciclo ou nivel. Serán competencias do equipo:

- Formular propostas ao equipo directivo e ao claustro relativas á elaboración do proxecto educativo e programación xeral anual.
- Formular propostas á comisión de coordinación pedagóxica relativas á elaboración dos proxectos curriculares de etapa ou a modificación deles.
- Manter actualizada a metodoloxía didáctica.
- Elaborar a programación didáctica das ensinanzas que ten encomendadas, seguindo as directrices xerais establecidas pola comisión de coordinación pedagóxica.

Cada un dos equipos estará dirixido por un/ha coordinador/a, que desempeñará as seguintes funcións:

- Dirixir e coordinar as actividades académicas do equipo.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Participar na elaboración do proxecto curricular de etapa e elevar á comisión de coordinación pedagóxica as propostas formuladas a este respecto polo equipo.
- Coordinar as funcións de titoría do alumnado de ciclo ou nivel.
- Coordinar a ensinanza no correspondente ciclo ou nivel de acordo co proxecto curricular de etapa.
- Responsabilizarse da redacción da programación didáctica do ciclo ou nivel.
- Responsabilizarse das actas das reunións e de que se elabore a memoria final de curso.
- Coordinar a organización de espazos e instalacións e velar pola correcta conservación do equipamento específico do equipo.



- Aqueloutras funcións que lle encomende o xefe de estudos na área da súa competencia, especialmente as relativas ao reforzo educativo, adaptación curricular e actividades complementarias.
- Colaborar coa secretaría na elaboración e actualización do inventario do centro.

O profesorado programará a súa actividade docente de acordo coas programacións didácticas do ciclo ou nivel ao que pertencen, incluídas no correspondente proxecto curricular de etapa. No caso de que algún profesor decida incluír na programación da súa actividade docente algunha variación con respecto á programación conxunta do equipo, esta variación, e a xustificación correspondente, incluírase na programación deste, sempre que así o acorde o equipo de ciclo ou nivel, ou, en último caso, a comisión de coordinación pedagóxica.

Os equipos de ciclo e nivel reuniranse todos os *terceiros martes de mes e de 16 a 17 horas* e a asistencia será obrigatoria para tódolos seus membros.

Sen prexuízo das competencias xa enunciadas anteriormente, deberán terse en conta as seguintes:

- Secuenciar os obxectivos mínimos que deberán conseguirse en cada área e ciclo ou nivel educativo.
- Determinar as pautas xerais e procedementos de avaliación que faciliten a coherencia interna de cada área.
- Coordinar e controlar a programación valorando os resultados da avaliación como o mellor procedemento para a revisión permanente da programación.
- Propoñer o material didáctico en función do proxecto curricular.
- Valorar e experimentar métodos e técnicas que permitan unha mellora cualitativa do ensino.
- Elaborar materiais e tecnoloxía propias axeitadas ás áreas e ciclos ou niveis.
- Propoñerlle ao coordinador do equipo de actividades complementarias e extraescolares o programa de actividades para o ciclo ou nivel.

Os membros do equipo de nivel deberán unificar ao máximo os criterios acerca de métodos didácticos, terminoloxía empregada, sistema de avaliación e promoción dos alumnos, co fin de lograr a continuidade da acción durante toda a etapa educativa.

As **programacións didácticas** de infantil e cursos pares de primaria elabóranse na aplicación informática PROENS e incluírán os seguintes aspectos:

1. Introducción.
2. Obxectivos e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias.
3. Relación de unidades didácticas
 - a. En infantil, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporalización.
 - b. En primaria, cos sús secuenciación e temporalización, que incluírán a parte do currículo da área que se traballará e a relación de instrumentos de avaliación
4. Metodoloxía didáctica: concrecións metodolóxicas e materiais e recursos necesarios.
5. A avaliación



- a. En infantil establecerase o procedemento para a avaliación inicial e os criterios de valoración do desenvolvemento e das aprendizaxes do alumnado.
- b. En primaria describiranse a avaliación inicial, os criterios de cualificación e recuperación de materias pendentes.
6. As medidas de atención á diversidade.
7. Elementos transversais: Os elementos transversais e as actividades complementarias e extraescolares.
8. A práctica docente: Procedemento de seguimento e avaliación do proceso e propostas de mellora.

As programacións didácticas dos restantes niveis continuarán recollendo:

1. Introducción e contextualización.
2. Obxectivos establecidos para cada nivel.
3. Contidos.
4. Criterios de avaliación, procedementos e instrumentos de cualificación.
5. Metodoloxía didáctica e as concrecións de cada nivel.
6. Materiais e recursos didácticos que se vaian a utilizar.
7. Medidas de atención á diversidade.
8. Programa de reforzo para a recuperación das materias pendentes de cursos anteriores.
9. Actividades complementarias e extraescolares.
10. Accións previstas de acordo cos plans e proxectos do centro (PDI, proxecto lector, plan de integracións das TICs, Proxecto Lingüístico, Plan de Convivencia...).
11. Criterios para avaliar a propia programación.

5.5.2.1. 2º ciclo de Infantil

Composición - Coordinadora: Carolina Nieto Herránz

- Profesorado recollido na táboa do apartado 5.5.

No DOG do 2 de setembro de 1997 establécense unhas pautas para o Plan de Adaptación para o alumnado de Ed. Infantil que se incorpora por primeira vez ao centro, que este ano segundo a *ORDE do 20 de maio de 2022* non se prolongará máis alá do día 16 de setembro de 2022.

Estratexias para programar o período de incorporación á escola

Consideramos a adaptación como un proceso natural no neno/a, motor do seu desenvolvemento cognitivo e afectivo que supón a reestruturación dos esquemas internos e da construción da realidade.

Supón un proceso ao que o neno/a non chega por si mesmo, se non que o propiciamos os adultos, mais os nenos/as a partir dos tres anos amosan un interese polo que a escola representa.

Supón a separación do ambiente familiar e ten lugar dun xeito brusco, rompendo o seu rol e pasando a un medio de iguais, cunha figura de adulto nova, o mestre/a. A familia moitas veces, vive o proceso con ansiedade, van deixar o seu/súa fillo/a con persoas que en boa medida descoñecen (como será tratado, aceptado, admitido seu fillo/a).

Ademais das circunstancias familiares, hai que ter en conta as características persoais de cada neno/a: ritmo, características e historia persoal e familiar, lugar de procedencia (rural, urbano, disperso, concentrado...),



seguridade, inseguridade, autonomía, dependencia..., polo que hai que artellar as estratexias axeitadas para que o proceso sexa vivido desde a diversidade.

Consideramos a incorporación á escola como un proceso progresivo e dilatado no tempo, para que pouco a pouco se vaian introducindo os elementos novos. A clave fundamental para conseguir unha boa adaptación é o acercamento progresivo da institución escolar ao ámbito familiar, para que o neno/a e a escola sexan algo próximo desde sempre.

Por todo isto pensamos que é necesario programar a incorporación a través dunha serie de estratexias para que no seo familiar exista unha carga informativa positiva, xa que todas as informacións previas acerca da escola condicionarán a incorporación escolar. Considerando todo o exposto imos enunciar as estratexias básicas para este programa:

- Colaboración activa por parte da familia. Hai que acadar unha participación dos pais/nais na educación dos/das seus/súas fillos/as na escola.
- A incorporación debe ser un proceso paulatino e dilatado no tempo. Os/as nenos/as desde que formalizan a matrícula no colexio para o seguinte curso, poden asistir dunha maneira máis regular a coñecer o centro, participar en actividades da aula, familiarizarse cos/coas mestres/as,...
- Intentarase recoller a maior parte de información que nos permita adecuar o proceso ao ritmo e características persoais de cada un. A entrada dos distintos nenos/as debe facerse dun xeito gradual.
- As actividades que levaremos a cabo durante o proceso deben ser favorecedoras do proceso, coñecemento do espazo, dependencias e materiais, de socialización e de interese por participar no grupo.
- Os agrupamentos realizaranse dunha forma flexible respectando, na medida do posible, os intereses de cada neno/a (estar cun veciño, amigo...).
- Por último, resaltar que a colaboración entre pais/nais e mestres/as condicionarán a relación para toda a etapa da Ed. Infantil.

Fases do programa

FASE 1: DÍAS 8 E 9 DE SETEMBRO - Por quendas de 10 ou 11 nenos/as (segundo o número de alumn@s), virán aocentro acompañados dun familiar:	
XOVES 8: Primeiro grupo de alumn@s co seu acompañante. Horario: • 4º a: Ás 10:30 h. • 4º b: Ás 10:45 h. • 4º c: Ás 11:00 h.	VENRES 9: Segundo grupo de alumn@s co seu acompañante. Horario: • 4º a: Ás 10:30 h. • 4º b: Ás 10:45 h. • 4º c: Ás 11:00 h.
FASE 2: DÍAS 12 e 13 DE SETEMBRO - Os dous grupos de cada aula xa virán xuntos. O alumnado estará 2 horas no centro. Horario:	
• 4º a: De 9:30 h. – 11:30 h • 4º b: De 09:45 h. – 11:45 h • 4º c: De 10:00 h. – 12:00 h	
FASE 3: DÍAS 14, 15 e 16 DE SETEMBRO- Os dous grupos de cada aula virán xuntos. O alumnado estará 3 h no Centro. Horario:	
• 4º a: De 09:30 h. – 12:30 h • 4º b: De 09:45 h. – 12:45 h • 4º c: De 10:00 h. – 13:00 h	



Os días correspondentes ás fases 2 e 3 o alumnado entrará na escola sen acompañante. Durante todo o período de adaptación, as entradas e saídas do alumnado de 3 anos efectuaranse pola porta principal do edificio de Infantil.(onde esta o conserxe) Dende o luns 19 de setembro, o alumnado xa virá en horario completo de 9'00h a 13'45 h. As entradas e saídas pasarán a realizarse segundo o protocolo establecido empregando o portalón de acceso ao patio cuberto e o portal da rampla.

Recollida de información

Durante todo o período, ten moita importancia a información recollida sobre o/a neno/a e a súa familia, hai información que teremos que solicitarlles, pero outra debemos conseguila mediante a observación directa.

Algúns aspectos de especial interese para observar son :

- a chegada
- a relación cos espazos
- a relación cos outros nenos e nenas
- a relación cós adultos
- da familia: relación co adulto acompañante, actitude do adulto, se chama a atención...
- da escola: relación co/coa mestre/a, se chama a atención...

Avaliación do proceso

Coa información acadada na avaliación do proceso imos valorando o grao de adaptación e cando o podemos dar por finalizado. Para o conxunto do grupo, isto ven sucedendo a principios de outubro.

Debemos ter en conta que durante o proceso de incorporación pretendemos que o neno/a chegue a ter interese pola escola e que nela se sinta a gusto.

5.5.2.2. Educación primaria:

- **1º nivel:**

Composición: - Coordinadora: Leticia Barral Seijas

- Titores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os

- especialistas: José Luis Veloso Blanco, Amaya Tamara García Rial, Bárbara Liseth García Guzmán

- **2º nivel:**

Composición: - Coordinadora: M^a Belén Vázquez Freire

- Titores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os

- especialistas: Juan Ángel García Yáñez, Miguel M^a Varela Pereira, Rocío Pardo Couceiro.

- **3º nivel**

Composición: - Coordinadora: José Ángel Galán Rodríguez

- Titores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os

- especialistas: Juan Ángel García Yáñez, J. Ángel Díaz Bautista, J. Ángel



Galán Rodríguez.

• **4º nivel**

Composición: - Coordinadora: Ricardo Pereira Ayude

- Tutores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os
- especialistas: Mercedes González, Ana Mª Villanueva Santos, Susana González Vázquez

• **5º nivel**

Composición: - Coordinadora: Sonia Bermúdez Meijide

- Tutores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os
- especialistas: Mª José Espiñeira Ruzo, Ana Fernández Martínez, David Monzo Seoane, Silvia Mª Fernández Castrillón.

• **6º nivel**

Composición: - Coordinadora: Belén López Carro

- Tutores/as recollidos no cadro do apartado 5.5 e os
- especialistas: Ana Mariño Santiago, Ruth Salgado Travanca

5.8.3. Comisión de Coordinación Pedagóxica

Composición:

DIRECTOR: Alejandro Sánchez Amado

ORIENTADORAS: Manuela Domínguez
Ana Mariño Santiago

XEFA DE ESTUDOS: Mª Luisa Martínez Duarte

C. 2º CICLO EI: Carolina Nieto Herranz

1º NIVEL EP: Leticia Barral Seijas

2º NIVEL EP: Mª Belén Vázquez Freire

3º NIVEL EP: J. Ángel Galán Rguez.

4º NIVEL EP: Ricardo Pereira Ayude

5º NIVEL EP: Sonia Mª Bermúdez Meijide

6º NIVEL EP: Belén López Carro

P. TERAPÉUTICA: Silvia Mª Fdez Castrillón

José A. Galán Rodríguez

Silvia Neira Varela

Bárbara L. García Guzmán

Ruth Salgado Travanca

AUDICIÓN E LING.: Rocío Pardo Couceiro (Secret.)

Susana Glez. Vázquez

Mª Fernanda Lucas Castrillón

COORDINADORA EDL: Noelia Pedreira Díaz

COORD. BIBLIOTECA: Yolanda Martínez Redondo

COORD. EACE: Mª Begoña Fdez. López

Correspóndenlle as seguintes competencias:

- Elevar propostas ao claustro co fin de establecer os criterios para a elaboración dos proxectos curriculares.
- Velar para que a elaboración dos proxectos curriculares de etapa e o plan de acción tutorial se realice conforme os criterios establecidos polo claustro.
- Asegurar a coherencia entre o proxecto educativo do centro, os proxectos curriculares de etapa e a programación xeral anual.



- Establecer as directrices xerais para a elaboración das programacións didácticas dos equipos de nivel e do plan de acción tutorial, así como das adaptacións curriculares e dos programas de diversificación curricular incluídos no proxecto curricular.
- Propoñer ao claustro de profesores os proxectos curriculares para a súa aprobación.
- Velar polo cumprimento e posterior avaliación dos proxectos curriculares de etapa.
- Canalizar as necesidades de formación do profesorado cara ao centro de Formación Continuada do Profesorado.
- Realizar, de ser o caso, a proposta á xefatura de estudos co fin de que se designe o responsable do equipo de actividades complementarias e extraescolares.
- Propoñer o profesorado que deberá formar parte do equipo de normalización lingüística.

Os días establecidos para manter as súas reunións serán os **segundos martes de mes de 16 a 17 horas** e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias; das devanditas sesións levantará acta o secretario co resumo do tratado. Deseñará as directrices xerais para a elaboración e revisión do proxecto curricular, así como o calendario de actuacións.

5.5.4. Equipo de Dinamización da Lingua Galega

Composición:

COORDINADORA: Noelia Pedreira Díaz (5º/6º)

XEFA DE ESTUDOS: Mª Luisa Martínez Duarte

MEMBROS EDL: Montserrat Suárez García (inf)
Cristina Sánchez Veiga (1º/2º)
Mª Josefa Rodríguez Pena (3º/4º)

COLABORADORAS:

Esperanza Bouza Bedoya
Mª Sol Suárez Castiñeira
Mª Inés Barreiro García
Mª Mar Toral Garrido
Mª Jesús Ares Sánchez

Serán competencia do equipo de dinamización da lingua:

- Presentar, a través do claustro, propostas ao equipo directivo para a fixación dos obxectivos de dinamización lingüística que se incluírán no proxecto educativo de centro.
- Propoñer á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan xeral para o uso do idioma, no cal se deberá especificar, cando menos:
 - Medidas para potenciar o uso da lingua galega nas actividades do centro.
 - Proxectos tendentes a lograr unha valoración positiva do uso da lingua propia e a mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.
- Propoñerlle á comisión de coordinación pedagóxica, para a súa inclusión no proxecto curricular, o plan específico para potenciar a presenza da realidade galega, cultura, historia, xeografía, economía, etnografía, lingua, literatura, arte, folclore, etc. no ensino.
- Elaborar e dinamizar un plan anual de actividades tendentes á consecución dos obxectivos incluídos nos plans anteriores.



- Presentar para a súa aprobación no consello escolar o orzamento de investimento dos recursos económicos dispoñibles para estes fins.
- Aqueloutras funcións que a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria preveña na súa normativa específica.

Serán competencia da coordinadora:

- Colaborar na elaboración dos proxectos curriculares de etapa.
- Responsabilizarse da redacción dos plans que han de ser propostos á comisión de coordinación pedagóxica.
- Convocar e presidir as reunións do equipo.
- Responsabilizarse da redacción das actas de reunión, así como da redacción da memoria final de curso, na que se fará unha avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria do centro.
- Proporcionarlles ós membros da comunidade educativa información sobre as actividades do equipo e de todos aqueles actos e institucións culturais relacionados coa realidade galega.

O equipo de dinamización da lingua reunirse os *primeiros martes de mes e de 16 a 17 horas* e realizará unha sesión extraordinaria ao comezo do curso e outra ao finalizar este, así como cantas outras se consideren necesarias, levantando acta a coordinadora.

5.5.5. Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares. Plan de actividades

Composición:

COORDINADORA:

M^a Begoña Fernández López

MEMBROS EACE:

Sonia Saavedra Miño

Ana Rilo Prieto

Alba Sampedro López

Fátima Gómez carballido

Marta Miramontes Penas

Irene Cal Rodríguez

Natalia Ucha Sánchez,

Ivana Rodríguez Darriba

Ana M^a Fernández Martínez

Terán carácter de complementarias aquelas actividades didácticas que se realizan co alumnado en horario lectivo e que, formando parte da programación, teñen carácter diferenciado polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Así cabe considerar as visitas, traballos de campo, viaxes de estudo, conmemoracións e outras semellantes. A participación do alumnado nelas é obrigatoria e requirirá autorización previa por escrito das familias ou titor/as sempre que se desenvolvan fóra da localidade. No suposto de que esta non sexa outorgada, a dirección arbitrará a forma máis conveniente para atender ao alumnado que non participe nelas.

Teñen carácter de extraescolares aquelas que, sendo organizadas polo centro e figurando na programación xeral anual, aprobada polo consello escolar, se realizan fóra de horario lectivo. A participación nelas será voluntaria. O equipo de actividades complementarias e extraescolares encargárase de promover, organizar e facilitar este tipo de actividades. A xefa do equipo de actividades complementarias e extraescolares actuará



baixo a dependencia directa da xefa de estudos e en estreita colaboración co equipo directivo, e terá, entre outras, as seguintes funcións:

- Elaborar o programa anual destas actividades para o que se terán en conta as propostas dos equipos de ciclo, do profesorado e das familias e as orientacións do claustro e da comisión de coordinación pedagóxica.
- Programar cada unha das actividades especificando obxectivos, responsables, momento e lugar de realización, repercusións económicas e forma de participación do alumnado.
- Proporcionarlles ao alumnado e ás familias a información relativa ás actividades do equipo.
- Promover e coordinar as actividades culturais e deportivas en colaboración co claustro, a comisión de coordinación pedagóxica, os equipos de ciclo e a asociación de pais e nais.
- Coordinar a organización dos intercambios escolares e calquera tipo de viaxes que se realicen co alumnado.
- Distribuír os recursos económicos destinados para o efecto, procedentes de achegas de institucións, asociacións ou do propio centro, logo de aprobación polo consello escolar.
- Elaborar unha memoria final de curso coa avaliación das actividades realizadas que se incluírá na memoria de centro.
- Presentar propostas ao equipo directivo para a realización e intercambio de actividades cos centros do seu contorno.

Para o desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares que se realicen fóra da localidade onde está situado o centro, deberase contar cos seguintes requisitos:

- a) Aprobación do consello escolar.
- b) Autorización escrita dos pais ou titor legal.
- c) Os alumnos e alumnas serán acompañados polo profesorado correspondente na proporción dun profesor ou profesora por cada unidade.

O centro facilitará e promoverá a participación dos distintos sectores da comunidade educativa tanto a título individual como a través das súas asociacións e os/as seus/súas representantes no consello escolar, na selección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

O centro, coa aprobación do consello escolar, poderá establecer convenios de colaboración con asociacións culturais ou entidades sen ánimo de lucro para o desenvolvemento de actividades extraescolares e complementarias. Estes convenios deberán ser autorizados polo xefe territorial da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, director xeral de Centros e Inspección Educativa ou conselleiro de Cultura, Educación Universidade, segundo teñan incidencia provincial, autonómica ou estatal.

A administración local poderá colaborar co centro para impulsar as actividades extraescolares e complementarias e promover a relación entre a programación do centro e o contorno socioeconómico no que este desenvolve o seu labor.

Cando, excepcionalmente, se organicen actividades complementarias ou extraescolares non previstas na programación xeral anual, será necesario a súa aprobación polo equipo directivo, tras o informe favorable, de ser o caso, do equipo destas actividades, dando conta ao Consello Escolar na reunión seguinte que se celebre. Cando estas actividades impliquen modificacións do período lectivo do calendario escolar requirirán, ademais, a autorización do xefe territorial da Consellería de Educación e ordenación universitaria.



O equipo de actividades complementarias e extraescolares reunirse os *cuartos martes de mes e de 16 a 17 horas*, levantando acta das mesmas a xefa do EACE co resumo do tratado.

Plan anual de actividades complementarias e extraescolares

Un centro educativo, non limita as súas actividades ás estritamente académicas, tamén da cabida a outras que proporcionan, tanto aos alumnos como ao profesorado, diferentes experiencias e situacións de aprendizaxe.

Unha educación de calidade responde ás novas demandas sociais de modo eficaz e proporciona un incremento da calidade de vida, pero tamén igualdade, xustiza e oportunidades para todos.

As actividades complementarias e extraescolares contribúen de xeito importante ao logro dunha formación plena e integral do alumnado e ao desenvolvemento integral da súa personalidade, a completar a súa formación académica e á adquisición de valores e actitudes, coma a tolerancia e o respecto; polo tanto, contribúen ao desenvolvemento das competencias clave, melloran a convivencia e constitúen un campo específico para a iniciativa e a capacidade organizativa do centro ao mesmo tempo que permiten e incentivan a participación doutros membros da Comunidade educativa.

Considéranse actividades complementarias as organizadas durante o horario escolar polos centros, de acordo co seu proxecto educativo e que teñen un carácter diferenciado das propiamente lectivas, polo momento, espazo ou recursos que utilizan. Nestas actividades debe participar o conxunto dos alumnos do grupo, nivel ou etapa para o que sexan programadas.

A maioría das actividades complementarias e extraescolares programadas para o presente curso académico en todos os niveis van ter unha motivación común: a procura de información para participar no Proxecto Documental Integrado presentado dende a biblioteca do centro e a posta en marcha dunha cadea de transmisión de coñecementos entre as diferentes ensinanzas (infantil e primaria) e niveis.

As actividades deben ter o seu lugar dentro da vida do Centro, integrándose axeitadamente no conxunto das actividades educativas e facilitando a participación dos diferentes sectores da comunidade escolar na elección, organización, desenvolvemento e avaliación das actividades complementarias e extraescolares.

As citadas actividades serán propostas polos equipos de nivel ou departamentos didácticos, de conformidade cos criterios establecidos polo Consello Escolar e despois de informar a todos os implicados xa que se está partindo dunha proposta global.

O profesorado dos grupos, niveis ou etapa a quen van dirixidas cada unha das actividades é o responsable das mesmas; encargándose da súa planificación, acompañamento e avaliación.

Todas as actividades complementarias deben ser incluídas na Programación Xeral Anual do centro e ser aprobadas polo Consello Escolar.

As actividades complementarias que se introduzan ao longo do curso requirirán, así mesmo, a aprobación do Consello Escolar e serán comunicadas á inspección educativa.

O Centro contará con actividades que impliquen a todo o alumnado, coordinadas polos diferentes equipos conxuntamente: Día da Discapacidade, Nadal, Día da Paz, Entroido...que figuran dentro do P.D.I

Teñen o carácter de actividades extraescolares as encamiñadas a potenciar a apertura do centro ao seu entorno e procurar a formación integral do alumnado. As actividades extraescolares realizaranse fóra do horario lectivo, terán carácter voluntario para o alumnado e buscarán a implicación activa de toda a comunidade educativa.



As actividades extraescolares e complementarias serán, polo tanto, un instrumento para potenciar valores e actitudes necesarios para a convivencia: **tolerancia, solidariedade, responsabilidade...** e favorecen a socialización, cooperación e sentimento de pertenza ao grupo

Xustificación

As actividades complementarias e extraescolares constitúen un factor enriquecedor na formación do alumnado xa que contribúen a :

- Ampliar a súa formación.
- Formar diferentes facetas da súa personalidade.
- Facilitar as relacións entre todos os membros da comunidade educativa.
- Involucrar ao alumno no seu proceso educativo e desenvolver o seu espírito crítico
- Analizar e sintetizar os procesos das Ciencias Naturais mediante a observación directa.
- Practicar actividades deportivas no medio natural.
- Coñecer directamente os logros das novas tecnoloxías.
- Desenvolver e potenciar os valores de solidariedade e colaboración social.
- Favorecer o respecto e a tolerancia á diversidade de culturas e crenzas.
- Contribuír ao desenvolvemento cultural do entorno.
- Valorar as diversas manifestacións da arte (teatro, pintura, arquitectura, música, etc.) e a cultura tradicional de nosa comunidade.
- Lograr a súa implicación en diferentes ámbitos como: cultura, medio ambiente, ciencia.
- Promover na Comunidade Educativa o sentido da responsabilidade e a colaboración.
- A planificación das actividades complementarias e extraescolares pode reforzar o desenrolo do conxunto das competencias básicas.

Tendo todos estes puntos en conta podemos agrupar as actividades en varios bloques :

- Actividades físicas e deportivas: xogos e deportes tradicionais; saídas ao entorno máis próximo en espazos específicos ou ao aire libre.
- Actividades de promoción da saúde: charlas e/ou obradoiros de prevención de drogo dependencias e da COVID-19; de nutrición, alimentación e hixiene; prevención de riscos, reciclaxe, charlas sobre o medio ambiente... ofertados polo Concello ou por asociacións colaboradoras sen ánimo de lucro (CEIDA, Fundación Eroski, Fundación Mapfre, Cruz Vermella, Aspace, Seprona, Garda Civil, Bombeiros, Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo ..).
- Actividades artísticas: danzas e bailes, formación musical: canto e instrumental; teatro, dramatización, expresión corporal, obradoiros , concertos didácticos, etc.
- Actividades de biblioteca e técnicas de estudo: conta contos, talleres de animación á lectura, participación no Programa Prensa Escola, formación de usuarios da biblioteca, sesións para mellorar rendemento escolar... etc.
- Excursións Instrutivas / Educativas ou recreativas: visitas a unha cidade, un museo, lugares con historia o un contacto coa natureza.
- Actividades de informática e medios audiovisuais: uso de Internet, mellora de competencia dixital... etc.
- Actividades de comunicación en linguas estranxeiras.
- Actividades de participación da Comunidade Educativa: actos, xornadas e celebracións.



- Actividades de orientación e colaboración con outros centros educativos.

Criterios xerais

- Os obxectivos das actividades terán en conta os obxectivos xerais do centro.
- Os obxectivos das actividades estarán integrados na programación docente do nivel e contribuirán ao mellor desenvolvemento da mesma.
- Programaranse ao comezo do curso e, en calquera caso, serán aprobadas polo Consello Escolar. Os titores informarán aos pais e nais sobre as actividades complementarias a realizar.
- Os agrupamentos virán determinados pola situación sanitaria e, quedan restrinxidos nas actividades a realizar no Centro, aos grupos aula, agrupamentos estables de convivencia, e seguindo as pautas establecidas para asegurar unha seguridade máxima, determinados pola distancia mínima interpersoal, aforo e medidas de ventilación e desinfección axeitadas
- As actividades que se realicen fóra do centro poderán levarse a cabo respectando a normativa vixente no momento de realizalas, prestando especial atención ao aforo e as medidas de hixiene.
- Por tratarse de actividades que favorecen o desenvolvemento das competencias clave, procurarase que todas as actividades programadas sexan participativas e inclusivas. O Centro farase cargo do custo da actividade dun alumno no caso de que este non poida realizala por problemas económicos.
- Recoméndase limitar as actividades fóra do Centro na medida do posible no primeiro trimestre. Este criterio é flexible no caso das actividades cuxa programación dependa dos lugares ou acontecementos a visitar.
- Prever coa suficiente antelación as saídas que se consideren oportunas.
- Recoméndase aproveitar os recursos da localidade, preferentemente ao aire libre e o uso de medios telemáticos cando sexa posible.
- Os titores comunicarán ás familias as saídas que vaian realizar.
- Coordinaranse as comunicacións a través de e-mail, whatsapp á coordinadora ou a través dos representantes de nivel no EACE.
- Exporase mensualmente a relación de actividades con toda a información na secretaría do centro e na páxina webb do centro.
- É imprescindible que os titores, na semana anterior ás saídas comprobren, xestionen e confirmen o necesario para as mesmas.
- De cada actividade elaborárase un Proxecto Económico, que deberá ser entregado na secretaría do centro.
- Promoverase o coidado do medio ambiente coa reciclaxe, re utilización e redución de residuos.
- Terase en conta a atención á diversidade na programación e desenvolvemento de actividades.
- Solicitarse ao Concello de Betanzos información detallada e con suficiente anterioridade das actividades ofertadas para poder participar nelas.
- Todos os niveis colaborarán nas actividades propostas polos equipos e departamentos existentes no centro.

Poderán incorporarse ao longo do curso, de xeito excepcional, determinadas actividades complementarias, a proposta dos equipos de nivel, que se consideren axeitadas e beneficiosas para o desenvolvemento da programación .



Esta excepción xustifícase porque é habitual que se reciban, unha vez realizada a planificación de actividades, novas propostas.

Obxectivos xerais

As actividades complementarias e extraescolares contribúen a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, favorecen a capacidade de aprender por si mesmo e prográmanse en función da consecución dos seguintes obxectivos :

- Ser complemento fundamental do proceso de ensino-aprendizaxe desenvolvido na aula.
- Favorecer a observación directa de diferentes procesos naturais e sociais.
- Promover o traballo de expresión, tanto de forma oral como escrita, de coñecementos ou opinións.
- Colaborar na aprendizaxe da realidade social, cultural e lingüística doutras culturas.
- Favorecer as habilidades de expresión plástica e dramática, así como valorar todas as manifestacións artísticas.
- Colaborar con outras institucións tanto locais como rexionais, así como con organizacións culturais e deportivas sen ánimo de lucro.
- Programar actividades que favorezan as relacións persoais e de grupo, así como a inserción social.
- Favorecer o respecto e tolerancia ante a diversidade de culturas, crenzas, razas e pobos.
- Promover o interese e respecto polo entorno natural e o medio ambiente.
- Fomentar o interese polas actividades que o alumnado poida incorporar ao seu tempo de lecer.
- Favorecer o desenvolvemento persoal dos alumnos e alumnas e o seu acceso ao patrimonio cultural.
- Ofertar, informar, orientar e coordinar as posibles actividades educativas.
- Aproveitar os medios tecnolóxicos: DVD, vídeo, cámara fotográfica, lousa dixital, webb do centro..., para fomentar o interese polas distintas actividades e o aproveitamento posterior destas.
- Coordinar as actividades co ENDL, Equipo de Biblioteca, Departamento de Orientación, así como cos Equipos de nivel.
- Manter informada á comunidade educativa das actividades a través da páxina webb do centro.

Actividades

As actividades ofertadas ao longo do curso estarán numeradas, clasificadas e catalogadas no arquivo do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares.

O EACE elaborará as correspondentes *autorizacións* para todas as actividades complementarias e extraescolares contempladas na presente PXA, que serán asinadas polos pais, nais ou titores/as legais do alumnado. Para todas aquelas que poidan xurdir ao longo do ano académico e non estean contempladas na presente PXA, actuarase segundo o disposto anteriormente. En ambos os casos, a totalidade dos membros da comunidade educativa afectados, recibirán, en tempo e hora, a puntual e pormenorizada información.

Durante o curso escolar celebraranse, como mínimo, as seguintes conmemoracións, recollidas na *ORDEN do 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia*.



Mes	Día	Comemoración
Novembro	20	Día Universal da Infancia.
	25	Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
Decembro	30 nov. ao 7 dec.	Constitución e do Estatuto de autonomía de Galicia.
	3	Día Internacional das Persoas con Discapacidade.
	10	Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
Xaneiro	24	Día Internacional da Educación.
	30	Día Escolar da non Violencia e da Paz
Marzo	8	Día Internacional da Muller.
	15	Día Mundial dos Dereitos do Consumidor
	Do 6 ao 10	Semana da Prensa
Abril	1	Día das Artes Galegas.
	7	Día Mundial da Saúde.
	Do 17 ao 21	Semana do Libro
Maio	2	Día Internacional contra o acoso Escolar.
	9	Día de Europa.
	Do 15 ao 19	Semana das Letras Galegas.
Xuño	5	Día Mundial do Ambiente.

INFANTIL	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
4º	Saídas pola contorna.	Saídas pola contorna.	Visita Museo Belas Artes.
5º	Saídas pola contorna.	Saídas pola contorna.	Saída granxa.
6º	Saída granxa	Visita Museo Belas Artes.	Excursión a Marcelle. Lugo

(6º) Obradoiro “Estimulación da linguaxe oral” En sesións de 20 minutos, unha vez á semana, impartido pola mestra de apoio do nivel. O seu desenvolvemento reflíctese na programación do Departamento de Orientación.

PRIMARIA	1º Trimestre	2º Trimestre	3º Trimestre
1º	Visita ao Planetario	Visita ao Muncyt	Casa Grande de Xanceda
2º	Visita á depuradora.	Visita ao casco histórico	
3º	Roteiro da auga	Coñece o casco histórico	Visita ao mercado . Panadaría
4º	Participaremos nas actividades complementarias e extraescolares que propoña o Concello, os distintos equipos do centro ou que se programen na contorna e que consideremos apropiadas para o nivel.		
5º	Visita a Mariñán Plan director (garda civil)	Visita a Sargadelos	Museo de Belas Artes
6º	Visita a Sotavento comunicación	Depuradora	Ruta Betanzos Centro científico, cultural ou de Saída centro ocio fin de curso



5.5.6. Equipo TIC. Proxecto

Compoñentes:

Coordinador: Paz Rey, Alberto

EI: Naya López, Eva

Veloso Blanco, José Luís

Fariñas Sanjurjo, M^a de las Virtudes

Crespo Pérez, M^a Francisca (Substituída por
Sandra Roo)

EP: Sánchez Varela, Belén

Díaz Bautista, José Ángel

Varela Pereira, Miguel M^a

García Yáñez, Juan Ángel

Villanueva Santos, Ana

Fernández Seijo, Antonia

González López, Mercedes

Introdución

Un dos obxectivos da Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa, LOMCE, para Educación Primaria é “Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran”.

E tal como se insiste na Lei Orgánica para a modificación da Lei Orgánica de Educación, LOMLOE, sobre a necesidade de ter en conta o cambio dixital que se está producindo nas nosas sociedades e que forzosamente afecta á actividade educativa. O desenvolvemento da competencia dixital non supón soamente o dominio dos diferentes dispositivos e aplicacións. O mundo dixital é un novo hábitat no que a infancia e a mocidade viven cada vez máis: nel aprenden, relaciónanse, consomen, gozan do seu tempo libre. Co obxectivo de que o sistema educativo adopte o lugar que lle corresponde no cambio dixital, incluíndo a atención ao desenvolvemento da competencia dixital dos e as estudantes de todas as etapas educativas, tanto a través de contidos específicos como nunha perspectiva transversal, e facendo fincapé na fenda dixital de xénero.

As Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC) teñen un gran impacto social, estando nunha etapa dominada polas telecomunicacións: *a sociedade da información e o coñecemento*.

Este avance social, que ten como motor principal as TIC, obriga aos centros educativos a manterse alerta ante os cambios que se producen en tódalas ordes da vida que, ademais, afectan ao obxectivo central do sistema educativo, a creación e a transmisión da *información e do coñecemento*.

As novas tecnoloxías son un elemento de mellora na Calidade do Ensino que posibilitan o acceso á información tanto ao profesorado como ao alumnado, polo que debemos aproveitar os avances tecnolóxicos co fin de conseguir un ensino de maior calidade.

O ordenador e demais recursos TIC deben introducirse nas aulas dende Educación Infantil con naturalidade, como unha ferramenta de traballo máis, sen esperar del a solución a tódolos problemas. A interacción que nos ofrecen os distintos medios tecnolóxicos, pizarra dixital, ordenador... proporcionan un elemento motivador considerable.

Neste curso 2022/2023, comeza a posta en acción do Plan Dixital de centro. Así mesmo continúaase no proxecto Abalar e no Proxecto E-Dixgal, nos niveis de 5º e 6º de Educación Primaria, once aulas con todo o equipamento, dotación e recursos TIC necesarios.

A abundancia de recursos das novas tecnoloxías permítennos axudar de forma amena, divertida e estimulante aos alumnos con Necesidades Específicas de Apoio Educativo (NEAE), así como contribuír a compensar posibles carencias e desaxustes que poida haber no alumnado por motivos familiares, sociais ou culturais.



Obxectivos

Obxectivos xerais

- Implantar o uso das TIC como unha ferramenta de traballo no proceso ensino aprendizaxe, e coñecer os seus usos básicos e as súas posibilidades para a Comunidade Educativa.
- Continuar no CEIP Vales Villamarín co Proxectos E-Dixgal e Abalar.
- Iniciar e desenvolver o Plan Dixital de Centro

Obxectivos para o profesorado

- Estimular ao profesorado para que introduza as TIC na súa práctica docente.
- Promover o perfeccionamento e actualización do profesorado nas TIC, como base fundamental para o desenvolvemento dos proxectos.
- Potenciar o emprego da informática como ferramenta de traballo cotiá na aula: programacións, fichas, actividades TIC,...
- Intercambiar coñecementos e experiencias a través de Internet.
- Promover a busca de información a través de Internet.
- Adquirir o coñecemento básico do emprego seguro da tecnoloxía
- Favorecer a asistencia á Aula de Informática por parte do profesorado coa súa titoría.
- Promover a aprendizaxe das posibilidades e dos recursos do Proxecto Abalar.
- Utilizar os recursos que proporciona o Proxecto Abalar.
- Desenvolver o proxecto E-Dixgal en 5º e 6º nivel de Educación Primaria.
- Colaborar na dinamización da páxina web do centro.
- Solucionar os problemas técnicos máis comúns que xorden nos equipos informáticos.
- Fomentar o uso do correo electrónico como medio de comunicación da comunidade educativa.
- Coñecer o funcionamento das Aulas Virtuais como ferramenta no ensino.

Obxectivos para o alumnado

- Facilitar ao alumnado un instrumento atractivo para adquirir e afianzar coñecementos.
- Utilizar a pizarra dixital como recurso para reforzar contidos curriculares.
- Aprender o manexo básico do sistema operativo, os programas que se van utilizar na aula, navegación por Internet, correo, etc.
- Potenciar o uso do ordenador como un medio de aprendizaxe.
- Desenvolver estratexias para a busca, selección e organización da información.
- Proporcionar estratexias para o emprego seguro das tecnoloxías ao alumnado de 3º a 6º de EP
- Facilitar o emprego das TIC na atención das NEAE.
- Fomentar o uso dos medios informáticos como forma de romper coas desigualdades sociais.
- Potenciar a utilización dos recursos á disposición do colexio polo Proxecto Abalar.
- Dotar ao alumnado de 5º e 6º de Educación Primaria de estratexias e habilidades no uso da plataforma EVA e dos distintos libros dixitais.



- Dotar ao alumnado Educación Primaria de estratexias e habilidades no uso da Aula Virtual do centro.

Obxectivos en relación á comunidade educativa

- Potenciar a expresión e a participación de toda a Comunidade Educativa nas actividades do Centro: web, blogs...
- Favorecer o uso do Abalar móbil como canle de comunicación profesorado-familias.
- Mellorar a competencia dixital das familias en relación ao AbalarMobil
- Integrar progresivamente a comunidade educativa no Espazo Abalar.
- Dar a coñecer a plataforma EVA e o Proxecto E-Dixgal ás novas familias que se incorporan ao programa e ao centro.

Organización

Debe ser un proxecto global do centro, polo que, afecta ao profesorado, ao alumnado e, en xeral, á comunidade educativa, así como a espazos comúns e aos horarios. O proxecto require un coordinador con tempo suficiente de dedicación semanal para levar a cabo as súas tarefas con eficacia, cuns profesores que se impliquen e que vaian adquirindo autonomía progresivamente, e con recursos suficientes que o fagan operativo.

Funcións do coordinador

- Planificar, organizar e xestionar os medios e recursos de que dispón o centro.
- Xestionar a revisión dos distintos equipos informáticos e actualizalos.
- Supervisar a instalación, configuración e desinstalación do software educativo.
- Promover e dinamizar as actividades de formación relacionadas coas Novas Tecnoloxías e co Proxecto Abalar.
- Inventariar os recursos dispoñibles no centro, tanto en Infantil coma en Primaria, para a súa utilización.
- Participar na xestión do orzamento asignado ao proxecto e velar pola súa utilización ao servizo dos fines do proxecto.
- A actualización e mantemento da páxina web. (En conxunto coa coordinadora precedente e/ou profesorado colaborador) .

Horario

A Xefa de Estudos e o coordinador TIC elaborarán o horario para o uso dos espazos e os recursos. Unha vez feito comunicáraselle aos titores e resto do profesorado.

Metodoloxía

Con carácter xeral.



- Coñecemento previo a calquera actividade con nenos e as nenas do funcionamento da aula: aparellos, conexións, etc.
- Ao remate da actividade, o profesorado é responsable de que a aula quede recollida, os equipos apagados e todo disposto para volver a ser utilizada novamente.

Antes de realizar a actividade na aula.

- O profesorado debe coñecer os programas cos que vai traballar e o contido dos mesmos.
- Practicar os programas a desenvolver antes de ir cos alumnos e as alumnas.

Na aula.

- Presenza directa do profesor ou da profesora.
- Facer fincapé nos hábitos básicos: acender e apagar o ordenador, uso axeitado do rato e o teclado, etc.
- Acostumar ao alumnado a tratar correctamente o material e deixar recollida a aula.
- Explicarlle á clase a actividade que se vai a facer e o traballo que van levar a cabo.

Ao finalizar a sesión.

- Recoller a aula, deixar tódolos equipos desconectados e todo listo e preparado para a próxima utilización da mesma.
- Comunicar ao coordinador TIC, as posibles incidencias que puido haber no material co fin de amañalo o antes posible.

Contidos

Con respecto ás novas tecnoloxías

Coñecemento do manexo do software empregado na aula.

Coñecemento do hardware.

- As partes básicas do ordenador.
- Coñecer as posibilidades da informática e as súas aplicacións na vida cotiá.
- Desenvolver actividades de educativas, ocio,...

Criterios a ter en conta con respecto ás áreas do currículo

- Empregar a tecnoloxía na procura de información para o desenvolvemento de proxectos e actividades na aula.
- Iniciarse no coñecemento do mundo próximo.
- Actividades de apoio aos contidos que se están a traballar.
- Apoiar no desenvolvemento das destrezas fundamentais (lectura, escritura, cálculo, expresión).
- Afianzar aspectos espaciais e temporais.
- Perfeccionar as aprendizaxes fundamentais.
- Creación de textos e corrección.
- Cálculo mental e manual.



- Actividades de resolución de problemas.
- Elaborar presentacións con distintos medios tecnolóxicos.
- Comunicación con outros compañeiros a través de Internet, chats,...

Actividades durante o curso.

Para Educación Infantil.

- Recoñecer as principais partes dun ordenador.
- Acender e apagar o ordenador e manexar o rato.
- Empregar programas ou aplicacións informáticas para colorear, facer crebacabezas, aprender letras, números, ...
- Iniciarse na creación de producións sinxelas a través da pizarra dixital.
- Usar iconas para acceder aos programas e recoñecer algunhas ferramentas empregadas.
- Facer unha navegación sinxela por distintas páxinas web.
- Achegar ao alumnado ao coñecemento da linguaxe audiovisual, dixital ou multimedia como instrumento de comunicación.
- Visionar vídeos educativos.
- Aceptar as normas para o uso das TIC.
- Coñecer a Aula Virtual do Centro

Para 1º nivel de EP

1. Recoñecer e nomear as partes dun ordenador.
2. Empregar, de forma guiada, programas e aplicacións informáticas no ordenador ou na pantalla dixital, como por exemplo identificar as letras, as formas xeométricas, os números, reforzar a ortografía,...
3. Buscar información na web coa axuda do mestre.
4. Acudir á aula TIC para traballar con diferentes programas educativos.
5. Visonar vídeos educativos.
6. Amosar interese no uso das TIC.
7. Aceptar as normas para o uso das TIC.
8. Coñecer a Aula Virtual do Centro

Para 2º nivel de EP

9. Empregar, de forma guiada, programas e aplicacións informáticas no ordenador ou na pantalla dixital, para identificar as letras, as formas xeométricas, os números, para reforzar ortografía,...
10. Buscar información na web coa axuda do mestre.
11. Acudir á aula TIC para traballar con diferentes programas educativos.
12. Ver vídeos educativos.
13. Consultar na biblioteca, coa axuda do mestre, diferentes fontes bibliográficas en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
14. Amosar interese no uso das TIC.
15. Aceptar as normas para o uso das TIC.
16. Coñecer a Aula Virtual do Centro



Para 3º nivel de EP

17. Empregar, de forma guiada, programas e aplicacións informáticas no ordenador ou na pantalla dixital, para reforzar e apoiar o traballado na aula.
18. Reforzar os contidos das distintas materias a través dos blogues de centro,...
19. Buscar información sobre algunha temática na web.
20. Ver vídeos educativos.
21. Acudir á aula TIC.
22. Amosar interese no uso das TIC.
23. Coñecer e empregar a Aula Virtual do Centro.

Para 4º nivel de EP

24. Empregar de forma guiada programas e aplicacións informáticas no ordenador ou na pantalla dixital para reforzar o aprendido, para elaborar algún texto sinxelo,...
25. Presentar os traballos requeridos, en soporte dixital, de maneira ordenada, clara e limpa.
26. Buscar información sobre algunha temática na web, seleccionando a relevante, organizándoa axeitadamente, .
27. Ver vídeos educativos.
28. Consultar na biblioteca, de maneira guiada, diferentes fontes bibliográficas en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
29. Acudir á aula TIC.
30. Amosar interese no uso das TIC.
31. Coñecer e empregar a Aula Virtual do Centro

Para 5º nivel de EP

- Utilizar os programas e repositorio de contidos dispoñibles no proxecto Abalar.
- Traballar e realizar actividades interactivas co libro dixital.
- Utilizar os recursos dispoñibles na plataforma EVA.
- Empregar programas e aplicacións informáticas no ordenador para reforzar o aprendido.
- Buscar, seleccionar e organizar a información relevante sobre algunha temática concreta.
- Elaborar traballos en formato dixital, empregando o tratamento de textos dunha maneira axeitada, incluíndo gráficos, notas ao pé,...
- Comunicar os resultados dun traballo a través dos medios que permiten as TIC (presentacións, blogues, vídeo, etc.).
- Utilizar recursos dispoñibles na rede, coma visionado de vídeos educativos,...
- Consultar na biblioteca diferentes fontes bibliográficas en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
- Amosar interese no uso das TIC.

Para 6º nivel de EP

- Utilizar os programas e repositorio de contidos dispoñibles no proxecto Abalar.
- Traballar e realizar actividades interactivas co libro dixital.



- Utilizar os recursos dispoñibles na plataforma EVA.
- Empregar programas e aplicacións informáticas no ordenador para reforzar o aprendido
- Buscar, seleccionar e organizar a información relevante sobre algunha temática concreta.
- Elaborar traballos en formato dixital, empregando o tratamento de textos dunha maneira axeitada, incluíndo gráficos, notas ao pé,...
- Comunicar os resultados dun traballo a través dos medios que permiten as TIC (presentacións, blogues, vídeo, etc.).
- Utilizar recursos dispoñibles na rede, coma visionado de vídeos educativos,...
- Consultar na biblioteca diferentes fontes bibliográficas en soporte informático para obter información sobre libros do seu interese.
- Amosar interese no uso das TIC.

Ademais destas actividades tamén se encontrarían aqueloutras dirixidas a aquel alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, NEAE, para a consecución das súas aprendizaxes, adaptándose as súas peculiaridades e ritmos de aprendizaxe.

Avaliación

- Realizar un seguimento trimestral do proxecto E-Dixgal.
- Levar a cabo unha avaliación trimestral das actividades referidas e facer os cambios ou modificacións pertinentes.
- Facer unha avaliación ao final do curso escolar valorando o grao de consecución dos obxectivos.
- Realización dunha memoria-final onde se recollan os resultados da avaliación do Proxecto TIC.

A BIBLIOTECA ESCOLAR

Enténdese por Biblioteca Escolar, tomando como referencia o manifesto UNESCO sobre Bibliotecas Escolares, como un espazo educativo de importante interese no proceso de ensino-aprendizaxe, que presenta unha gran cantidade de recursos para favorecelo. Neste senso, o principal organismo internacional en materia de bibliotecas e documentación, a IFLA, especifica que a Biblioteca escolar “é unha contorna física e dixital de aprendizaxe na escola onde a lectura, o interese, a investigación, o pensamento, a imaxinación e a creatividade son centrais para a viaxe cara á información e ao coñecemento dos estudantes, tamén cara ao seu crecemento persoal, social e cultural”.

A biblioteca realiza un papel fundamental na sensibilización da comunidade educativa do centro sobre a necesidade de contar cuns niveis de lectura comprensiva e de apego á lectura (independentemente do contido, o soporte ou o formato), que sirvan como ferramenta de construción persoal e social. É máis, debe ser a garante da alfabetización múltiple, un concepto que desenvolve, amplía e actualiza o concepto de lectura e que se refire á “comprensión, utilización e avaliación crítica de diferentes formas de información, incluídos os textos e imaxes, escritos, impresos ou en versión electrónica”, unha competencia que é esencial para a vida e que é “a porta cara ao resto das aprendizaxes”.



O equipo de Biblioteca realizou unha análise dos resultados da enquisa telemática realizada a finais do curso pasado, así como as conclusións recollidas na memoria final da Biblioteca, na que se aportaron datos de todos os niveis do centro.

Equipo de biblioteca e niveis asignados.

PRIMARIA:

DINAMIZADORA:

Yolanda Martínez Redondo

Integrantes:

Beatriz Rey Busto

Leo Antelo Dono

Silvia V. Crespo Naveira

Juan José Abeijón Pousa

Noelia pedreira Díaz

María Luisa Martínez Duarte

Colaboradoras:

Isabel Bruzos Salgueiro-Díaz

INFANTIL:

Coordinadora:

Ana Isabel Fernández Faraldo

Colaboradoras:

María de las Virtudes Fariñas Sanjurjo

Marina Barros Reimúndez

Esperanza Bouza Bedoya

Eva Carro Vázquez

Alba Sampetro López

Organización

O servizo de préstamos e lectura funcionará durante os recreos. Ademais, seguindo as quendas reservadas previamente, cando o profesorado titor visite a biblioteca poderanse dar varias posibilidades:

1. Que haxa unha persoa do equipo de biblioteca presente na mesma: será a que xestionará os fondos.
2. Que non haxa ninguén do Equipo de biblioteca : neste caso seguirá sendo posible o empréstito xa que o profesorado que levou ao grupo poderá:
 - a. Xestionar el mesmo os empréstitos a través da aplicación KOHA.
 - b. Deixar anotados nunha folla os datos relativos a préstamos e devolucións do grupo (Nome e apelidos , ademais do número de rexistro do libro que deixa ou leva o alumnado), para que , posteriormente, o Equipo de Biblioteca meta os datos en KOHA.

Para facer uso da Biblioteca durante o horario de clase é preciso **reservar quenda no horario semanal**, sempre e cando se comprobe que nesa hora non hai programada ningunha actividade específica promovida polo Equipo da Biblioteca.

O **horario de permanencia na biblioteca dos membros do equipo** estará exposto na porta de entrada e estará supeditado ás sesións lectivas asignadas a cada quen, ademais das gardas de substitución que poidan xurdir, salvo no caso da dinamizadora da biblioteca, por non estar suxeita ao cadro de substitucións. Polo tanto, quedarán cubertas as horas da dinamizadora e o resto do Equipo terá en conta as sesións nas que haxa solicitude de reserva (que se fará con suficiente antelación) e nas que non teña garda de substitución para intentar cubrir esa solicitude, sendo flexible na cobertura do seu horario.

Obxectivos e liñas prioritarias de actuación

Obxectivos



1. Propoñer actividades de fomento da lectura e da escritura en distintos soportes.
2. Manter a nosa participación activa nas distintas iniciativas que nos propoña a Consellería ou Bibliotecas escolares.
3. Solicitar e deseñar actividades relacionadas con laboratorios creativos de aprendizaxe.
4. Ampliar o equipamento básico en medios audiovisuais e informáticos.
5. Promover a formación do profesorado no relativo ao ámbito de actuación da Biblioteca.
6. Mellorar a coordinación con axentes culturais externos e co resto dos Equipos do centro.
7. Ampliar a colaboración coas familias.
8. Artellar recursos comúns para que todo o profesorado poda facer achegas ao PDI de xeito colaborativo.
9. Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI, mellorando a capacitación do alumnado e do profesorado no manexo da radio escolar.
10. Solicitar a colaboración solidaria do alumnado na organización da biblioteca e das actividades que se programen.

Liñas prioritarias de actuación

O Blog de Leo e Mariña

Manterase activo e actualizado, publicitando as actividades programadas ou realizadas. Será o principal proveedor de recursos dixitais para o desenvolvemento do PDI deste ano “A diversidade Cultural”.

Espazo físico. Equipamento

A biblioteca do centro conta con tres instalacións diferenciadas físicamente : a biblioteca de Infantil, a biblioteca de primaria e o recuncho fedelleiro.

As bibliotecas de Educación Infantil e Primaria fomos modernizando e habilitando novos recunchos para facilitar o ordenamento dos materiais e libros e procurar espazos máis acolledores para o alumnado, pretendemos facer da Biblioteca un lugar onde veñan a estar a gusto, a aprender disfrutando.

Contigua á Biblioteca de Primaria, creouse hai pouco tempo o “Recuncho Fedelleiro” para favorecer a atención á diversidade e dispoñer dun laboratorio creativo de aprendizaxes. Nesta aula desenvólvese robótica e dispón dun recuncho de construción, de xogos e científico. O recuncho poderá reservarse. A finais do curso pasado, quedou instalada alí a radio escolar . Pretendemos pois, evolucionar cara un espazo de aprendizaxe multifuncional máis acorde ás novas necesidades educativas.

Xestión técnica e organización

As utilidades que nos ofrece o proxecto KOHA sérvennos para xestionar a biblioteca: rexistro de fondos, xestión de usuarios/as, préstamos, estatísticas e acceso aos fondos por parte da comunidade educativa.



Cada alumno/a pode ter un só libro en préstamo, durante 15 días, agás os/as de 5º e 6º que poderán ter dous para poder participar na actividade de lecturas compartidas, sempre coa posibilidade de renovación. Os/as mestres/as poden coller co seu carné ata 40 libros (cifra que se pode modificar) e tamén dispoñen dun prazo maior para devolvelos.

Un dos obxectivos do plan é o de continuar sendo o centro de recursos do colexio, no que alumnado e profesorado atopen os materiais necesarios para desenvolver o currículo. Neste aspecto a nosa tarefa estará orientada a:

- ✓ Revisar, actualizar e dar a coñecer os fondos dos que dispoñemos no centro.
- ✓ Realizar o expurgo necesario. Libros e outros materiais descártanse segundo os criterios xa elaborados.
- ✓ Adquirir novidades de literatura infantil e xuvenil (LIX) e de materiais informativos en diferentes soportes, seguindo os criterios de paridade entre os idiomas, necesidades requiridas polo desenvolvemento de actividades, atención ás necesidades educativas especiais e suxestións dos usuarios.
- ✓ Revisar e renovar as subscricións ás diferentes revistas.
- ✓ Facilitar a celebración de actividades educativas e culturais no propio centro, en instalacións cedidas polo Concello ou noutras entidades, sempre que se considere oportuno.

Formación de usuarios

Para empregar todos os recursos dos que dispón a biblioteca dun xeito eficaz é necesario coñecer ben a organización, o funcionamento e as posibilidades que ofrece polo que intentaremos transmitir á comunidade educativa todos estes aspectos a través de:

- ✓ Actividades de formación de usuarios que permitan ao equipo educativo o coñecemento da ferramenta KOHA.
- ✓ A realización de actividades de formación de usuarios, tratando os seguintes temas: uso e funcionamento da biblioteca; busca, tratamento e reelaboración da información; avaliación de páxinas web, actividades ofertadas pola biblioteca e forma de participar nelas.
- ✓ A concienciación do alumnado sobre a necesidade de protexer os datos persoais e dunha navegación segura en internet analizando as situacións posibles coa axuda de audiovisuais, conferencias de expertos/as, páxinas web e libros sobre esta temática e colocando carteis que recollan as normas básicas e informacións de cómo navegar seguro por internet, en colaboración co equipo TIC.

Formación do equipo de Biblioteca

Este ano pretendemos realizar “Formación entre nós”, de xeito que todos os membros do Equipo poidan beneficiarse dos coñecementos dun dos compoñentes do mesmo que xa teña adquirida máis habilidades ou coñecementos dunha determinada aplicación, dun programa, ou de calquera ferramenta dixital de uso común nas bibliotecas escolares.

A isto hai que engadir a posibilidade de ampliar a formación no manexo da radio escolar.



Fomento da lectura. Apoio ao desenvolvemento do Plan Lector

É tarefa da biblioteca favorecer e seguir o desenvolvemento do Proxecto Lector do centro, para isto darémolo a coñecer ao profesorado que se incorpora no novo curso, faremos unha análise do seu desenvolvemento nas reunións dos niveis e unha avaliación final que nos sirva para reflexionar e redactar o do seguinte curso. No apartado de actividades e a súa temporalización defínense máis claramente como desenvolvemos este apoio e fomento da lectura.

Difusión dos recursos dispoñibles

Utilizaremos todas as posibilidades ao noso alcance para dar a coñecer os recursos que ofrece a biblioteca coa finalidade de que sexan utilizados o máximo posible por todos. A través do blog, dos taboleiros de anuncios dos que dispoñemos en cada corredor, de boletíns periódicos que conteñan recomendacións entorno a un determinado tema e das publicacións da ANPA. Paulatinamente intentaremos a integración das familias na vida da biblioteca.

Potenciación do uso das TIC

Ofreceremos a alumnado e profesorado recursos de interese pedagóxico e informativo en internet, orientaremos ao alumnado que acuda en busca de información e documentación, tanto no momento da busca coma cando necesite expoñer e comunicar o aprendido, asesoraremos a profesorado e alumnado no uso de programas informáticos que lles permitan a presentación de traballos dun xeito atractivo e eficaz.

Robótica

Continuamos cunha liña de robótica para os niveis de 5º e 6º de Primaria. Esta actividade xa está consolidada coma unha posibilidade para achegar ao alumnado unha nova linguaxe, a da programación. A biblioteca escolar acolle todo tipo de linguaxes (oral, escrita, icónica, artística,...) e estanse a converter tamén en lugar de creación. Os robots proporcionan unha “escusa” para desenvolver esa nova linguaxe e desenvolver as capacidades lingüísticas, o razoamento, a creatividade, o traballo colaborativo e de investigación, a aprendizaxe manipulativa e o xogo.

Proxecto documental integrado

O proxecto documental integrado deste ano é “A diversidade cultural” . Os obxectivos céntranse en cinco aspectos:

- ✓ Facer da Biblioteca o centro vertebrador das actividades do colexio e lugar de investigación e “centro creativo de aprendizaxes”.
- ✓ Promover un cambio metodolóxico no profesorado baseado en metodoloxías máis activas, ABP: “tarefas integradas”, traballo cooperativo,... que axuden a desenvolver as competencias dos noso alumnos.
- ✓ Favorecer o desenvolvemento dos contidos curriculares de forma transversal e interdisciplinar, conectar distintas áreas de aprendizaxe e impulsar prácticas metodolóxicas activas.



- ✓ Fomentar unha adecuada convivencia entre os membros da comunidade educativa, a través do coñecemento mutuo e o traballo colaborativo entre os diferentes niveis (que polo tamaño do noso centro resulta especialmente interesante). Apoiamos deste xeito o desenvolvemento do Plan de Convivencia do centro.
- ✓ Traballar as competencias clave dentro dun tema que lles resulta motivador e próximo.

As actividades relacionadas co PDI terán un desenvolvemento diferenciado en cada nivel e estarán dinamizadas polo representante de cada un deles, de entre os membros que forman parte do Equipo de biblioteca.

Nivel	Subtemáticas diferenciadas	Dinamizador/a
4º E. Infantil	Países Nórdicos	María Virtudes
5º E. Infantil	Australia	Marina
6º E. Infantil	China	Ana
1º E. Primaria	Portugal	Isabel
2º E. Primaria	África	Beatriz
3º E. Primaria	Sudamérica	Leo
4º E. Primaria	México	Silvia
5º E. Primaria	Xapón	Noelia
6º E. Primaria	India	Juan

Ademais, a Escola infantil de Coirós desenvolverá o PDI investigando sobre a Cultura e EEUU

Actividades

A biblioteca escolar é o axente dinamizador de todas as actividades relacionadas coa lectura, expresión oral e expresión escrita do centro. Por iso, se organizan e propoñen as seguintes actividades:

- Publicación no **Blog de Leo e Mariña** (<http://blogdeleo-vaesvillamarin.blogspot.com>) das actividades e recursos físicos e dixitais da biblioteca.
- **Empréstito de obras literarias:** Non haberá carnet físico E SE PEDIRÁ AO ALUMNADO O SEU NOME E APELIDOS. Non se poderá reservar a través da web.

O número de empréstitos e a duración dos mesmos é a que aparece na táboa :

	Número de obras	Duración do empréstito
Dende 4º de Ed. Infantil a 4º de Ed. Primaria	1	15 días
Alumnado de 5º e 6º	2	15 días
Profesorado	40	60 días

- Recollida das **suxestións do alumnado e profesorado** sobre a compra de fondos, a mellora do mobiliario, o funcionamento e organización de actividades mediante o uso da caixa de correo destinado para tal fin. Seguiremos empregando o Buzón de suxerencias.



- **Colaboración do alumnado voluntario de 5º e 6º** . A súa colaboración será presencial, nas quendas de recreo, para sacar o “Carriño de Bibliopatio” e para atender as demandas de axuda dos máis pequenos e axudar a colocar nos andeís os libros consultados en sala, pero que non foron emprestados.

Ademáis, poderán asumir as seguintes tarefas :participar nas tarefas de formación de usuarios, nas actividades de motivación e dinamización do PDI, preparar contos para “Venres de Historias”, colaborar coa radio escolar, enviar contados dixitais para compartir no blog, editar textos para enviar as Recomendacións lectoras ao xornal ...

- **Formación de usuarios** , que incluírá información sobre as novidades de ubicación e etiquetaxe dos fondos que sufriu a biblioteca.
- **Caixas viaxeiras** para facilitar a lectura no momento do día destinado a este fin no Proxecto Lector. Dentro de cada caixa inclúese un documento no que se recollen propostas de actividades de animación e promoción lectora que titores e titoras poden realizar na aula. Cando a caixa viaxeira leve un tempo prudencial na aula, poderase intercambiar con outro grupo do nivel de xeito rotatorio. Os dous últimos cursos renováronse os fondos dalgúns caixas viaxeiras e algunhas aulas colaboraron na avaliación das mesmas. Na revisión que o Equipo está a levar a cabo no presente mes de setembro, detectouse que algunhas caixas perderon parte do seu contido , polo que o profesorado titor debe revisar as mesmas de forma sistemática para evitar perdas ou mesturas cos fondos da biblioteca de aula. Por outra banda, seguimos a solicitar a colaboración do alumnado a partires de 3º de Educación primaria, para que sexan eles mesmos os que fagan chegar á Biblioteca, a través dos seus titores, as propostas de mellora das Caixas.
- **Proposta de Itinerarios lectores “ Literatura , emocións e creatividade”**, en colaboración con Educación Responsable e co nivel de 1º de Primaria, proporanse ás títulos de calidade contrastada, dende os que se poidan traballar as emocións e a creatividade. Ademais, farase unha consulta a Bibliotecas escolares de Galicia, para ver a posibilidade de Contar cunha “Maleta Viaxeira” proporcionada por este organismo.
- **Actividades temáticas** de superación da fase de “**Celebración de datas especiais con carácter ritualista**” procurando, en todo caso, vinculalas aos obxectivos de carácter educativo (lectura, xéneros literarios minoritarios, cultura tradicional, dereitos humanos, cuestións do ámbito das ciencias sociais e naturais...)
- **Lecturas Compartidas** actividade que estimula o gusto pola lectura entre iguais. Os nenos e nenas de 6º lerán, de forma individual a nenas e nenos de 1º e a un grupo aula de 3º , e os de 5º a 2º, dúas veces ao mes .
- **Colaboración coas asociacións culturais da localidade, cos outros centros de ensino e co concello de Betanzos** na organización de actividades nas que participe o noso alumnado. Este ano está prevista a colaboración coa Biblioteca pública do Concello, de xeito que xa se tivo unha primeira reunión e hai programada outra, de cara a concretar actividades e poder temporalizalas debidamente.



- **Publicación no xornal local “Betanzos e a súa comarca”** das **preferencias ou recomendacións** de lectura do noso alumnado. Este é un xornal mensual que edita a Asociación de comerciantes de Betanzos de forma gratuíta e chega a tódalas casas. Dende hai un tempo inclúe unha sección onde as persoas que queren recomendan libros. Pareceunos interesante que alumnado e profesorado do noso colexio acheguen tamén as súas críticas literarias. O alumnado de 5º e 6º fará chegar as súas recomendacións á biblioteca en formato dixital e poderá axudar ao Equipo de Biblioteca editando as recomendacións en papel que escriben os máis pequenos.
- **Xestión diante de editoriais e outras institucións** a realización de actos de **animación á lectura**.
- **Actividades para alumnado con NEAE e alumnado de incorporación tardía ao sistema educativo** , baixo o asesoramento do D.Orientación, se fose necesario, coa finalidade de facilitarlle literatura accesible e axeitada aos seus intereses.
- **Venres de Historias**. Todos os venres de mes haberá unha programación no recreo na que se alternarán curtas e contos dramatizados polos alumnos dos distintos cursos. Esta actividade realízase nos dos espazos da biblioteca, infantil e primaria, sempre que sexa posible.
- **Biblopatio**. Mercouse un carriño novo, no que este ano haberá 60 títulos a disposición do alumnado para ler durante os recreos, no espazo do patio habilitado para esta actividade.

RELACIÓN DE ACTIVIDADES E TEMPORALIZACIÓN

MES	ACTIVIDADES PRIMEIRO TRIMESTRE
-----	--------------------------------



SETEMBRO OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> • SETEMBRO: MES DA ORALIDADE, DOS CONTOS AFRICANOS, EUROPEOS, ASIÁTICOS, SUDAMERICANOS... • Elaboración do Plan Lector anual. • Organización e elaboración de horarios de garda , coordinación e reparto de funcións dos membros do Equipo de biblioteca. • Revisión dos equipos informáticos da biblioteca, de espazos e mobiliario das bibliotecas de Infantil e primaria e do Recuncho Fedelleiro. • Inclusión de novos usuarios. • Revisión de caixas viaxeiras e establecemento de prioridades de entrega en función das características da Biblioteca de aula. • Revisións das coleccións e primeiro envío informativo ao claustro coas novas da Biblioteca para o presente curso. • Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca” • Exposicións temáticas • Coordinación cos representantes dos distintos programas do centro (Ed.Responsable, Dinamización da Lingua, Proxecta, PFPP, Voz Natura, TICs...). • Celebración datas especial sinalamento: día das escritoras e das bibliotecas escolares. • Activación de profesorado colaborador para empréstitos en KOHA e formación básica. • Apertura, durante os recreos, da Biblioteca e do Recuncho fedelleiro. • Mantemento de primeiras reunións cos representantes da Biblioteca Municipal e coa dinamizadora da Biblioteca do IES Francisco Aguiar. • Presentación ao claustro e posta en marcha do PDI “ A diversidade cultural”. http://blogdeleo-valesvillamarin.blogspot.com/2022/09/proxecto-documental-integrado.html .
OUTUBRO NOVEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • OUTUBRO: MES DO CINE E A MÚSICA NAS DISTINTAS CULTURAS • NOVEMBRO: MES DOS INVENTOS NAS DISTINTAS CULTURAS • Formación de usuarios de 5º e 6º e, posteriormente, do resto dos niveis. • Análise do Blog de Leo e Mariña , propostas de mellora e comezo dos cambios. • Proposta de itinerario lector: “Literatura, emocións e creatividade “ , en colaboración con Educación Responsable e Bibliotecas escolares de Galicia. • Reparto de caixas viaxeiras. • Salientar datas especial sinalamento. • Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”. • Promoción da Plataforma de lectura dixital ELBE-2
DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> • DECEMBRO: MES DO XOGO E O DEPORTE NAS DISTINTAS CULTURAS • Seguimento do PDI e do Blog de Leo e Mariña • Exposicións temáticas, físicas ou virtuais. • Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca” • Guía de lecturas de Nadal. • Dar a coñecer datas de especial sinalamento: Declaración Universal dos Dereitos Humanos, Nadal...



XANEIRO	<ul style="list-style-type: none">• XANEIRO: MES ADICADO AO MODO DE VIDA NAS DISTINTAS CULTURAS• Seguimento do PDI e do Blog• Itinerarios lectores e recomendacións: Literatura, emocións e paz• Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”• Salientar Datas especial sinalamento: Día Mundial da educación ambiental, Día da ilustración...
FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none">• FEBREIRO: ADICADO A GASTRONOMÍA E CULTURA• Seguimento do PDI e do Blog• Exposicións temáticas, físicas ou virtuais.• Semana de Rosalía en colaboración con Dinamización da lingua galega.• Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”• Celebración de datas especial sinalamento: Día Mundial da radio, Entroido, Semana de Rosalía en colaboración con Dinamización...
MARZO	<ul style="list-style-type: none">• MARZO ADICADO A LETRAS E CULTURA• Seguimento do PDI e do Blog.• Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”.• Celebración dalgunhas datas de especial sinalamento : Día mundial da natureza, Muller traballadora, semana da prensa, Día da narración oral, Día da poesía, Día do teatro.
ABRIL	<ul style="list-style-type: none">• ABRIL: ADICADO A ARTE E CULTURA• Seguimento do PDI e do blog• Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”• Celebración datas especial sinalamento: Semana do Libro e Día Mundial da Terra.
MAIO	<ul style="list-style-type: none">• MAIO: ADICADO Á DIVERSIDADE CULTURAL• ALFIN sobre o autor/a homenaxeado/a o Día das Letras Galegas, en colaboración co Equipo de Dinamización da Lingua Galega.• Exposición dos produtos finais do PDI.• Recomendacións para o xornal “Betanzos e a súa comarca”.• Celebración datas especial sinalamento: Día do traballo, Día internacional contra o acoso escolar, Día de Europa, Día Mundial da Reciclaxe e Día Mundial da diversidade cultural.
XUÑO	<ul style="list-style-type: none">• XUÑO : 50 ANIVERSARIO DO CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN. Celebración datas especial sinalamento• Avaliación de actividades e elaboración da Memoria Final.• Entrega de memorias e xustificación económica de actividades promovidas por Bibliotecas Escolares de Galicia• Guía de Lecturas de verán.• Clausura da Biblioteca.

Enténdese que as actividades non temporalizadas abrangerán todo o ano, como por exemplo a catalogación, expurgo, selección e compra de novos fondos, xestión e organización, exposición e difusión de fondos, entrevistas na radio, actividades de animación á lectura...

Avaliación

Ao fin de curso realizarase unha enquisa sobre o funcionamento da Biblioteca e se elaborará unha memoria final onde se recolla o grado de consecución dos obxectivos propostos, así como as fortalezas e debilidades



da mesma. Esta memoria constituirá un elemento de reflexión e mellora das accións futuras da Biblioteca escolar.

PLAN ANUAL DE LECTURA

Fundamentación

Tendo en conta diversos estudos, podemos afirmar, con respecto ao hábito lector e á formación de lectores competentes, que a adquisición dun axeitado hábito lector é ferramenta fundamental para acadar o éxito escolar e desenvolver e adquirir competencias que logran que o alumnado sexa quen de autoxestionarse e avanzar no seu propio coñecemento.

Este documento pretende ser o proxecto que, de xeito ordenado e sistemático, vaia unificando actividades e obxectivos tendentes a acadar que a lectura e o libro ocupen un lugar preeminente na actividade escolar e extraescolar. Conseguido require a implicación da Comunidade Educativa en sentido horizontal (Claustro e equipos docentes, tendo especial relevancia o equipo de dinamización da biblioteca do centro educativo e as titorías) e tamén vertical, abarcando actuacións dende a propia ideoloxía de centro, familias, e recursos da comunidade.

Tendo como referente o noso Proxecto Lector de centro e a actual lexislación educativa, en concreto o currículo da etapa de EP, concretado no DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, desenvólvese o seguinte plan de lectura Anual para o presente curso escolar 2022-2023.

Análise previa

Para poñer en funcionamento o plan realizamos unha análise dos medios que posúe o centro para cubrir as necesidades, así como unha avaliación do uso real que se fai dos mesmos. Valoramos o hábito lector e a comprensión lectora do noso alumnado que, como parte da avaliación inicial do plan Lector, enmarca os Plans anuais de lectura.

O Equipo de biblioteca realiza esta análise no mes de setembro e propón as medidas que se han de levar a cabo para modificar, innovar ou eliminar as medidas que non se consideren axeitadas e decidir tanto as liñas prioritarias de actuación da biblioteca de Leo e Mariña como os Obxectivos do Plan que nos ocupa.

Obxectivos:

Obxectivos xerais:

- Desenvolver a capacidade lectora como medio para a adquisición do hábito lector.
- Descubrir a lectura como medio de ocio e goce persoal (lectura intensiva e extensiva).
- Mellorar a comprensión lectora dende tódalas áreas do currículo.
- Trasladar ao ámbito extraescolar o interese pola lectura e fomentar a participación das familias.
- Familiarizar ao alumnado con diferentes soportes de lectura, empregando as TIC como un recurso máis para a xestión e busca de información ou a lectura como fonte de placer.



- Potenciar o uso da biblioteca de Leo e Mariña como elemento dinamizador da actividade lectora, recurso para o ocio, a creatividade e a construción de novos coñecementos.
- Promover a formación ALFIN, por exemplo, a través do tratamento de temáticas vinculadas aos obxectivos para o desenvolvemento Sustentable da Axenda 2030 da ONU.

Dende destes obxectivos xerais e coas destrezas e habilidades propias de cada unha das competencias básicas, establécense os seguintes obxectivos específicos, que determinarán de forma progresiva actuacións no centro escolar, sendo adquiridas como rutinas e hábitos propios do día a día na escola.

Obxectivos específicos:

- Impulsar progresivamente o gusto pola lectura a través dunha selección de textos adecuados para os intereses e os coñecementos do alumnado.
- Desenvolver en cada nivel, de xeito gradual, estratexias que aseguren a lectura comprensiva, eficaz e fluída aplicadas ás distintas áreas de coñecemento.
- Afondar no dominio das distintas linguas do currículo para mellorar a súa competencia.
- Exercitar a lectura expresiva utilizando o ritmo, a entoación e a pronunciación axeitada.
- Comprender distintos tipos de textos adaptados á súa idade.
- Espertar a sensibilidade, a imaxinación e a creatividade mediante a lectura.
- Relacionar a lectura e a vida cotiá facendo partícipes ás familias para acadar no alumnado o desexo e a motivación de ler.
- Favorecer o uso continuo e autónomo da biblioteca para que o alumnado se familiarice coas súas normas de uso e os seus fondos, e a considere un espazo de aprendizaxe e goce.
- Incluír as dinámicas lectoras en pequenos proxectos e actuacións tanto dentro como fóra da escola.
- Desenvolver o PDI “A diversidade Cultural” para asegurar a formación ALFIN mediante tarefas integradas.

Organización de espazos e tempos:

Este apartado vai abranguer tres aspectos que, entre si, se vinculan:

- a) A “HORA DE LER”
 - b) As bibliotecas de aula
 - c) A biblioteca do centro educativo
-
- a) A “HORA DE LER está incluída na 1ª sesión como tempo común para todo o centro, constituíndo un hábito e actividade propia da dinámica diaria da escola.
 - b) As bibliotecas de aula, tanto en educación infantil como primaria son empregadas polo alumnado para facer lectura de tipo extensivo, é dicir, lectura libre nos momentos en que se remata a tarefa, ou como préstamo. Case todas as aulas empregan as caixas viaxeiras da biblioteca do centro, ademais das aportacións das casas.



c) A biblioteca do centro é o principal facilitador de recursos, destacando o seu papel dinamizador e creativo de aprendizaxes, onde a compensación das desigualdades é unha prioridade. Tanto os edificios de Infantil como de Primaria contan con espazos propios para o desenvolvemento das actividades. Estes espazos foron renovados recentemente e seguiremos a manter a idea de melloralos ou amplialos, de ser posible.

Liñas de actuación prioritarias en relación co papel da biblioteca de Leo e Mariña

A) En relación coa organización e xestión

- Continuar coa catalogación da totalidade dos recursos a través da aplicación do Proxecto KOHA.
- Favorecer a formación continúa do Equipo da Biblioteca.
- Renovar e actualizar o Proxecto Lector do centro.
- Continuar co Proxecto de Radio para o centro.
- Avanzar cara un concepto de Biblioteca inclusiva e moderna.

B) Provisión de recursos

Segundo as instrucións da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das Bibliotecas escolares, “os centros establecerán unha partida específica para o mantemento da Biblioteca Escolar, dentro dos orzamentos xerais do centro de (entre un 5% e un 10% do orzamento deste “). Por este motivo, entendemos como liña prioritaria de actuación o mantemento ou mellora do presuposto asignado o curso pasado, co que pretendemos mellorar a provisión de recursos en distintos soportes e formatos, así como Promover a creación de novos espazos lectores ou creativos no centro e seguir renovando os existentes.

C) Servizos bibliotecarios básicos

- Reforzar o traballo das competencias ALFIN e AMI.
- Dinamizar as actividades do PDI “A diversidade cultural” e proporcionar recursos atractivos e suficientes.
- Realizar empréstitos directos e indirectos durante as horas de garda da Biblioteca.
- Procurar a formación de usuarios e incentivar a participación do alumnado de sexto e quinto neste labor.
- Reactivar a organización de encontros con autores, ilustradores ou artistas.
- Continuar coas “Caixas Viaxeiras”, implicando ao alumnado na renovación das mesmas, nos niveis onde esta participación é posible.
- Continuar coas actividades de catalogación, expurgo, selección e compra de novos fondos...

D) Mecanismos para a difusión da información

- Contar cun representante de cada nivel dentro do equipo de apoio á Biblioteca.



- Artellar recursos comúns para que todo o profesorado poda facer achegas ao PDI de xeito colaborativo.
- Mellorar a coordinación con axentes culturais externos e co resto dos Equipos do centro.
- Procurar a nosa participación activa nas distintas iniciativas que nos propoña a Consellería ou Bibliotecas escolares.

E) Espazos dixitais

- Manter actualizado o blog de “Leo e Mariña”
- Ampliar o repertorio de recursos dixitais postos a disposición da comunidade educativa.

F) Persoa designada como responsable da biblioteca e equipo de apoio

Dinamizadora : Yolanda Martínez Redondo

E. Infantil

Ana Isabel Fernández Faraldo : dinamizadora
María de las Virtudes Fariñas Sanjurjo
Marina Barros Reimúndez
Esperanza Bouza Bedoya
Eva Carro Vázquez
Alba Sampedro López

E. Primaria

Isabel Bruzos Salgueiro-Díaz
Bea Rey Busto
Leopoldo Antelo Dono
Silvia Vanessa Crespo Naveira
Juan José Abeijón Pousa
Noelia Pedreira Díaz
María Luisa Martínez Duarte : Coord. formación.
XEestudos

H) Usos e horarios de apertura

A Biblioteca permanecerá aberta en Horario lectivo e será atendida pola responsable da biblioteca e o profesorado do equipo de apoio, segundo as horas asignadas pola dirección despois de ter distribuído o horario de atención directa ao alumnado, axustadas ao labor que estes docentes realizan en beneficio de toda a Comunidade educativa.

As quendas de atención á biblioteca estarán expostas na mesma, así como un calendario de reserva de quenda de visita tanto as Bibliotecas de Infantil e Primaria como ao “Recuncho fedelleiro”.

Concepcións previas ao desenvolvemento das habilidades lectoras ao longo dos cursos.

Antes de comezar coas actividades, sería conveniente na elección das lecturas ter en conta os temas e as características dos textos preferidos polo alumnado segundo as súas idades.

Nos primeiros niveis, deben ter profusión de imaxes para asegurar a comprensión lectora. Os textos inscritos en espazos familiares, con presenza de ingredientes fantásticos e desenlaces felices e/ou inesperados. Os/as personaxes infantís ou de animais personificados/as son os mellores para favorecer a identificación lectora e os temas centrados nas emocións, a afectividade e as relacións humanas e interpersoais os que máis abundan.

Nos niveis intermedios, a importancia das imaxes diminúe na comprensión lectora, xa que se axiliza o léxico visual. Os universos maravillosos e os contos fantásticos do folclore popular enmarcados en espazos



naturais son os preferidos. Protagonistas infantís e animais personificados seguen ser protagonistas e superan conflitos para favorecer a identificación lectora. Xunto á ficción fantástica, aparecen os textos de corte realista ou social, cun interese crecente polas relacións dos suxeitos co seu entorno. Espérase a curiosidade polo humor, o misterio e a ciencia– ficción.

Nos niveis máis elevados, as imaxes perden o principal reclamo en favor do texto. Os mundos fantásticos aínda fascinan pero amplíanse as preferencias: os mitos, as aventuras e as exploracións, as intrigas de detectives, a denuncia social, a parodia, o humor... Tamén abundan os protagonistas da mesma idade dos lectores para encarnar as súas preocupacións e vivencias. Diminúe o predominio da terceira persoa e, a miúdo, é a personaxe o que conta a historia coa súa propia voz.

Accións e actividades programadas

Actividades dirixidas ó fomento do interese pola lectura e desenvolvemento da comprensión lectora por niveis e nas distintas áreas curriculares:

Neste apartado faremos un percorrido por diversas actividades tipo nos distintos niveis educativos, aínda que se levarán a cabo actividades nas que estea implicado todo o centro, dinamizados polo equipo da biblioteca escolar. Na etapa de primaria é onde o alumnado debe comezar a utilizar as habilidades lecto-escritoras para adquirir ós contidos e coñecementos propios de cada nivel. Na etapa de infantil tamén é preciso realizalas para motivalos e que asentem as habilidades posteriores no desenvolvemento lector, cos adultos como intermediarios; a lectura de contos e a presenza de libros nas casas e nas aulas crea un interese que se verá reflectido en idades posteriores.

A selección dos libros que se lles len tamén é importante; teñen que estar cargados de imaxes significativas e ter características de interacción do alumnado co libro, é dicir, que requiran da intervención dos alumnos na súa lectura e interpretación para os primeiros niveis, sendo moi importante a conversa posterior á lectura, para asegurarse da súa comprensión e como medio para favorecer a linguaxe oral. Tamén cómpre que os nenos e nenas interpreten o libro ó seu xeito a partires das imaxes. Así fomentaremos a imaxinación e a creatividade. Cando xa van coñecendo algunhas letras, podemos ir introducindo lecturas moi sinxelas de palabras ou frases, a lectura pola ruta visual do seu nome e o dos seus compañeiros, así como de distintos obxectos ou lugares do aula e do centro.

As actividades que se poden realizar nos primeiros niveis van encamiñadas a consolidar as destrezas e a velocidade lectora. É importante equilibrar as actividades de traballo colectivas, grupais e individuais; ademais das sesións de lectura deben planificarse actividades específicas para cada área curricular para traballar co alumnado a comprensión lectora e as especificidades do vocabulario e da linguaxe.

É necesario planificar as actividades de lectura en tres pasos: antes de ler, durante a lectura e despois da lectura:

- **Antes de ler:** lectura do título e comentario cos alumnos dos posibles temas do texto.
- **Durante a lectura:** lectura en voz alta por parte do alumnado de fragmentos de textos,



progresivamente máis longos, para que exerciten a entoación e o ritmo axeitados. A partires do segundo nivel pódese ir introducindo a lectura silenciosa do texto, de xeito que o alumnado lea ó seu ritmo e interiorice o contido do texto. Ambos tipos de lectura, oral e silenciosa, son necesarios para traballar e desenvolver a comprensión lectora.

- **Despois da lectura** pódense realizar actividades de comprensión, a través de preguntas nas que se trate de pescudar o grao de entendemento, memorización ou vocabulario. Tamén é interesante realizar obradoiros de contos no que se xogue a inventar finais, cambiar elementos do texto ou crear.

Nos niveis intermedios, ademais das actividades antes referidas, deben ir encamiñadas á comprensión lectora e a adquisición de vocabulario específico de cada materia, engadindo exercicios de exercitación da habilidade visual, exposición, reflexión e recomendación para outros lectores. Engadiranse actividades de escritura nas que se traballen distintos tipos de texto.

Nos niveis máis elevados de primaria, as actividades irán encamiñadas a acadar un nivel máis profundo e completo e un manexo máis amplo da escritura a través de distintos tipos de textos, cunha selección de diversos xéneros. Debe haber actividades de traballo individual, grupal e colectivo. Aquí aínda se afondaría máis no traballo da lectura dentro das áreas curriculares, a busca de información faise máis necesaria. Nas actividades de lectura, atoparemos actividades novas, que axuden a mellorar a entoación, a vocalización, as pausas e a meditar sobre o lido e analizar a forma de expresión. O alumnado participará en propostas de animación á lectura pensadas para compañeiros máis pequenos, participará en obradoiros de prensa e en dramatizacións de textos.

En primaria, o alumnado participará, por quendas, na Sección de Recomendacións lectoras que se publican no Blog de Leo e Mariña e no Xornal local de Betanzos.

Actividades dirixidas ó desenvolvemento da comprensión lectora desde tódalas áreas curriculares:

A) Matemáticas:

- Trasladar ó código lingüístico a linguaxe matemática e viceversa.
- Comentar e intercambiar ideas sobre a comprensión dos enunciados previa á resolución de problemas e na explicación dos mesmos, sobre a comprensión dos conceptos matemáticos traballados e construír as súas propias definicións.

B) Lingua:

- Ler textos de tipoloxía diversa con preguntas que recollan as principais dimensións da comprensión lectora: literal, inferencial, reorganizativa ou crítica.
- Realizar fichas con textos breves nas que o alumnado ten que responder preguntas en relación co escrito, podendo elixir entre varias alternativas, seleccionando a que se crea máis axeitada ó texto e inferindo o sentido implícito do mesmo.
- Analizar o proceso de comprensión dun texto identificando os propios erros.
- Xogar cos textos: cambiar e/ou inventar o título ou o final; completar unha historia dado o principio ou o final; comezar historias polo final; mesturar historias...

C) Ciencias Naturais e Ciencias sociais.



- Elaborar mapas conceptuais.
- Realizar técnicas de estudio: subliñado, resumo, esquemas...
- Buscar e seleccionar información para ampliar ou reformar coñecementos.
- Realizar murais, carteis, presentacións,... sobre os temas traballados.

D) Educación física:

- Buscar información nos distintos medios de comunicación sobre o tema que se está a traballar nesa unidade didáctica (deporte, xogo, saúde...).
- Recoller información e elaborar traballos a través das TICs
- Expoñer os traballos realizados na clase.
- Recoller e seleccionar noticias referentes a un deporte concreto.
- Elaborar un periódico mural con noticias elaboradas por eles mesmos sobre as actividades complementarias realizadas, con información sobre o regulamento deportivo ou dos xogos, a historia dos distintos deportes ou xogos, fotografías ou biografías de deportistas de sona, relacións entre o deporte e a saúde...

E) Lingua estranxeira (Inglés):

- Producir e interpretar textos en inglés con apoio visual
- Captar o sentido global de textos de distinta complexidade segundo o ciclo
- Comentar textos e completar frases coas palabras axeitadas
- Ler textos breves relacionados co tema e responder a preguntas sobre eles.
- Aprender poesías, cancións...
- Realizar lecturas e descrições de personaxes

F) Relixión:

- Intercambiar ideas e opinións en asemblea sobre textos bíblicos
- Traballar relatos bíblicos, describir as personaxes ou facer viñetas sobre citas bíblicas
- Buscar información en internet sobre Campañas Solidarias ou o respecto ós Dereitos Humanos
- Analizar personaxes bíblicos ou históricos resaltando as súas características
- Inventar parábolas actuais e poñe-las en común e interpretar as do Novo Testamento.
- Buscar información en distintos soportes (prensa, revistas, enciclopedias, libros de consulta...) sobre distintos temas.

G) Valores cívicos e sociais:

- Ler contos breves nos que se resalten valores positivos.
- Investigar e buscar información en distintos soportes sobre os valores traballados.
- Analizar biografías ou testemuñas de personaxes importantes polos valores que transmiten.
- Reflexionar e elaborar normas que beneficien a convivencia no centro.

H) Educación artística:

- Realizar traballos plásticos a partires da lectura ou narración de textos.
- Creación de elementos plásticos para favorecer a comprensión oral ou escrita seguindo indicacións.



- Audición de música para producir unha obra plástica.
- Buscar información sobre autores e as distintas tendencias musicais.
- Realizar fichas de autores/as que recollan a súa imaxe e os datos máis relevantes da súa vida e obra.
 - Realizar audicións identificando os sentimentos que produce e relacionándoos coa intención do autor.
- Ler e cantar unha canción con distintas entoacións.
- Escribir e ler letras de distintas cancións e formar un libro cancionero con elas.
- Inventar letras a partires dunha melodía e á inversa.

Actividades relacionadas coa análise, tratamento e exposición da información.

O PDI para este curso, "A diversidade cultural", precisará variedade de actividades e de tarefas integradas, que desenvolverán a análise, tratamento e exposición de información por parte de todos os niveis das dúas etapas.

Actividades relacionadas coa celebración de actividades complementarias ou extra-escolares:

4.3.1. Certames e concursos:

-Participar en certames e concursos convocados polos titores/as, polas campañas de prensa ou do concello, elaborando textos acordes coa temática pedida.

4.3.1. Contacontos e dramatizacións que o concello e a biblioteca ofrecen, ademais das lecturas de contos que protagoniza o alumnado do centro aos máis pequenos/as, como fonte de motivación.

4.3.2. Nas distintas conmemoracións e actividades complementarias propostas tanto no calendario escolar como na PXA poderanse realizar actividades vinculadas coa lectura como poden ser: lecturas de temas relacionados co magosto, a vendima, o Samaín, día da Paz, día de Muller Traballadora, etc... e que irán xurdindo a medida que se vaia desenvolvendo o curso.

Actividades/ propostas relacionadas coa "Hora de Ler":

A "Hora de ler" como actividade ou dinámica dentro do horario diario convértese nun momento de ocio e goce e pode desenvolverse a través de distintas actividades:

- Lectura compartida, entre o alumnado e o profesorado na aula, é dicir, cada neno le un fragmento dun conto, capítulo, episodio etc...e logo todos comentamos o lido.
- Lectura libre, silenciosa, de aqueles libros que o alumno escolla libremente tanto na biblioteca de aula, de centro ou aportacións voluntarias.
- Lecturas para a ampliación de contidos traballados na aula (non estará incluído o libro de texto). Neste caso, poderían ser artigos, prensa, bibliografía referida a contidos que se están a traballar etc.

Actividades para alumnado con NEAE e alumnado procedente do estranxeiro:

Cómpre formular actividades específicas para o alumado con NEAE e de procedencia do estranxeiro, que seguirán o ritmo da clase na medida do posible e atenderanse as súas necesidades dun xeito personalizado en sesións de apoio.

Entre outras actividades podemos indicar as seguintes:

- Formular actividades de comprensión lectora que se adecúen ao nivel concreto con algunha dificultade: comprender o contido liña a liña ou parágrafo a parágrafo.
- Practicar a lectura en voz alta de textos accesibles



- Formular un tema de debate sinxelo para desenvolver a linguaxe oral.
- Facer actividades de busca de vocabulario para elaborar un dicionario persoal.
- Ofrecerlles literatura accesible axeitada ós seus intereses, sempre de calidade, de xeito que accedan a bos libros comprensibles para eles.
- Co alumnado estranxeiro podemos formular actividades de relatarlles narracións orais sobre mitos, contos populares... da cultura de acollida para que aprendan mellor o seu novo contexto.

Ler en familia

Pretendemos promover a súa colaboración a través dos Contacontos Virtuais. Tamén poden participar a través da Actividade de Recomendacións lectoras.

Seguimento do plan e avaliación final

Todo plan ou proposta precisa ser avaliado de cara a valorar a súa eficacia e resultados.

Ó longo do curso, e vinculando a todo o Claustro, faranse avaliacións conxuntas nos equipos de coordinación docente para valorar o desenvolvemento deste plan relacionado coa lectura.

Ó rematar o curso elaborárase unha memoria final onde se recolla o grado de consecución dos obxectivos propostos, así como as propostas de mellora, tanto dos niveis, como do equipo de biblioteca, co fin de ir mellorando de forma progresiva na implantación da lectura como unha actividade normalizada na vida do centro. Todas as conclusións formarán parte da Memoria Final do curso como elemento de reflexión e mellora das accións propostas.

5.5.8. Departamento de Orientación. Plan Anual de Orientación.

Composición

O DO está constituído tal e como establece o Decreto 120/1998, artigo 4º e a Orde do 24 de xullo de 1998, artigo 3º, polo/a Xefe/a do Departamento de Orientación, o profesorado de Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, os/as coordinadores/as de ciclo, unha mestra de Educación Infantil e as mestras responsables das escolas adscritas da zona. Polas dimensións do centro acordouse que o DO constituirase cos coordinadores de nivel da Etapa de Educación Primaria.

DEPARTAMENTO ORIENTACIÓN	
COORDINADORES NIVEL	EI: CAROLINA NIETO HERRANZ 1º: LETICIA BARRAL SEIJAS 2º: Mª BELÉN VÁZQUEZ FREIRE 3º: JOSÉ ÁNGEL GALÁN RODRÍGUEZ 4º: RICARDO PEREIRA AYUDE 5º: SONIA BERMÚDEZ MEIJIDE 6º: BELÉN LÓPEZ CARRO
MESTRAS AUDICIÓN E LINGUAXE	ROCÍO PARDO COUCEIRO Mª FERNANDA LUCAS CASTRILLÓN SUSANA GONZÁLEZ VÁZQUEZ
MESTRES PEDAGOXÍA TERAPEÚTICA	SILVIA Mª FERNÁNDEZ CASTRILLÓN JOSÉ ÁNGEL GALÁN RODRÍGUEZ



	SILVIA NEIRA VARELA BÁRBARA LISETH GARCÍA GUZMÁN RUTH SALGADO TRAVANCA (*)
ESCOLAS ADSCRITAS	CONCEPCIÓN FERNÁNDEZ TORICES (EEI de Coirós) OLGA ABELLA PÉREZ (EEI de Coirós) YOLANDA SÁNCHEZ (EEI de Areas – Paderne) CLARA HERMIDA LÓPEZ (EEI de Viñas – Paderne)
XEFATURA DO DEPARTAMENTO	MANUELA Mª DOMÍNGUEZ LORENZO e ANA MARIÑO SANTIAGO

Plan anual de orientación

A Orientación é un proceso que inclúe a toda a Comunidade Educativa (alumnado, mestres, familias), que se inicia nos primeiros momentos da escolaridade e que se desenvolve ao longo da mesma. É un proceso de axuda continuada que ten como finalidade a prevención e desenvolvemento, constituíndo un elemento esencial para promover a mellora da calidade educativa

Trátase dun proceso global que integra aspectos relativos ao desenvolvemento persoal e social, aos procesos de ensino-aprendizaxe e á toma de decisións e a atención á diversidade.

Marco legal

A Orientación educativa, a labor, funcionamento e composición do DO están reguladas pola seguintes ordes lexislativas:

- o Decreto 120/98, do 23 de abril, polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- o Orde do 24 de xullo de 1998 pola que se establece a organización e funcionamento da orientación educativa e profesional na C.A. de Galicia regulada polo Decreto 120/98.
- o Decreto 229/2011 do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- o Orde do 8 de setembro de 2021, pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- o Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.
- o Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa.
- o Lei Orgánica 3/2020, de 29 de decembro.



A nosa realidade

O Departamento de Orientación do CEIP Francisco Vales Villamarín ten adscritas dúas Escolas Unitarias (Viñas e Areas) e a E.E.I de Coirós.

Polo tanto, o ámbito de intervención do DO exténdese a todo o alumnado do centro e as escolas adscritas.



No noso centro presentamos un elevado número de alumnado con ACNEAE, tal e como se reflexa na gráfica, un cuarto da totalidade. Enténdese por alumnado con necesidade específica de apoio educativo aquel que precisa una atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por atraso madurativo, por trastorno do desenvolvemento da linguaxe e da comunicación, por trastornos de atención o aprendizaxe, por descoñecemento grave da linguaxe de aprendizaxe, por atoparse en situación de vulnerabilidade socioeducativa, pola súas altas capacidades intelectuais, por incorporarse tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar.



O Instituto adscrito ao centro é o IES Francisco Aguiar de Betanzos.

(*) Sinalar que este curso 22/23 temos unha praza de Pedagogía Terapéutica (Nerea Gil González) compartida co CEIP A Castellana (Aranga), acudindo ao noso centro luns, mércores e venres.

Funcións

Os departamentos de orientación desenvolverán as súas funcións naqueles ámbitos relacionados coa orientación psicopedagóxica, académica e profesional e terán as seguintes competencias, tendo en conta o contexto de actuación:

- Valorar as necesidades educativas, no ámbito da orientación, dos alumnos e alumnas do seu entorno e deseñar, desenvolver e avaliar programas específicos de intervención.
- Elaborar, de acordo coas directrices establecidas polas comisións de coordinación pedagóxica, as propostas do plan de orientación académica e profesional, e do plan de acción tutorial dos centros, así como coordinar o profesorado e ofrecerlle soporte técnico para o desenvolvemento destes plans.
- Participar na elaboración dos proxectos educativo e curricular do centro, incidindo nos criterios de carácter organizativo e pedagóxico para a atención ao alumnado con necesidades educativas especiais e nos principios da avaliación formativa, e, cando sexa necesario, na adecuación dos criterios de promoción.
- Deseñar accións encamiñadas á atención temperá e á prevención de dificultades ou problemas de desenvolvemento ou de aprendizaxe derivadas tanto de condicións desfavorables como de altas capacidades que presenten os alumnos e as alumnas.



- e. Participar na avaliación psicopedagóxica e no deseño e desenvolvemento de medidas de atención á diversidade.
- f. Facilitar ao alumnado o apoio e o asesoramento necesarios para afrontar os momentos escolares máis decisivos ou de maior dificultade, como o ingreso no centro, o cambio de ciclo ou etapa e, cando corresponda, a resolución de conflitos de relación interpersoal ...
- g. Impulsar a participación do profesorado en programas de investigación e innovación educativa nos ámbitos relativos a hábitos de traballo intelectual, programas de ensinar a pensar, habilidades sociais, técnicas de dinámica de grupos e calquera outros relacionados co seu ámbito de actuación.
- h. Promover a cooperación entre o centro e as familias, implicándoas no proceso educativo dos seus fillos e fillas.
- i. Favorecer o proceso de maduración vocacional orientando e asesorando ao alumnado sobre as súas posibilidades académicas.
- b. m) Aqueloutras que a Administración educativa puidéselle encomendar no ámbito das súas funcións.

As funcións do **profesorado de pedagogía terapéutica e audición e linguaxe** son as seguintes:

- a. Atención directa docente ao alumnado con neae.
- b. Colaboración nas cuestións relacionadas coa educación do alumnado suxeito a medidas de atención á diversidade.
- c. Colaboración na avaliación inicial do alumnado e nas sesións de avaliación que afecten ao alumnado con neae. No caso do especialista de AL, naquelas dificultades relacionadas coa comunicación e linguaxe.
- d. Colaboración co Departamento de orientación na elaboración do plano de actuación respecto ó alumnado con neae.
- e. Colaboración co/a titor/a e resto do profesorado na elaboración das adaptacións curriculares e no seguimento e avaliación das mesmas, así como nos reforzos educativos e outras medidas de atención á diversidade.
- f. Colaboración no asesoramento ao profesorado que imparte docencia directa ao alumnado con neae, así como a familia destes alumnos/as.
- g. Elaboración de materiais específicos e recursos destinados ao alumnado con necesidades educativas especiais.
- h. Aqueloutras funcións que se lle puidesen asignar neste ámbito.

Ademais o profesorado de Audición e Linguaxe:

- i. Prestará colaboración na elaboración e desenvolvemento, na medida do posible, de programas relacionados con problemas de comunicación, especialmente en programas de prevención e estimulación da linguaxe en Educación Infantil e o primeiro nivel de Educación Primaria. Contará coa colaboración da orientadora do centro.
- j. Prestará colaboración no asesoramento ao profesorado na programación de actividades para a prevención e tratamento das dificultades na área de linguaxe.

A **xefatura do departamento de orientación** terá as seguintes funcións:

- a. Dirixir e coordinar as actividades e actuacións propias do departamento.
- b. Responsabilizarse da redacción do plan de actividades do departamento, velar polo seu cumprimento e elaborar a memoria final de curso.



- c. Participar na elaboración do proxecto educativo e do proxecto curricular de etapa, representando ao departamento na comisión de coordinación pedagóxica.
- d. Convocar e presidir as reunións do departamento conforme ao procedemento que se estableza.
- e. Velar pola confidencialidade dos documentos, cando cumpra.
- f. Coordinar a organización de espazos e instalacións para a orientación, a adquisición de material e de equipamento específico, velando polo seu uso correcto e conservación.
- g. Realizar as avaliacións psicopedagóxicas, no seu caso, e asesorar no deseño, desenvolvemento e avaliación das medidas de atención á diversidade conforme ao procedemento que se estableza.
- h. Facilitar a colaboración entre os membros dos departamentos de orientación implicados.
- i. Coordinar, en colaboración co profesor ou profesora de apoio, a atención do alumnado con necesidades educativas especiais, elevando ao xefe de estudos, cando sexa necesario, a proposta de organización da docencia para este alumnado.
- j. Aqueloutras funcións que a Administración educativa pódalle asignar referidas á orientación.

Horario

O DO completo, sen as representantes das escolas unitarias (por operatividade dado o volume do noso centro), reunirse o segundo martes de cada mes en horario de tarde. A coordinación entre os mestres de AL e PT cos/as Orientadores/as levarase a cabo os martes de 17:00 a 18.00 h.

Poderán existir reunións noutros horarios, sempre dentro do tempo de obrigada permanencia do profesorado no centro, en función das necesidades que se presenten.

O DO ao completo, coas escolas unitarias, reunirse cando menos unha vez ao trimestre.

Os /as xefes/as do departamento reunirse, cando menos, unha vez ao trimestre coas coidadoras.

Obxectivos

A orientación ten como obxectivo principal contribuír ao desenvolvemento integral de TODO o alumnado; asesorar ás familias en diferentes temas psicopedagóxicos, así como tamén, ao profesorado para mellorar a labor educativa de todos. Así mesmo, o Departamento, en colaboración coa familia e mestres/as teñen como labor fundamental previr e/ou detectar aqueles problemas que se poidan presentar dentro dos procesos de ensinanza/aprendizaxe.

Ten como finalidade acadar a cooperación de toda a comunidade educativa para lograr o desenvolvemento persoal, social e académico de todo o alumnado do Centro. Pretende ser unha ferramenta máis para facilitar o asesoramento, intervención e seguimento psicopedagóxico ao profesorado, alumnado e familias.

Con relación ao centro

- a. Contribuír á mellora da calidade do ensino no centro.
- b. Colaborar na dinamización da planificación e organización educativa.
- c. Contribuír na inclusión de TODO o alumnado.
- d. Colaborar na elaboración de documentos do centro.
- e. Sensibilizar e contribuír na formación dos distintos axentes educativos sobre a atención á diversidade, entendida coma un valor



- f. Motivar ao alumnado do centro cara as aprendizaxes escolares e conseguir cos alumnos teñan unha autonomía axeitada e positiva.
- g. Fomentar nos alumnos o emprego de habilidades sociais propias da súa idade.
- h. Fomentar a convivencia no centro.
- i. Colaborar na elaboración e revisión dos criterios de avaliación e estándar de avaliación inicial, formativa e final dos niveis, así como dos criterios de promoción.
- j. Colaborar na revisión dos criterios e procedementos previstos para a organización da atención a diversidade , así como para o establecemento dos Reforzos educativos especializados e das adaptacións curriculares.
- a. Cooperar coa comunidade educativa (profesorado, equipo directivo, coidadoras, comisións , departamentos, ANPA...) para favorecer canles de comunicación e actuación.
- b. Potenciar a coordinación e cooperación entre o centro e as familias , facéndoaos partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poidan incidir en maior medida.
- c. Fomentar o emprego das tecnoloxías da información e da comunicación no campo da orientación e do asesoramento.

Con relación ao alumnado

- a) Contribuír á adecuación dos procesos de ensino-aprendizaxe ás características, estilos de aprendizaxe e motivacións de cada alumno/a.
- b) Procurar a inclusión de todo o alumnado na aula e centro.
- c) Atender ás demandas persoais de orientación que se presenten
- d) Facilitar a incorporación do alumnado novo ao noso centro.
- e) Establecer un plan de accións para a orientación educativa do alumnado do centro en 6º de educación primaria.
- f) Contribuír no desenvolvemento da orientación educativa e acción tutorial con fines preventivos, compensadores e de desenvolvemento persoal.
- g) Aplicar programas que desenvolvan a adquisición de habilidades, técnicas de traballo intelectual e estratexias de aprendizaxe, contempladas no propio currículo.
- h) Identificar as necesidades e potencialidades do alumnado con NEAE, concretando as pautas de actuación.
- i) Fomentar no alumnado as actitudes cooperativas no Centro, e no seu entorno socio-cultural.
- j) Previr e actuar nas dificultades de aprendizaxe.
- k) Contribuír na axeitada posta en práctica das medidas de atención á diversidade.
- l) Organizar os apoios do alumnado que precise reforzos especializados .
- m) Colaborar na elaboración e seguimento das adaptacións curriculares.
- n) Coordinar as accións que favorezan o tránsito do alumnado entre etapas educativas, especialmente cando cambien de centro educativo.

Con relación ao profesorado

- a) Coordinar as actuacións do profesorado: Titores/as, especialistas, profesorado especialista de P.T e A.L e Orientador/a de cara a dar resposta á diversidade de alumnado.
- b) Coordinar o proceso de avaliación formativa de cada grupo.



- c) Asesorar ó profesorado na planificación, desenvolvemento e avaliación do seu traballo.
- d) Implicar ao profesorado nas tarefas de acción tutorial e orientación educativa.
- e) Colaborar na resolución das necesidades que teñen os/as titores/as para levar a cabo a función tutorial.
- f) Apoiar a actuación do profesorado, proporcionándolle a información sobre recursos materiais, didácticos e estratexias metodolóxicas que podan favorecer o seu labor docente e tutorial.
- g) Colaborar na detección das necesidades de formación permanente do claustro de profesores do centro e contribuír á superación de ditas necesidades, impulsando e organizando accións formativas
- h) Promover a participación do profesorado en proxectos e programas de innovación educativa.

Con relación ás familias

- a) Promover actividades informativas e orientadoras que impliquen ás familias na consecución dos obxectivos educativos marcados.
- b) Establecer contactos periódicos coas familias de forma individual ou colectiva, coa fin de asumir conxuntamente a orientación educativa dos seus fillos/as.
- c) Informar e asesorar ás familias do alumnado con NEAE.
- d) Fomentar a participación activa e construtiva das familias na escola.
- e) Impulsar e organizar sesións formativas e divulgativas de interese para as familias.

Con relación a outras institucións

- a) Coordinar as actuacións cos diversos centros educativos que existen no concello.
- b) Implicar a todos os centros educativos do Concello na formación e sensibilización sobre a atención á diversidade.
- c) Colaborar cos servizos sociais do concello naqueles casos que o precisen tanto para o alumnado coma para as súas familias.
- d) Solicitar a participación e o asesoramento do E.O.E , nos temas e casos que se considere necesario.
- e) Colaborar con diferentes especialistas que inciden no noso alumnado (psicólogos, pedagogos, médicos..) e coordinar o traballo con eles para acadar o axeitado desenvolvemento do noso alumnado.
- f) Difundir as accións pedagóxicas de éxitos de outras entidades, especialistas...



26.6. Planificación xeral e definición das accións prioritarias.

	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación ao CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> ○ Revisar e concretar o Plan Xeral de Orientación (PXO). ○ Concretar as Medidas de Atención á Diversidade para o presente curso escolar ○ Velar polo seu desenvolvemento. ○ Conmemoración Do Día das Persoas con Discapacidade ○ Desenvolvemento de actividades encamiñadas á sensibilización e formación sobre a atención á diversidade dentro do PDI do centro ○ Elaborar a memoria do Plan de orientación Anual ○ Difundir as actividades do centro relacionadas co DO a través da AULA VIRTUAL. ○ Colaborar na actualización das NOF do centro ○ Colaborar no desenvolvemento do Programa de Educación Responsable 	<ul style="list-style-type: none"> - Setembro - Setembro - Todo o curso - Decembro - Todo o curso - Xuño - Todo o curso - Ao longo do curso
Con relación ao PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> ○ Asesoramento nas medidas ordinarias de atención á diversidade a desenvolver co seu alumnado. ○ Reunión inicial para informar do desenvolvemento persoal, académico e social de cada alumno/a ○ Proposta de recursos e materiais <input type="checkbox"/> Libros de texto para alumnado con nee ○ Asesoramento no deseño, desenvolvemento e avaliación das adaptacións curriculares e doutras medidas extraordinarias. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Setembro - Ao longo de todo o curso. - Xuño - Setembro/outubro ou cando se considere oportuno.
Con relación ao FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Entrevistas continuas: recollida de datos para a avaliación inicial/psicopedagóxica do/a alumno/a e asesoramento/seguimento posterior. - Informar sobre recursos e axudas. - Facilitar información e documentación para consecución de BECAS para alumnado con nee. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso - Setembro



	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación ao ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> ○ Avaliación inicial por parte da Orientadora do alumnado de 4º EI ○ Realización das avaliacións e informes psicopedagóxicos pertinentes. ○ Realización de informes finais de etapa, informes de cambio de centro, informes dos alumnos con NEAE. ○ Elaborar informes para as BECAS de alumnado con necesidades educativas especiais ○ Atención docente directa a través dos mestres de PT, AL e intervencións do/a Orientador/a con determinado alumnado. <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Concreción dos apoios e horarios dos mestre de PT e AL e coidadoras, baixo a coordinación da Xefatura de Estudos <input type="checkbox"/> Elaboración/actualización de listado de alumnado con ACNEAE, seguimento por Servizos Sociais, apoios externos, etc.. ○ Colaborar na elaboración das Adaptacións Curriculares pertinentes. <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> Participar na convocatoria inicial <input type="checkbox"/> Coordinar o seu seguimento ○ Revisar a resposta educativa do alumnado con NEAE e a modalidade de escolarización cando sexa necesario. ○ Realizar demandas EOE ○ Cumprimentar o DRADI ○ Cumprimentar o DRDOrienta 	<ul style="list-style-type: none"> - Todo o curso - Cando corresponda segundo criterios PO - Cando corresponda segundo criterios PO - Setembro - Ao longo de todo o curso - 2ª quincena de setembro - 1ª quincena de setembro e unha vez ao trimestre - Outubro - Setembro - Unha vez ao trimestre - Ao longo de todo o curso - Setembro e sempre que se considere oportuno - Outubro - Xuño-Xullo



	ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación a outras INSTITUCIÓNS	<ul style="list-style-type: none">- Solicitar colaboración para a sensibilización e formación sobre a atención á diversidade ou calquera outra actividade formativa de interese para a Comunidade Educativa.<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> ONCE<input type="checkbox"/> ASPERGA<input type="checkbox"/> ASPACE<input type="checkbox"/> INGADA<input type="checkbox"/> ASPANAES<input type="checkbox"/> FAXPG...- Establecer canles de comunicación con servizos externos:<ul style="list-style-type: none"><input type="checkbox"/> Reunións bimensuais cos Servizos Sociais dos diferentes concellos e coordinación mensual de alumnado con seguimento escolar.<input type="checkbox"/> Reunións cos gabinetes externos que traballan co alumnado.<input type="checkbox"/> Reunión anual con Cruz Vermella para coordinar o traballo co alumnado que acude a apoio escolar e comunicación periódica por e-mail.<input type="checkbox"/> Autorización cesión de datos nos casos que se precise (logopedas/ psicólogos/ psicopedagogos externos; asociacións...)	<ul style="list-style-type: none">- Ao longo de todo o curso e de xeito específico no mes de Decembro (Día das Persoas con Discapacidade) e Maio (para as Xornadas de Sensibilización)- Todos os meses- Ao longo do curso, segundo necesidade ou petición.- Trimestralmente.- Outubro/ cando xurda a necesidade.



	PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación ao CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na determinación dos criterios de avaliación e promoción dacordo á lexislación vixente. - Asesorar e colaborar nas programacións de nivel. - Contribuír á innovación educativa e ao fomento de metodoloxías activas para acadar unha verdadeira educación por competencias no noso alumnado (difusión de experiencias, colaboración na posta en marcha de asesoramento...) 	<ul style="list-style-type: none"> - Setembro - Setembro - Ao longo de todo o curso
Con relación ao ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na prevención e detección de problemas e dificultades de aprendizaxe. <input type="checkbox"/> Avaliación inicial alumnado de 4º EI <input type="checkbox"/> Avaliación da linguaxe oral en 1º EP <input type="checkbox"/> Avaliación do alumnado de 6º EI escolas adscritas. - Colaborar na avaliación da competencia curricular en 3º EP e 6º EP. - Coordinar e desenvolver o Programa de Acollida do alumnado procedente de Unitarias. <input type="checkbox"/> Visita mensual ás Escolas Unitarias. Planificación de actividades coordinadas e conxuntas. <input type="checkbox"/> Xornadas de Convivencia - Colaborar no Programa de actividades que facilitan a incorporación do alumnado ao IES. <input type="checkbox"/> Visita ao IES Francisco Aguiar - Visita ás Garderías do Concello para coñecer ao alumnado de nova incorporación ao centro. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - 1º- 2º Trimestre - Setembro - Marzo/Abril/Maio - Maio - Ao longo do curso, principalmente no mes de Xuño - Abril - Xuño



	PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación ao PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> - Participar nas sesión de avaliación. - Coordinar e contribuír no desenvolvemento dos grupos de reforzo. - Facilitar probas de competencia curricular. - Fomentar metodoloxías baseadas no traballo por proxectos, aprendizaxe cooperativa... - Facilitar recursos e materiais. - Asesorar no desenvolvemento de técnicas de estudo. - Contribuír no deseño e posta en marcha dos plans de reforzo individuais para o alumnado que permanece ano máis no nivel ou promociona con algunha área suspensa. - Colaborar no Programa de actividades que facilitan a incorporación do alumnado a unha nova etapa Educativa. <input type="checkbox"/> Reunión co DO dos IES do Concello para facilitar información sobre o alumnado que solicita matrícula <input type="checkbox"/> Reunión entre titoras 6º EI – 1º EP 	<ul style="list-style-type: none"> - Decembro/Marzo/Xuño - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso - Setembro - Xuño - -Setembro
Con relación ás FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Asesorar ás familias sobre a incorporación ás diferentes etapas educativas e colaborar no Programa de actividades que facilitan a incorporación do alumnado ao centro e os IES, principalmente nas charlas informativas para as familias de: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> 4º EI <input type="checkbox"/> 1ºEP <input type="checkbox"/> 6ºEP - Fomentar a participación activa das familias nas actividades de ensino-aprendizaxe. - Facilitar información sobre servizos externos. - Facilitar información para favorecer o axeitado desenvolvemento dos seus fillos/as. 	<ul style="list-style-type: none"> Ao longo de todo o curso o Setembro o Setembro o Febreiro o Ao longo de todo o curso o Ao longo de todo o curso



	PROCESO DE ENSINO-APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación a outras INSTITUCIÓN	<ul style="list-style-type: none"> - Intercambiar información relevante para o desenvolvemento académico do/a alumno/a, previa autorización familiar, coas entidades que estean a traballar co alumno/a - Coordinar, cando menos unha vez ao ano, a intervención co alumnado que acude a clases de reforzo impartidas polo Concello de Coirós e Paderne. - Reunión anual con Cruz Vermella para coordinar o traballo co alumnado que acude a apoio escolar e comunicación periódica por e-mail. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - 1º trimestre - 1º trimestre

	PLAN DE ACCIÓN TITORIAL	TEMPORALIZACIÓN
Con relación ao CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na actualización/concreción do Plan de Acción Tutorial - Contribuír no desenvolvemento do Plan de Convivencia. - Colaborar no desenvolvemento do Programa de Educación Responsable 	<ul style="list-style-type: none"> - Setembro - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso
Con relación ao ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolver actividades do Plan de Acción Tutorial e Convivencia: <ul style="list-style-type: none"> <input type="checkbox"/> programa de habilidades sociais nas aulas que se considere, previa valoración por parte do equipo do centro, baixo a coordinación da Xefa de Estudos; <input type="checkbox"/> Paso á ESO; <input type="checkbox"/> resolución de conflitos entre iguais (mediación)... - Organización e desenvolvemento do Patio de Cores 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Cando se considere necesario segundo criterios Equipo Director - Febreiro/Abril/Xuño - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso



Con relación ao PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none"> - Facilitar, a petición do profesorado, probas para desenvolver a avaliación inicial do alumnado. - Facilitar a colaboración e asesoramento na procura da coordinación nos cambios de etapa, curso... - Facilitar actividades e recursos para o desenvolvemento do Plan de Acción Titorial. 	<ul style="list-style-type: none"> - Setembro - Setembro/Xuño - Ao longo de todo o curso
Con relación FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar e facilitar a comunicación familia-escola. - Mediar en situacións conflitivas 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso
Con relación a ou INSTITUCIÓNS	<ul style="list-style-type: none"> - Coordinar as reunións iniciais, e todas aquelas que se considere necesario ao longo do curso, entidades externas ao centro e titores de alumnado beneficiario dos seus servizos para acadar o axeito desenvolvemento do alumnado. - Participar no Plan Director de Convivencia e colaborar coas actividades establecidas para o ano de convocatoria. 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso segundo calendario.

	FORMACIÓN PERMANENTE	TEMPORALIZACIÓN
Con relación CENTRO	<ul style="list-style-type: none"> - Colaborar na planificación e valoración do PFPP de centro. - Colaborar na posta en marcha do mesmo. - Coordinar, en colaboración coa Xefatura de Estudos, o Equipo de Educación Responsable 	<ul style="list-style-type: none"> - Setembro/Xuño - Ao longo de todo o curso - Ao longo de todo o curso
Con relación ALUMNADO	<ul style="list-style-type: none"> - Fomentar a sensibilización e formación do alumnado en torno ao concepto de diversidade, discapacidade/ou condición persoal que se considere oportuno. <input type="checkbox"/> Charlas informativas nas aulas con alumnado con nee que precisen do seu coñecemento, p autorización das familias <input type="checkbox"/> Planificar actividades entorno á conmemoración do 3 de Decembro, Día das Persoas con Discapacidade 	<ul style="list-style-type: none"> - Ao longo de todo o curso - Cando se considere necesario - Decembro



Con relación ao PROFESORADO	<ul style="list-style-type: none">○ Fomentar actividades formativas no centro encamiñadas á mellora educativa.○ Colaborar na organización das Xornadas de sensibilización e formación sobre a atención á diversidade que se realizarán no mes de maio-xuño.○ Favorecer a formación permanente do profesorado a través da coordinación e participación no desenvolvemento das actividades englobadas no itinerario sobre Atención á Diversidade do PFPP que levará a cabo no centro.	<ul style="list-style-type: none">- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso
Con relación ás FAMILIAS	<ul style="list-style-type: none">- Colaborar na organización das Xornadas de sensibilización e formación sobre a atención á diversidade- Facilitar información sobre formación externa ao centro .- Fomentar actividades formativas do seu interese.	<ul style="list-style-type: none">- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso
Con relación a outras INSTITUCIÓNS	<ul style="list-style-type: none">- Fomentar a colaboración e actividades formativas no centro por parte de Asociacións e outras institucións que contribúan ao axeitado desenvolvemento do noso alumnado.- Participar no Plan Director de Convivencia.- Colaborar coa Fundación Botín (Programa Educación Responsable)	<ul style="list-style-type: none">- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso- Ao longo de todo o curso



Concreción do Plan Xeral de Atención á Diversidade

Detectaranse as necesidades educativas canto antes, para dar unha resposta axeitada e poder acadar o éxito escolar, e será fundamental a colaboración e coordinación tanto coa familia como cos servizos externos implicados na educación dos alumnos e alumnas.

As actuacións, estratexias e/ou programas destinados a proporcionar unha resposta axustada ás necesidades educativas do alumnado veñen establecidas na Orde do 8 de Setembro de 2021 pola que se regula e actualiza o RD do 7 de Decembro de 2011, que regula a Atención á Diversidade do Alumnado dos Centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia en que se imparten as ensinanzas establecidas na lei orgánica 2/2006, do 3 de Maio, de Educación.

Clasifícanse en ordinarias e extraordinarias e, no presente curso escolar, son as seguintes:

Medidas ordinarias (para todo o alumnado e que non afectan ao currículo prescrito, sen alteración significativa de obxectivos, contidos e criterios de avaliación).

- Adecuación da organización do centro e aula (horarios, agrupamentos, espazos).
- Adecuación das programacións didácticas ao alumnado.
- Respetaranse os principios de aprendizaxe significativa, deseñando actividades que permitan ao alumnado establecer relacións entre os coñecementos previos e as novas aprendizaxes. Así, fomentaranse as metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos...
- Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria, sempre dentro da aula ordinaria e só excepcionalmente se poderán levar a cabo fóra da aula.
- Programa de enriquecemento curricular.
- Grupo de reforzo nas áreas instrumentais básicas.

Dado o elevado número de alumnado do noso centro e as necesidades educativas que presentan compre determinar uns criterios de priorización á hora de establecer a medida de reforzo educativo por parte dun mestre con dispoñibilidade horaria.

Realizará o apoio, nas áreas instrumentais básicas, dentro da aula ordinaria que se considere, e segundo os seguintes criterios:

- 1º. Aulas nas que exista alumnado con NEAE con adaptación curricular e/ou alumnado con NEE asociadas a discapacidade.
- 2º. Aulas que presenten alumnado con condutas disruptivas asociadas a trastorno grave de conduta e/ou TDAH.
- 3º. Aulas que presenten alumnado con severas dificultades de aprendizaxe asociadas a condicións sociofamiliares desfavorecidas e/ou incorporación tardía ao noso sistema educativo.



En relación as especialidades, o reforzo educativo será levado a cabo polo profesorado especialista nesa materia con dispoñibilidade horaria e só excepcionalmente, de non ser isto posible, en casos de alumnado con NEE asociadas a discapacidade e ACS na materia e/ou trastorno grave de conduta, o reforzo será facilitado polo titor ou outro mestre con dispoñibilidade horaria.

A. Medidas extraordinarias (que só se contemplan para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e requiren de autorización. Aplicaranse despois de ser esgotadas as de carácter ordinario ou por resultaren estas insuficientes e implican modificacións significativas do currículo ordinario e/ou supoñen cambios esenciais no ámbito organizativo, nos elementos de acceso ao currículo ou á modalidade de escolarización)

- Flexibilizacións da duración do período de escolarización.
- Adaptacións curriculares: realizarase, para dar resposta ás necesidades educativas dun alumno ou alumna, polo mestre titor e/ou da materia en colaboración co mestre de apoio e asesoramento do Departamento de Orientación.
- Apoio do profesorado de PT/AL: priorizarase o apoio na comunicación e competencia lingüística e lóxico-matemática baixo os principios de inclusión que rexen no noso centro, priorizarase que sexa dentro da aula ordinaria e só para traballar aspectos moi específicos se levará a cabo fóra da aula.

Dado o elevado número de alumnado do noso centro e as necesidades educativas que presentan é preciso establecer uns criterios preferentes de actuación:

- 1º. Previo informe psicopedagóxico e/ou Ditame do EOE, recibirá apoio por parte dos especialistas de PT/AL o alumnado con ACS e NEE asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, Trastorno de Espectro Autista, TDAH, dificultades graves de conduta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.
- 2º. Previo informe psicopedagóxico e/ou Ditame do EOE, o alumnado con dificultades de aprendizaxe asociadas a discapacidade motórica, sensorial, psíquica, trastorno xeneralizado do desenvolvemento (TXD), TDAH, dificultades graves de conduta e alumnado con desfase curricular por incorporación tardía ao sistema educativo.
- 3º. Alumnado con dificultades de aprendizaxe e ACS asociadas a condicións persoais ou historia familiar e/ou escolar.
- 4º. Alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe asociadas a trastorno específico da linguaxe, necesidades educativas asociadas a atraso da linguaxe, dificultades da fala, dificultades de lectoescritura, cálculo e resolución de problemas.
- 5º. Outras dificultades asociadas a necesidades educativas derivadas de altas capacidades.

Priorizarase a atención ao alumnado con menor idade para evitar futuras dificultades e establecer o antes posible os mecanismos para acadar o éxito escolar así como aqueles con maior número de cursos de desfase curricular co grupo de referencia.

Na etapa de E. Infantil ante o alumnado que presenta dificultades no axeitado desenvolvemento da linguaxe priorizarase a intervención grupal, na aula ordinaria, a través do Obradoiro de Estimulación da Linguaxe, de forma que a intervención específica que para uns ten carácter rehabilitador, para todos ten un carácter preventivo e de estimulación facilitando o axeitado desenvolvemento da linguaxe e da fala. A mestra de AL poderá intervir directamente no grupo-clase (se presenta dispoñibilidade horaria seguindo os criterios de



priorización de actuación) ou ben asesorar á mestra de aula na programación e posta en práctica do Obradoiro, deseño de actividades, recursos...

A atención á diversidade é cousa de todos, é dicir, o axeitado desenvolvemento das medidas e accións que teñen como finalidade adecuar a resposta educativa ás diferentes características e necesidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións, intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado.

Unha das funcións do/a Orientador/a dun centro, entre moitas outras, como se especifica no Plan de Orientación, é a de realizar as **avaliacións psicopedagóxicas** do alumnado que se reflectirán no seu correspondente informe. Dado o elevado número de demandas que xorden ao longo do curso compre establecer uns **criterios de priorización** de actuación en relación a este aspecto:

1º Criterio de urxencia:

- Ditames de escolarización (cando xurdan)
- Informes para ACS (prioritarios no 1º trimestre)
- Informes para a flexibilización en EI e EP (prioritarios no 3º trimestre)
- Informes para a flexibilización escolar de alumnado con altas capacidades (cando xurdan)

2º Por orde de antigüidade de solicitude de intervención e gravidade:

- Demandas por orde de antigüidade de alumnos con sospeita de Dificultades Específicas de Aprendizaxe derivadas de n.e.e. asociadas a discapacidade física, psíquica ou sensorial, Trastorno Grave de Conduta e/ou TDAH
- Actualización de informes con máis de dous anos de antigüidade de alumnado con dificultades específicas de aprendizaxe derivadas de n.e.e. asociadas a discapacidade física, psíquica ou sensorial, Trastorno Grave de Conduta e/ou TDAH
- Demandas por orde de antigüidade de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Actualización de informes con máis de dous cursos de antigüidade de alumnado con dificultades de aprendizaxe.
- Alumnado con outras necesidades específicas de apoio educativo asociadas a condicións de historia persoal e/ou familiar (segundo grado de gravidade).

O procedemento a seguir para a realización dunha avaliación psicopedagóxica é presentar unha solicitude de intervención cuberta por titor/a (unha vez considere esgotadas as medidas ordinarias) ou pai/nai. (En caso de que sexa a familia a demandante e se atopen en situación de separación compre estar asinada por ambos proxenitores).

Concretada a demanda realízase a avaliación ordinaria para establecer a intervención máis axeitada á necesidade detectada:

- o Obter información do profesorado/familia/outros relativa ao funcionamento do/a alumno/a.
- o Administrar as probas e/ou cuestionarios que se consideren.
- o Recoller datos da observación directa ou indirecta.
- o Determinar a necesidade específica atopada proporcionando as orientacións pertinentes.



- Elaborar, se é o caso, proposta individualizada de reforzo educativo onde se concretará o plan de traballo a seguir e o tipo de apoio preciso, en coordinación co profesorado implicado:
 - Reforzo educativo sen apoio
 - Reforzo educativo con apoio específico:
 - Na aula ordinaria
 - En aula específica: PT, AL ou agrupamento.
- Realizarse a avaliación do progreso do/a alumno/a e a eficacia das medidas adoptadas. No caso de que as medidas anteriores non fosen suficientes, realizarse a oportuna avaliación psicopedagóxica seguida da toma de decisións consecuentes.
- Chegado o caso, autorización escrita por parte da familia para proceder á realización da avaliación facilitada pola orientadora do centro.
 - Cumplimentación por parte do titor/a de cuestionario de información inicial.
 - Inicio do proceso de avaliación por parte do/a Orientador/a:
- * Análise de historial do alumno/a, informes e documentos facilitados polo centro, mestres..
- * Observación do/a alumno/a en aula e tempo de lecer.
- * Entrevista coa familia e análise de informes e documentos facilitados.
- * Aplicación de probas psicopedagóxicas, se procede.

Os resultados da avaliación psicopedagóxica reflexaranse nun informe que ten carácter confidencial. O titor/a e a familia será informada dos resultados e estes poderán levar copia do mesmo, previa solicitude do mesmo por escrito.

O informe incluirá os seguintes aspectos:

- a) Datos persoais, historia escolar e motivo da avaliación.
- b) Desenvolvemento xeral do/a alumno/a, que incluirá, se é o caso, as condicións persoais de saúde, de discapacidade ou de sobredotación, o nivel de competencia curricular e o estilo de aprendizaxe.
- c) Aspectos máis relevantes do proceso de ensino e aprendizaxe na aula e no centro escolar, tendo en conta as observacións realizadas e a información facilitada polo profesorado e outros profesionais que interveñan na educación e o tratamento individualizado do/a alumno/a.
- d) Influencia do contorno sociofamiliar no desenvolvemento do/a alumno/a.
- e) Identificación das necesidades educativas especiais que permitan a adecuación da oferta educativa e a previsión dos apoios persoais e materiais a partir dos recursos existentes ou que poidan ser incorporados.
- f) Orientacións para a proposta curricular e para o mellor desenvolvemento persoal e sociofamiliar do/a alumno/a.



Seguimento e avaliación do Plan Anual de Orientación

A través dunha reflexión crítica sobre o desenvolvemento das actuacións emprendidas poñeranse en marcha os procesos de mellora.

Os criterios de avaliación serán:

- A resposta ás demandas da comunidade educativa.
- A satisfacción das necesidades de orientación do centro.
- O grado de axuste á realidade do colexio.
- A resposta á diversidade.
- O apoio á comunidade educativa no desenvolvemento das accións de mellora da intervención educativa.
- O asesoramento e apoio en relación a todo o relacionado coas accións de desenvolvemento da lexislación vixente.
- A promoción das relacións dos distintos sectores da comunidade educativa e a participación na vida do centro.
- A relación cos axentes externos.
- O apoio ao alumnado para favorecer o seu desenvolvemento integral.
- A promoción e apoio á convivencia.

Para a avaliación deste plan de orientación utilizaremos as seguintes procedementos e/ou instrumentos: As reunións de coordinación, cuestionarios, análise dos resultados escolares e das probas de avaliación externas, entrevistas, análise do clima de convivencia no centro, memorias finais, análise de documentos, análise de tarefas que nos darán información acerca de:

- a) Desenvolvemento das accións prioritarias.
- b) As accións previstas e non realizadas.
- c) As modificacións e/ou actuacións introducidas.
- d) Reunións celebradas.
- e) A participación nas reunións do Departamento.
- f) O número de demandas recibidas.
- g) O número de demandas atendidas.
- h) Instrumentos e/ou documentos elaborados.
- i) O desenvolvemento do propio Plan Anual do DO.
- j) E outras que poidan ser de interese.

As conclusións de esta avaliación e análise crítica recollerase na Memoria Anual de departamento que se realizará no mes de xuño.

5.5.9. Equipo Voz Natura. O teu consumo deixa pegada.

Xustificación do proxecto e lugar onde se levará a cabo.

Levamos varios cursos escolares desenrolando un proxecto medioambiental no centro, podemos dicir que estes xa está forma parte de sentir da meirande parte do claustro de mestres e do seu alumnado.



Somos un centro educativo que traballa a través de Proxectos Documentais Integrados, onde se mesturan os diferentes equipos (DO, Biblioteca, Dinamización da lingua Galega, Tics,...) e do que o equipo de Voz Natura supón un pilar máis no que sosterse.

Para lograr unha maior efectividade no traballo e non sobrecargar ao profesorado e alumnado tratamos de que a proposta de actividades estea en consonancia coa PDI da biblioteca, este ano será sobre a Terra. Cada nivel realiza un enfoque diferente que agardamos poder amosar a todo a comunidade educativa.

A horta de Mero: Deixando pegada

Enmarcándonos na proposta da PDI da Biblioteca, Mero será a voz da ecoconciencia en tódalas investigacións que se realicen en cada nivel, nas diferentes temáticas que cada quen escolleu.

Quen é Mero?

Mero é o noso “xardineiro” da escola. Durante todo o ano nos envía cartas as aulas para comentarnos sobre o inicio dalgunhas actividades (apadriñamento de macetas, reciclaxe de residuos orgánicos, recuncho verde de lectura,...)

Mero é moi amigo de Leo (a mascota da biblioteca), e entre os dous buscaron un lugar no patio onde plantas e libros van da man.

Un pequeno recuncho verde no noso centro con dous bancos aportados polo Concello, unhas plantas e un baúl de libros que pretende converterse na punta do iceberg dun patio diferente, un patio máis en contacto coa natureza e de relax. Esperamos este ano poder darlle un novo pulo a este espazo.

Ámbito: Urbano

A vila de Betanzos sempre tivo un forte vínculo coa agricultura de hortas que aínda perdura hoxe en día a pesar da crecente urbanización.

Este feito constátase na celebración de mercados tres días á semana nos que se comercializan produtos das hortas que se atopan nos arrabais e nas aldeas próximas.

Titularidade do terreo.

Os terreos están situados dentro das instalacións do centro, tanto no caso do centro de EP como no centro de EI.

Superficie.

No centro de EP o espazo é aproximadamente de 10 m cadrados. No pasado curso escolar, o Concello rehabilitou o espazo da horta, creando 8 bancais que facilitan o traballo. Tamén contamos cun pequeno invernadoiro. As obras do patio permitirán ampliar este espazo.

No edificio de EI contamos cun pequeno invernadoiro e cun xardín, que tamén necesitan dunha posta a punto.

O espazo de cociña seguirá sen poder usarse, por necesidades de atención ao alumnado do centro.

Equipo:



Coordinadora: 2ºEP: Mª Belén Vázquez Freire
3 anos EI: Ana Mª Pérez Vázquez
1ºEP: Mª Belén Sánchez Varela.
2ºEP: Mª Belén Vázquez Freire

3ºEP: Azucena Bermúdez Meijide
4ºEP: Ricardo Pereira Ayude
5ºEP: Mª Luisa Martínez Duarte
6ºEP: Lucía López Carro

Obxectivos

Obxectivo: Iniciarse na actividade científica.

Obxectivos específicos:

- Buscar e seleccionar información e transmitila a través dalgún soporte (oral, escrito, plástico,...)
- Manifestar autonomía na planificación de accións e tarefas.
- Utilizar estratexias para traballar en equipo e respectar aos compañeiros/as, o material e as normas de convivencia.
- Reflexionar sobre o traballo realizado.
- Valorar de forma construtiva os traballos dos demais.

Obxectivo: Valorar o traballo e o esforzo do coidado da horta e do xardín.

Obxectivo específico:

- Coidar as plantas, macetas do noso cole... e dos nosos parques.
- Favorecer o traballo cooperativo no coidado do noso entorno.

Obxectivo: Incorporar coñecementos sobre a horticultura ecolóxica.

Obxectivos específicos:

- Coñecer os aspectos básicos da horticultura: calendario de semente, influencia da lúa,...
- Empregar o material de forma axeitada.
- Coñecer diferentes formas de cultivo (sementes, bulbos, talos,...).
- Aprender sobre os principais materiais que precisan as plantas para vivir.
- Aprender a coidar das plantas de forma sostible.
- Experimentar no cultivo de hortalizas: influencia da lúa,, beneficios ou prexuízos entre dúas plantas,...

Obxectivo: Fomentar actuacións respectuosas co medio ambiente.

Obxectivos específicos:

- Favorecer a separación de residuos nas nosas aulas.
- Reutilizar o material de refugallo: elaboración de compost, papel reciclado, xoguetes, maquetas,...
- Coñecer as diferentes fontes de enerxías renovables e non renovables.

Obxectivo: Aprender sobre o coidado dos nosos montes, flora e fauna.

Obxectivos específicos:

- Coñecer as principais especies autóctonas.



- Respetar os seres vivos do contorno.
- Respetar as sinalizacións das rutas de sendeirismo.

Obxectivo: Identificar a auga como recurso fundamental para a vida.

- Recoñecer a presenza da auga no medio.
- Fomentar o uso da auga de forma responsable.
- Identificar actividades que favorezan ou prexudiquen o medio acuático.

Obxectivo: Aprender sobre o tempo atmosférico.

- Identificar e coñecer os cambios principais do tempo.
- Diferenciar as características do noso clima e as do resto do planeta, e como estas foron cambiando ao longo do tempo.
- Comprender o impacto do ser humano no cambio climático.
- Poñer en prácticas iniciativas que reduzan o impacto no cambio climático.

Clasificación de actividades.

A. Actividades anuais.

- Recollida de tapóns plásticos para colaborar con SEUR nunha campaña de solidariedade con algún veciño/veciña da zona.
- Selección do lixo nas aulas en orgánico, plástico e papel: este ano favoreceremos a realización de actividades en aula onde se empreguen os materiais de refugallo ou onde se potencie un menor uso dos mesmos.
- Seguimento do tempo atmosférico e rexistro do mesmo tanto no panel común da entrada como nas aulas.
- Plantar sementes ou plantas propias de cada mes.
- Apadriñamento de macetas, onde diferentes clases colaboran no coidado e mantemento dunha zona do xardín do centro.
- Recomendacións de libros, poemas, cancións,... de forma mensual coa colaboración da biblioteca.
- Seleccionar libros para o noso recuncho literario do centro, un espazo onde Mero e Leo se axudan para ter un espazo exterior agradable para ler.
- Celebración dun mercadinho de sementes. Un día durante o recreo os nenos/as intercambian sementes e plantas da súa casa.
- Creación de novos espazos verdes no patio do cole: colaboración co equipo de mestras de música na elaboración dun recuncho musical exterior, ampliar os espazos verdes compartidos do patio.
- Coidado de seres vivos. Algunhas aulas teñen animalíños nas aulas para descubrir como van evolucionando e cambiando, creando conciencia medioambiental (vermes de seda, pitiños, ras, caracois,...)

B. Días especiais.



- Celebración de festividades: vendima, magosto, samaín, Entroido, nadal, entroido...
- Seleccionar outras datas medioambientais (día da árbore, día do consume responsable, día da auga,...).
- Colaborar na celebración da semana da prensa aportando noticias sobre o medio ambiente traballadas durante todo o ano.
- Día dos dereitos do consumidor: pendente de concretar

C. Actividades TIC

- Actualización do blogue: procurar facer mínimo unha entrada cada semana e darlle a maior difusión posible.
- Creación de actividades tic.

D. Charlas de servicios externos.

En función das necesidades dos diferentes niveis.

E. Saídas a contorna.

En función das necesidades dos diferentes niveis.

Atención á diversidade.

“No Vales, vales”. Con este xogo de palabras recibimos ao noso alumnado no centro. Toda unha frase cargada de intención onde queremos converter ao alumnado en protagonista da súa aprendizaxe e onde pretendemos fomentar o traballo colaborativo e cooperativo.

Así en colaboración co Departamento de Orientación queremos ter presente ao alumnado con NEAE, para que encontren nas actividades de horta un novo espazo onde desenrolar as súas capacidades.

Así mesmo este Departamento puxo en marcha un proxecto de supermercado, elaborado con materiais reutilizados que imitan os reais, e tarefas integradas para que o alumnado das diferentes etapas xunto cos seus titores poidan desenvolver as súas competencias nun ambiente simulado.



6. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O Equipo Directivo do CEIP Francisco Vales Villamarín está integrado polos mestres que se citan no apartado 5.9., da presente PXA.

A pesares de que a dirección do centro foi decidida pola Administración educativa, entenderá, en todo momento, a súa labor coma un servizo ao profesorado, ás familias, ao alumnado e ao persoal non docente, e exercerá as súas funcións dun xeito colexiado, tomando as decisións que lle sexan competentes tendo sempre presentes as achegas de todos os membros da comunidade escolar.

O Equipo Directivo esforzarse por manter no centro un clima de traballo e relacións humanas afectivas e efectivas que conduzan á consecución dos obxectivos e actividades que se propoñan. Polo que, os membros do ED tratarán de cumprir fielmente coas competencias básicas que lle corresponden e que se citan a continuación:

6.1. Director

- Representar oficialmente á administración educativa no centro.
- Ostentar a representación do centro.
- Dirixir e coordinar todas as actividades do centro.
- Designar o equipo directivo.
- Executar os acordos dos órganos colexiados
- Cumprir e facer cumprir as leis.
- Exercer a xefatura de todo o persoal adscrito ao centro
- Garantir o dereito de reunión

6.2. Xefa de Estudos

- Exercer, por delegación do Director, a xefatura do persoal docente.
- Coordinar e velar pola execución das actividades de carácter académico.
- Coordinar as actividades dos coordinadores e dinamizadores.
- Coordinar e orientar a acción dos titores.
- Coordinar a actividade docente do centro.
- Elaborar os horarios académicos do alumnado e profesorado.
- Facilitar a organización do alumnado e impulsar a súa participación.
- Establecer os mecanismos para corrixir ausencias imprevistas do profesorado

6.3. Secretaria

- Ordenar o réxime administrativo do centro.
- Actuar como Secretario dos órganos de goberno do centro.
- Custodiar os libros e arquivos.
- Expedir as certificacións.
- Elaborar o anteproxecto de orzamento.
- Ordenar o réxime económico do centro coas instrucións do Director.
- Velar polo mantemento do material do centro.
- Informar sobre normativa, disposicións legais e asuntos de interese xeral ou profesional.



O Equipo Directivo, independentemente dos necesarios e habituais contactos diarios, que poidan e deban producirse entre os seus membros, reunirse *todos os martes de 18:00 a 19:00 horas*.

7. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

O CEIP Francisco Vales Villamarín rexerese, durante o ano académico 2022-2023, polo seguinte horario xeral:

De setembro a xuño

de 09'00 a 14'00 horas

Os períodos de vacacións e datas festivas son os que se recollen na ORDEN de 20 de maio de 2022 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2022/23 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

Como días non lectivos por razóns de tradición, costume, ou conveniencia pedagóxica, de acordo coa Orde citada anteriormente, o Consello Escolar aceptou a solicitude do 5 de decembro de 2022 e o 2 de maio de 2023, en espera da correspondente autorización do Xefe Territorial da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

7.1. Calendario escolar 2022-2023

Elaborado de conformidade coa Orde do 19 de maio de 2021 (DOG 04/06/2021).

Calendario escolar 2022/2023

Setembro							Outubro							Novembro						
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30			31						

Decembro							Xaneiro							Febreiro						
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31								

Marzo							Abril							Maio						
L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D	L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4	5	6	7	8	9	10	11	12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25	26	27	28	29	30	31								

Xuño						
L	M	Me	X	V	S	D
			1	2	3	4
5	6	7	8	9	10	11
12	13	14	15	16	17	18
19	20	21	22	23	24	25
26	27	28	29	30		

NON LECTIVOS: 31/10/22.

VACACIONES: Nadal, 23/12/22 *ex* 06/01/23; *ex* 20, 21 e 22 de *ex* de 2023; Semana Santa, do 03/04/23 *ex* 10/04/23.

DOMINGOS, SÁBADOS E FESTIVOS: Non lectivos de libre elección. *Por determinar*

Comemoracións:

- 20 de setembro: Día Universal da Infancia.
- 25 de setembro: Día Internacional contra a Violencia de Xénero.
- 30 de setembro: Día da Constitución da Comunidade Autónoma de Galicia.
- 3 de outubro: Día Internacional das rapazas con discapacidade.
- 18 de outubro: Día da Declaración Universal dos Dereitos Humanos.
- 24 de outubro: Día Internacional da Educación.
- 30 de outubro: Día Escolar da Non Violencia e da Paz.
- 23 de novembro: Día de Rosalía de Castro.
- 8 de marzo: Día Internacional da Muller.
- 15 de marzo: Día Mundial das Quepoas de Consumo.
- 6 e 13 de marzo: Semana da Prensa. Un día de cada semana traballamos con quepoas.
- 1 de abril: Día das Artes Galegas.
- 7 de abril: Día Mundial da Quepoa.
- 17 de abril: Semana do Libro.
- 2 de maio: Día Internacional contra o Acoso Escolar.
- 9 de maio: Día de Europa.
- 12 e 13 de maio: Semana das Letras Galegas.
- 3 de xuño: Día Mundial do Medio Ambiente.
- Datas de celebracións festivas: Goberno de Galicia.

Exposicións:

- 1ª AVALIACIÓN: Quepoas de Quepoas: 13 de setembro - Entrega de Quepoas Informativas: 21 de setembro.
- 2ª AVALIACIÓN: Quepoas de Quepoas: 21 de marzo - Entrega de Quepoas Informativas: 30 de marzo.
- 3ª AVALIACIÓN: Quepoas de Quepoas: 13 de xuño - Entrega de Quepoas Informativas: 21 de xuño.



7.2. Horarios de ciclo (E. Infantil) e nivel (E. Primaria)

De conformidade co horario xeral do centro, os horarios de ciclo e nivel para as respectivas áreas e períodos de recreo serán os seguintes:

7.2.1. Educación Infantil

As entradas e saídas do colexio faranse conforme ao horario xeral, cun período de descanso. Segundo recolle o Decreto 330/2009 do 4 de xuño, DOG de 23 de xuño de 2009 que establece o currículo da Educación Infantil na Comunidade Autónoma de Galicia, atendendo ao carácter de flexibilización desta etapa, o tempo destinado ao recreo, será distribuído en función das necesidades que o profesorado deste ciclo considere máis oportuno.

Durante o mes de setembro, o alumnado do primeiro nivel, terá un período de adaptación con redución horaria, incorporándose paulatinamente ao horario habitual.

7.2.2. Educación Primaria

As entradas e saídas do colexio faranse conforme ao horario xeral, cun período de descanso de media hora. A distribución horaria por áreas realizarase de conformidade co *Decreto 105/2014, do 4 de setembro (DOG do 9 de setembro)*, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

7.3. Horarios do profesorado.

Recóllense no anexo I.

8. QUENDAS DE VIXILANCIA

8.1. Dos recreos

Os datos deste apartado aparecen reflectidos no anexo II.

8.2. Das actividades extraescolares

Os datos deste apartado aparecen reflectidos no anexo II.

8.3. Das gardas do profesorado

Os datos deste apartado aparecen reflectidos no anexo II.

8.4. Da supervisión do alumnado de transporte escolar

Os datos deste apartado aparecen reflectidos no anexo II.

9. CALENDARIO DAS REUNIÓNS DOS ÓRGANOS DE COORDINACIÓN DOCENTE

DÍA	DE 16'00 A 17'00 HORAS	DE 17'00 A 18'00 HORAS
1º martes de mes	Reunións dos Equipos (excepto Niveis e Ciclo)	Atención a pais e nais
2º martes de mes	Comisión de Coordinación Pedagóxica / Dpto. Orientación	Atención a pais e nais



3º martes de mes	Equipos de nivel e Ciclo	Atención a pais e nais
4º martes de mes	Reunión Interequipos (Coordinadores/as excepto Niveis e Ciclo)	Atención a pais e nais
5º martes de mes	Outras actividades e reunións	Atención a pais e nais

10. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

O noso centro está inmerso nun proceso de cambio pedagóxico na busca da mellora da nosa práctica docente, co obxectivo de proporcionar un ensino de calidade ao noso alumnado. Cree no traballo en equipo e son moitas as iniciativas e actividades que ao longo do curso se coordinan baixo a dirección da Biblioteca, entendida esta como o maior centro de recursos. Os diferentes equipos docentes integran as actividades de centro nas programacións de aula, fomentando o traballo colaborativo entre todos os niveis educativos. Entendemos a educación de calidade como aquela que parte dos intereses do alumnado e desenvolve as diferentes competencias na procura dunha aprendizaxe significativa que prepare ao alumnado para a vida e que lle faga aplicar as súas aprendizaxes o novas situacións, resolvendo de maneira creativa.

Traballamos as seis liñas estratéxicas que nos ofrece a Consellería e que atenden diferentes obxectivos: En Contratos programa, desenvolvemos CP INCLÛE, con dinámicas de patios inclusivos, aulas multisensoriales e dinámicas de desenvolvemento cognitivo, social e creativo do alumnado. Edulingüe e Edudixital son iniciativas que imos continuar levando a cabo este curso, fomentando a competencia dixital. En proxectos de Innovación educativa, desenvolveremos o PLAN INNOVA, dedicado á educación para a saúde e sostibilidade, na liña dos desenvolvidos durante estes últimos anos en Voz Natura e plans Proxecta +, (*Proxecto Deportivo de Centro e Aliméntate ben*), consolidando así o interese por mellorar os hábitos de vida do alumnado, tentando que sexan máis saudables. En programas de Éxito educativo, solicitamos o Proxecto de acompañamento e reforzo PROA.

O programa de Educación Responsable, no que xa somos centro graduado, permítenos aplicar nas aulas recursos para mellorar o desenvolvemento cognitivo, social e creativo do alumnado.

Cabe salientar que neste curso, ademais da continuidade do equipo de Voz Natura e a coordinación interequipos, continuaremos co **Plan de Formación Permanente do Profesorado (PFPP)** por sexto ano consecutivo, que este curso se completará con cinco liñas de actuación:

- Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe por proxectos, con formación para o mellor aproveitamento dos fondos, obradoiros de aplicación nas aulas de aprendizaxe a partir da lectura e deseño de proxectos que desenvolvan varias competencias, especialmente a competencia lingüística.
- Atención á diversidade, Inclusión e Convivencia que contará co proxecto de inclusión que xa viña desenvolvendo: patios inclusivos, aula multisensorial e aplicación de recursos de desenvolvemento emocional de ER. Unha iniciativa de aplicación progresiva no centro que persegue o desenvolvemento afectivo, social e creativo do alumnado, repercutindo positivamente nos resultados académicos e na convivencia escolar
- Plan dixital de Centro, unha análise da situación actual do noso centro no ámbito dixital para realizar un plan completo, que incluírá todas as iniciativas e recursos relacionados. (Edixgal, Robótica, AV, ...).
- Educación para a saúde, co obxectivo de proporcionar a formación necesaria para que a Comunidade educativa mellore os seus hábitos de vida (alimentación, actividade física, sostibilidade) e converta a súa contorna nun lugar saudable.



Ademais, a nivel individual, está previsto que os compoñentes do claustro participen en diversas actividades de formación. Toda esta cantidade de formación e participación redundará en beneficio do ensino e, en concreto, do propio colexio e, polo tanto, do seu alumnado.

11. ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO

Resultado da enquisa realizada ás familias do alumnado de 4º de Educación Infantil.

O *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o Plurilingüismo no ensino non univesitario de Galicia* recolle que a lingua materna predominante do alumnado será determinada polo centro educativo de acordo co resultado dunha pregunta que se efectuará as familias (nais, pais, titores/as legais) do alumnado antes do comezo do curso escolar acerca da lingua materna das súas fillas ou dos seus fillos.

Tendo en conta o punto 2º do artigo 5º do *Decreto 79/2010*, os resultados das enquisas realizadas ás familias quedan recollidos na seguinte táboa.

LINGUA MATERNA	NÚMERO DE FAMILIAS
Lingua Galega	15
Lingua Castelá	39
Lingua Galega /Lingua Castelá	6

Materias que se impartirán en cada lingua no curso 2022/2023

4º	Inés Barreiro	4º	Ricardo Pereira	4º	Silvia Crespo				
5º	Sonia Bermúdez	5º	Alberto Paz	5º	Noelia Pedreira				
6º	Mar Toral	6º	Lucía López	6º	Begoña Fdez				



QUENDAS RECREO PRIMARIA				
outubro 2022				
Luns 3	Martes 4	Mércores 5	Xoves 6	Venres 7
01. Ricardo Pereira 02. Ivana Rguez. 03. M ^a Josefa R. 04. Tamara G. 05. Belén Schez. 06. Paula Taibo 07. Pablo Toimil 08. Belén V. 09. Natalia Ucha 10. Marta Miram.	01. Miguel Varela 02. Ana Villanueva 03. Inés Barreiro 04. Chus A. 05. Leticia Barral 06. Azucena Berm. 07. Sonia Berm. 08. Isabel B. 09. Irene Cal 10. Cristina S.	01. Teté Espiñeira 02. Begoña Fdez 03. Ana Fdez. 04. Tita Fdez. 05. Fátima Gómez 06. Xan García 07. Mercedes Glez 08. Belén López 09. Lucía López 10. Mar Toral	01. David Monzo 02. Alberto Paz 03. Ricardo Pereira 04. Belén Schez. 05. Ivana Rguez. 06. M ^a Josefa R. 07. Paula Taibo 08. Pablo Toimil 09. Natalia Ucha 10. Marta Miram.	01. Miguel Varela 02. Ana Villanueva 03. Leticia Barral 04. Chus Ares 05. Tamara G. 06. Inés Barreiro 07. Azucena Berm. 08. Belén V. 09. Sonia Berm. 10. Cristina S.
Luns 10	Martes 11	Mércores 12	Xoves 13	Venres 14
01. Isabel Bruzos 02. Irene Cal 03. Teté Espiñeira 04. Fátima Gómez 05. Tamara G. 06. Begoña Fdez 07. Ana Fdez. 08. Tita Fdez. 09. Xan García 10. Mar Toral	01. Mercedes Glez 02. Belén López 03. Lucía López 04. Belén S. 05. David Monzo 06. Alberto Paz 07. Ricardo Pereira 08. Ivana Rguez 09. M ^a Josefa R. 10. Marta Miram.		01. Paula Taibo 02. Pablo Toimil 03. Natalia Ucha 04. Miguel Varela 05. Chus A. 06. Ana Villanueva 07. Inés Barreiro 08. Belén V. 09. Azucena Berm. 10. Cristina S.	01. Sonia Berm. 02. Isabel Bruzos 03. Irene Cal 04. Tamara G. 05. Fátima Gómez 06. Teté Espiñeira 07. Begoña Fdez 08. Ana Fdez. 09. Tita Fdez. 10. Mar Toral
Luns 17	Martes 18	Mércores 19	Xoves 20	Venres, 21
01. Xan García 02. Mercedes Glez. 03. Belén López 04. Tamara G. 05. Lucía López 06. David Monzo 07. Alberto Paz 08. Ricardo Pereira 09. Ivana Rguez 10. Marta Miram.	01. M ^a Josefa R. 02. Belén S. 03. Paula Taibo 04. Chus Ares 05. Pablo Toimil 06. Natalia Ucha 07. Miguel Varela 08. Belén V. 09. Ana Villanueva 10. Cristina S.	01. Inés Barreiro 02. Azucena Berm 03. Sonia Berm. 04. Leticia Barral 05. Isabel Bruzos 06. Irene Cal 07. Teté Espiñeira 08. Begoña Fdez. 09. Ana Fdez. 10. Mar Toral	01. Tita Fdez. 02. Xan García 03. Mercedes Glez. 04. Fátima Gómez 05. Belén López 06. Lucía López 07. David Monzo 08. Alberto Paz 09. Ricardo Pereira 10. Marta Miram.	01. Ivana Rguez 02. M ^a Josefa R. 03. Paula Taibo 04. Belén S. 05. Tamara G. 06. Pablo Toimil 07. Natalia Ucha 08. Belén Vázquez 09. Miguel Varela 10. Cristina S.
Luns, 24	Martes, 25	Mércores, 26	Xoves, 27	Venres, 28
01. Ana Villanueva 02. Chus Ares 03. Leticia Barral 04. Isabel Bruzos 05. Tamara G. 06. Inés Barreiro 07. Azucena Berm. 08. Sonia Berm. 09. Irene Cal 10. Mar Toral	01. Teté Espiñeira 02. Begoña Fdez 03. Ana Fdez. 04. Fátima Gómez 05. Tita Fdez. 06. Xan García 07. Mercedes Glez. 08. Belén López 09. Lucía López 10. Marta Miram.	01. David Monzo 02. Alberto Paz 03. Ricardo Pereira 04. Ivana Rguez 05. Belén Sánchez 06. M ^a José R. 07. Paula Taibo 08. Pablo Toimil 09. Natalia Ucha 10. Cristina S.	01. Miguel Varela 02. Ana Villanueva 03. Inés Barreiro 04. Chus Ares 05. Leticia Barral 06. Azucena Berm. 07. Sonia Berm. 08. Belén V. 09. Isabel Bruzos 10. Mar Toral	01. Irene Cal 02. Teté Espiñeira 03. Begoña Fdez. 04. Fátima Gómez 05. Ana Fdez. 06. Tita Fdez. 07. Xan García 08. Mercedes Glez. 09. Belén López 10. Marta Miram.



**QUENDAS DE VIXILANCIA DE ACTIVIDADES
EXTRAESCOLARES_ OUTUBRO 2022**

DÍA	PROFESOR@S
3	Juan Abeijón- Bea Rey
5	Leo Antelo- Silvia Crespo
6	Chus Ares- Isabel Bruzos
7	Leticia Barral_ Bárbara Gía.
10	Inés Barreiro- Mar Toral
13	Marina Barros- Montse S.
14	Azucena Berm.- Pablo Toimil
17	Sonia Berm.- Marisol Suárez
19	Esperanza Bouza- Ana Fdez F.
20	Irene Cal- Tita Fdez
21	Eva Carro- Carolina N.
24	Marita Crespo- Ana Mª P.
26	Loli Criado- Eva Naya
27	J. Ángel Díaz_ Miguel Varela
28	Teté Espiñeira- Mercedes Glez

ANEXO III

LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS ESCOLARES



Relación de libros de texto e material didáctico impreso para o curso 2022/2023					
Código de centro: 15001124			Denominación do centro: CEIP Francisco Vales Villamarín		
Enderezo: Carregal, 4			Concello: BETANZOS		Provincia: A CORUÑA
Email: ceip.vales.villamarin@edu.xunta.es			Teléfono: 881880237		Fax: 881880240
Curso e etapa	Área materia, ámbito, módulo	Título, autor, editorial e ano de publicación	ISBN	Lingua de edición	
4º E.I.	NON HAI QUE MERCAR NINGÓN LIBRO				
5º E.I.	Matemáticas	Matemáticas 2 - Anaya	978-84-678-1589-1	CAST	
6º E.I.	Matemáticas	Matemáticas 3 - Anaya	978-84-678-1590-0	CAST	
1º E.P.	Matemáticas	Operación Mundo - Anaya (2022)	978-84-698-9331-7	CAST	
	L. Galega	Lingua 1: Teclingua - Xerais (2022)	978-84-1110-003-5	GALG	
	C. da Natureza	Operación Mundo (2022)	978-84-698-9512-2	GALG	
	Inglés	Kids Can! 1 PB&Extra Fun e Pk Macmillan	978-1-380-05166-0	INGL	
	Relixión	Relixión Católica. Ven y verás. Anaya	978-84-698-9718-8	CAST	
	L. Castelá	Lectoescritura 2. "Construyendo Mundos" (2022) Santillana	978-84-680-7727-7	CAST	
2º E.P.	L. Castelá	Laboratorio de competencia Lingüística 2 Primaria. Santillana	978-84-680-2757-9	CAST	
	Inglés	Photopia English 2 Pupils Book	9788420573625	INGL	
	Inglés	Photopia English 2 Activity Book	9788420573649	INGL	
	Relixión	RELIGIÓN CATÓLICA 2 PRIMARIA. Ven y verás. Anaya	978-84-698-9722-5	CAST	
3º E.P.	L. Castelá	Lengua Castellana 3. Construyendo Mundos. Santillana	978-84-680-7201-2	CAST	
	L. Galega	Lingua 3. Operación Mundo. Anaya	978-84-698-9546-9	GALG	
	Matemáticas	Matemáticas 3. Comunidad 7oom. Vicens Vives	978-84-682-8283-1	CAST	
	C. da Natureza	Ciencias da Natureza 3. Construido Mundos. Santillana	978-84-9185-410-4	GALG	
	C. Sociais	Ciencias Sociais 3. Construido Mundos. Santillana	978-84-9185-415-6	GALG	
	Inglés	Kids Can! 3 Pupils Book. McMillan	978-1-380-07266-3	INGL	
	Inglés	Kids Can! 3 Essential. Activity Book. McMillan	978-1-380-05293-3	INGL	
	Relixión	Religión Católica 3 Primaria. Ven y verás. Anaya	978-84-143-0174-0	CAST	
	Plástica	Plástica 3. Galicia. Operación Mundo. Anaya	978-84-149-1619-1	GALG	
	4º E.P.	L. Castelá	LENGUA CASTELLANA 4º – SABER HACER (Mochila ligera) Edit. Santillana 2015	ESTE LIBRO NON HAI QUE MERCALO	
L. Galega		LINGUA 4 – Aprender e crecer en conexión – Fdit. Anaya	ESTE LIBRO NON HAI QUE MERCALO		
Matemáticas		MATEMÁTICAS 4 PRIMARIA – SAMBA – Edil. SM	ESTE LIBRO NON HAI QUE MERCALO		
C. Sociais		CIENCIAS SOCIAIS 4 GALICIA – Aula activa Edit. Vicens Vives	ESTE LIBRO NON HAI QUE MERCALO		
C. da Natureza	CIENCIAS DA NATUREZA 4 PRIMARIA – CELME – Edit. SM	ESTE LIBRO NON HAI QUE MERCALO			
5º E.P.	O ALUMNADO DE 5º NON TEN QUE MERCAR LIBROS DE TEXTO PORQUE TRABALLAN CO PROXECTO E-DIXGAL				
6º E.P.	O ALUMNADO DE 6º NON TEN QUE MERCAR LIBROS DE TEXTO PORQUE TRABALLAN CO PROXECTO E-DIXGAL				












Betanzos, 15 de xuño de 2022.
O Director



ANEXO IV
TRANSPORTE



TRANSPORTE – RUTA – EMPRESA – LOGO – PARADAS

1-RIVAS	2-Hércules N. XG871	3-RIVAS	4-GILSANZ	5-GILSANZ	6-GILSANZ
1. Chatarrería 2 2. Caraña 3. Minas 4. Touriñao 5. S. Martiño 6. Cruce Villozás 7. Condós 8. Sas 9. Chantada 	1. Chatarrería 1 2. Fonteña 3. Casilla 4. Souto 5. Porto 6. Insua 7. Brisa 8. Ponte do Porco 	1. Vista Alegre 2. Castro 3. Illobre-Cepiño 4. Cruce Angustias 	1. Refugio 2. Infesta 1 3. Infesta 2 4. Infesta 3 5. Montellos 2 6. Guiliade 1 7. Guiliade 2 8. Guiliade 3 9. Piadela 10. Viladesuso 11. Cortiñán de Abaixo 	1. As Cascas 2. Roibeira 3. Bravío 	1. Montellos 2. Viuxe 3. Xan Rozo 4. Casa Grande 5. A Graña 
7- Hércules N. XG871	8- Hércules N. XG871	9-Hércules N. XG871	10-RIVAS		0-GILSANZ*
1. Bellavista 2. Queirís 3. Collantres de Abaixo 4. Collantres 5. Cruce Espenuca 6. Os Chas 7. COIRÓS 8. Coirós (cruceiro) 9. Merille 10. Lesa 11. As Poceiras 12. Caresma 	1. Bellavista 2. Figueiras 3. Ois 4. Fontelo 5. Recebés 6. Xora 7. Loureiro 8. Santiago de Ois 9. Castrillón 3 10. A Lavateira 11. Pedra Partida 	1. Obre 1 2. Obre 2 3. Gurita 4. Paderne 5. Quintas 6. Costa 7. Mesón 8. Escola Areas 9. Ferretería Areas 10. Casal 11. Bion 12. O Cruceiro - Vigo 13. Cruce Vigo 14. Esperela 15. Sartaña 16. Vilamourel 	1. Mandeo 2. A Pena 3. Viraventos 1 4. Viraventos 2 5. Nosa Señora do Camiño 		1. Gasolinera 2. Gadis 3. Biblioteca 4. Suybel 5. Hotel (Bellavista) 6. Campo 

*PRIVADO

COLOCACIÓN DE AUTOBUSES NA SAÍDA DE PRIMARIA




ANEXO V

PROTOCOLOS



HORA DE LECTURA



QUE É A HORA DE LECTURA?

*“Consiste nun **tempo de lectura individual silenciosa**, con materiais seleccionados polo propio lector, no que participa toda a comunidade educativa. Os alumnos e alumnas seleccionan a súa lectura e len. Non hai controis, nin exercicios, nin sequera avaliación sumativa asociada á actividade” (Mabel Condemarín).*

FINALIDADE.

Pretende crear lectores e lectoras inquedos e mellorar as súas competencias. A práctica da lectura buscada polos propios intereses fomenta o gusto pola mesma, non a obriga.

MATERIAIS DE LECTURA.

Narrativa, poesía, xornal, revistas, cómics..., todo agás o libro de texto!!! O alumnado de Educación Primaria debe ser quen de seleccionar as súas lecturas, traéndoo da casa, da biblioteca de aula ou do centro. Os materiais deben ter información completa e coherente.

O profesorado tamén pode seleccionar os materiais de lectura que considere máis oportunos para aumentar as posibilidades dos futuros lectores ou, no caso de infantil e primeiros anos de primaria, facilitar o coñecemento das historias máis interesantes.

HORARIO

A hora de lectura común a todos os niveis levarase a cabo nos primeiros 15 minutos da xornada (09:00-09:15 h) e estará incluída na primeira sesión de clase. O resto da media hora de lectura obrigada realizarase ao longo da mañá, garantindo un mínimo doutros 15 minutos.

Procurarse unha lectura individual e silenciosa, agás nos casos antes citados, dedicado ao conto colectivo e en voz alta.

PROFESORADO RESPONSABLE.

Será responsable do cumprimento da hora común de lectura o profesorado que imparta a primeira sesión en cada grupo.



SUPERVISIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

Na secretaría do centro e na conserxería do edificio de E. Infantil haberá un caderniño, ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES 2022-2023, cos seguintes datos:

- **Cadro de actividades extraescolares.**
- **Día, hora e lugar de celebración** de cada unha das actividades.
- **Relación nominal dos monitores e monitoras, persoa coordinadora e director da empresa** encargada das actividades, así como dos seus teléfonos particulares.
- **Relación nominal do alumnado**, agrupado polas actividades nas que participa, así como dos seus teléfonos particulares.

Ao profesorado de garda, encargado da supervisión das actividades extraescolares, correspóndelle:

1. **Recoller as chaves do Edificio de Infantil** cando lle corresponda facer alí a garda e devolvelas á Secretaría.
2. **Comprobar**, ao inicio das actividades, a presenza ou non dos monitores e monitoras nas mesmas.
3. No caso de ausencia dos monitores e monitoras:
 - **Avisar** telefonicamente ao monitor ou monitora.
 - **Permanecer** co alumnado ata a incorporación do monitor ou monitora ou, no caso de non producirse esta, avisar ás familias para a súa recollida; nos casos en que non sexa posible, permanecer con el ata o remate da hora da actividade. Se houberse unha segunda quenda da actividade, **avisar** ás familias do alumnado que se ten que incorporar.
3. **Colaborar**, de seren necesario e a petición deles, cos monitores e monitoras no bo desenvolvemento das actividades extraescolares.
4. **Colaborar** co alumnado e familias en todas aquelas incidencias que requiran da súa participación.
5. **Informar**, no día seguinte, á dirección do centro, de todas aquelas incidencias que considerasen salientables na súa garda de supervisión das actividades extraescolares.

Compre indicar que:

- O horario de supervisión das actividades extraescolares é de 16'00 a 18'00 horas. Así pois, aquelas outras actividades que se celebren máis tarde, non afectarán ao profesorado de garda.
- De teren que permanecer co alumnado, o profesorado poderá facelo en calquera dependencia do centro que non estea sendo utilizada.



PROTOCOLO DE ENTRADAS E SAÍDAS, MOBILIDADE DO ALUMNADO, USO DOS PATIOS E VIXILANCIA DE RECREOS

Entradas e saídas.

1. ENTRADAS:

- Madrugadores: 07:30 – 08:55 h.
Transportado: 08,30 – 08:55 h.
C/familias: A partir das 08,55 h

SAÍDAS

INFANTIL:

- Transportado: 13:45 h.
- C/familias: 13:50 h.

PRIMARIA:

- Transportado: 13:55 h.
- C/familias: 14:00 h.

2. Todos os grupos do alumnado do centro recibirán, no primeiro día lectivo do curso, dos/as seus/súas respectivos/as mestres/as titores/as a seguinte información:

- Porta de entrada e acceso ao edificio.
- Percorrido ata a aula correspondente.
- Quenda de saída do seu grupo.
- Percorrido ata a saída.
- Porta e lugar de saída do edificio para o seu grupo.

3. Os/as mestres/as especialistas procederán de igual xeito ca os/as respectivos/as mestres/as titores/as, cando a súa información difira da transmitida no punto 2.

Mobilidade do alumnado.

1. Os grupos do alumnado estarán sempre acompañados do profesorado correspondente, tanto nas distintas dependencias como nos seus desprazamentos polos corredores e escaleiras.
2. O alumnado só poderá desprazarse polos corredores e escaleiras sen a compañía do profesorado nos seguintes casos:
 - Para ir aos aseos.
 - Para ir a calquera dependencia do centro por orde ou autorización expresa do mestre ou mestra correspondente.

En todo caso, ditos desprazamentos faranse sempre tratando de gardar orde, silencio e respectando as normas marcadas.

Períodos de recreo e uso dos patios.

1. O alumnado sairá ao recreo acompañado polo profesorado responsable na 3ª sesión. Se o precisa, fará uso dos aseos do patio cuberto.
2. Se, durante os períodos de recreo e por causa maior, algún alumno ou alumna necesitare acudir á secretaría, **farao acompañado por un profesor ou profesora de garda**. Este profesor ou profesora indicará a súa ausencia a aqueloutro que se atope máis próximo do seu lugar de vixilancia.
3. En primaria, haberá uns espazos reservados para o uso do balón de brilé, de fútbol e de baloncesto.

Protocolo de choiva.

Os días de abundante choiva, previa ao recreo, comunicarase a aplicación do protocolo e será preciso establecer quendas para o uso dos espazos cubertos, mentres o resto dos niveis permanecerán no interior.

Profesorado de garda de recreo e profesorado responsable nas entradas e saídas.

Ao profesorado de garda de recreo e ao profesorado responsable nas entradas e saídas, correspóndelle:

1. Ocupar, con puntualidade, o seu lugar nos postos de vixilancia e nas filas.
2. Non abandonar ditos lugares, agás polos supostos recollidos nos anteriores apartados ou por un motivo de causa maior, ata o cese dos períodos de recreo, ata a incorporación as respectivas dependencias e ata rematar as saídas.
3. Cumprir e facer cumprir as normas recollidas nos anteriores apartados.
4. Comunicar aos mestres/as titores/as, ou de ser o caso ao equipo directivo, aquelas incidencias que considere salientables.
5. Trasladar ao equipo directivo todas aquelas suxestións que, ao respecto dos anteriores apartados, considere oportunas.



SUPERVISIÓN E ACOLLIDA DO ALUMNADO DE TRANSPORTE ESCOLAR

Todos os colectivos que conforman a comunidade educativa do CEIP Francisco Vales Villamarín son coñecedores dos puntos que, a continuación se enumeran:

1. O centro conta con **dez liñas de autobuses (7 dependentes da Consellería de Educación e 3 da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade)**, para o transporte escolar daquel alumnado que, polo seu lugar de empadramento, ten dereito a este servizo complementario e gratuíto. Funciona ademais, polas zonas máis céntricas de Betanzos, **unha liña de carácter privado** e non gratuíta.
2. **O alumnado usuario das once liñas de transporte** accederá ao interior do recinto escolar no momento en que cheguen e dirixirase ás aulas **baixo a supervisión e o control do profesorado de garda**.
3. **O resto do alumnado** poderá entrar ao edificio a partir das **08:55 h.**

Na secretaría do centro, dirección e salas de mestres haberá un caderniño, **RELACIÓN DE ALUMNADO USUARIO DE TRANSPORTE ESCOLAR 2022-2023**, no que se reflicten os seguintes datos:

- **Relación do alumnado usuario de transporte escolar**, especificada por grupo e nivel.
- **Parada, liña e compañía** do autobús do alumnado usuario de transporte.
- **Enderezo e teléfono** do alumnado usuario de transporte.

O horario das quendas de **supervisión e acollida do alumnado de transporte escolar** será **de 08'30 a 9'00 horas** e ao profesorado encargado das mesmas, correspóndelle:

1. **Controlar** que, unha vez que descenden dos autobuses, **acceden ás aulas correspondentes**.
2. **Permanecer** co alumnado desde a súa chegada ata á incorporación, co toque da sirena, do seu profesorado.
3. **Estar vixiantes** por se houberse algunha incidencia entre o alumnado, que precisase da súa intervención.
4. **Informar** á dirección do centro, de todas aquelas incidencias que considerasen salientables na súa quenda de supervisión e acollida do alumnado de transporte escolar.



SUPERVISIÓN E ACOLLIDA DE ALUMNADO -EDIFICIO DE INFANTIL-

SUPERVISIÓN E ACOLLIDA DO ALUMNADO TRANSPORTADO.

Dende as 8'30 h. no portalón destinado á entrada, o profesorado de garda de transporte estará esperando a chegada dos buses.

Coa chegada do primeiro autobús, unha das persoas de garda acompañará ao alumnado ata a sala de usos múltiples, onde se irá incorporando o resto do alumnado permanecendo alí ata ás 9'00 h.

Será recollido polo profesorado titor e acompañado ata a súa aula.

SUPERVISIÓN E ACOLLIDA DO ALUMNADO DO SERVIZO DE MADRUGADORES E NON TRANSPORTADO

O alumnado do servizo de madrugadores será acompañado polas responsables do mesmo ata as súas aulas.

O alumnado non transportado accederá a partir das 8:55 h. e dirixirse polo corredor cara a súa aula.



ALERTA MÉDICA – PROTOCOLO DE ACTUACIÓN

Unha vez iniciado o ano escolar, e antes do 30 de setembro, os titores e titoras recabarán das familias, a través do modelo facilitado polo centro, información acerca da problemática médica do seu alumnado, tanto para confirmar aquelas xa coñecidas como aquelas de nova diagnose.

Posteriormente, procederase como segue:

1. Os titores e titoras **incluirán o modelo de consulta sobre problemática médica no expediente do alumnado** e retirar o do curso anterior, se o houberse.
2. Os titores e titoras comprobarán no expediente do alumnado se falta a fotocopia da cartilla sanitaria ou a fotocopia da cartilla de vacinacións. Se é o caso, solicitarán ás familias as citadas fotocopias.
3. Os titores e titoras proporcionarán á dirección do centro a relación de todo o seu alumnado con problemática médica. Esta relación deberá incluír, ademais do nome e apelidos:
 - a) **Problemática médica.**
 - b) **De seren necesario, teléfono e persoa de urxencia, medicación coa súa dosificación, aplicador, lugar onde se deposita e persoas encargadas de administrala.**
3. A dirección do centro elaborará, cos datos anteriores, cada ano escolar:
 - a) Catro caderniños coa **relación do alumnado do centro con problemas médicos**, que se depositarán en dirección, secretaría e nas dúas salas de mestras e mestres.
 - b) Ficha de **ALERTA MÉDICA** de todas e cada unha das titorías, que **será colocada nunha carpetiña no primeiro caixón da mesa do profesorado**, incluso naquelas nas que non haxa alumnado con problemática médica.
4. Ademais do anterior, **a dirección do centro**, de acordo coas familias do alumnado afectado, **incluirá no programa ALERTA ESCOLAR da Xunta de Galicia a todos aqueles alumnos e alumnas con algunha das patoloxías que se recollen no citado programa**. De seren así, reflectirase nos caderniños coa relación do alumnado con problemas médicos e na ficha de alerta médica da aula correspondente, xunto coas indicacións do protocolo particular a seguir.
5. O Protocolo de Alerta Escolar estará, xunto cos demais documentos do centro, nas salas de Mestres e mestras, á disposición do claustro.
6. Os titores e titoras comunicarán á dirección do centro toda alteración que se produza, ao longo do curso, a respecto do presente protocolo, no seu grupo de alumnado.



PROTOCOLO PARA O USO DAS AULAS EDIXGAL

Os equipos destas aulas son do Proxecto Edixgal. Vai dirixido ao alumnado de 5º e 6º de E. Primaria, que deberá cumprir e respectar en todo momento a normativa de uso establecida de maneira xenérica no colexio.


Ademais da normativa de uso xeral, estes ordenadores están suxeitos, dada a súa especificidade, a unha normativa propia e complementaria que aquí se expón:

1. O profesorado que teña clase na aula Abalar a 1ª hora, acenderá o portátil e a PDI e fará as conexións necesarias.
2. O mando do canón proxector e as chaves do carro de carga estarán no primeiro caixón da mesa do profesorado.
3. Antes de coller o portátil, o alumnado deixará nas súas mesas espazo libre suficiente para evitar ter que colocalo en situacións de equilibrio precario.
4. Sempre se levará o portátil ben suxeito e pechado, evitando así calquera incidente.
5. Cada un dos netbooks ten unha etiqueta identificativa que se corresponde co número de cada alumno. De aí que sempre se collerá o portátil que se ten asignado para que exista unha responsabilidade persoal no coidado do mesmo.
6. O alumno non acenderá o portátil ata recibir a orde expresa do profesorado.
7. Non se colocarán obxectos de ningunha clase sobre o portátil, tanto se a tapa está aberta como se está pechada.
8. Cada alumno será responsable de gardar o traballo, e se é o caso, de apagar correctamente o equipo e pechalo ao finalizar a clase.
9. Cada equipo é responsabilidade da persoa ao que é asignado. Se se produce algún dano será comunicado ao profesorado e este comunicarllo á persoa coordinadora TIC do centro.
10. Durante os recreos estes equipos non se poderán sacar da aula, excepto coa autorización do profesorado.
11. O uso da rede Abalar do centro terá sempre unha finalidade educativa.
12. O profesorado que teña clase na aula Edixgal a última hora, apagará o portátil e a Pizarra Dixital e fará as desconexións necesarias.

ANEXO VI

PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO





2022
2023

PLAN DE ACTUACIÓN PARA A IGUALDADE DE XÉNERO.
CEIP FRANCISCO VALES VILLAMARÍN- 2022- 2023



ÍNDICE

1 INTRODUCCIÓN	3
<hr/>	
2 CONTEXTUALIZACIÓN E NORMATIVA DE CENTRO	4
<hr/>	
3 ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO	5
<hr/>	
4 SEGUIMIENTO E SISTEMA DE AVALIACIÓN	6
<hr/>	
5 MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN	7
<hr/>	
6 SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN	8



1 | INTRODUCCIÓN

"A educación é o medio de transmitir e de renovar a cultura e o acervo de coñecementos, así como os valores que a sustentan" (preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación)

Os principios educativos que dirixen o noso centro definen a educación integral do alumnado como o obxectivo fundamental e, consciente de que para chegar a ese desenvolvemento pleno dos mozos e mozas no futuro, debemos atender aspectos que axuden a configurar a súa identidade e a construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.

A coeducación implica educar sen diferenzas de sexo, é un estilo educativo, un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos tendente a unha relación de xustiza e respecto e en interese dunha formación integral e efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Calquera conduta discriminatoria ou estereotipo sexista entre o alumnado dos centros educativos inflúe na convivencia escolar. Por todo isto a Administración educativa amosa, coa publicación deste I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia, o seu compromiso coa igualdade de oportunidades e de xénero coa finalidade de promover a construción dun novo modelo formativo capaz de abranguer por igual o feminino e o masculino. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuízos e estereotipos. A escola constitúe unha plataforma excelente para a superación dos prexuízos sexistas e para acadar un cambio en profundidade das estruturas e das prácticas sociais non desexables, posto que non cabe dúbida de que todo o que ocorre nos colexios é un reflexo do que ocorre na sociedade, nun principio como espello e despois como reflexión de volta cara á sociedade de novo.

Por todo o exposto é necesario e imprescindible deseñar un plan específico de Igualdade no CEIP Vales Villamarín co fin de abordar a temática da coeducación e a prevención da violencia de xénero desde unha perspectiva estrutural, integral e transversal, no que se recollan de forma sistemática as medidas que se van desenvolver nas diferentes áreas do ámbito educativo dirixidas a alumnado, profesorado e equipos de orientación.

As seguintes medidas, que xa están a funcionar no centro, contribúen a traballar a igualdade de xénero:

- O Consello Escolar ten nomeada unha persoa responsable en materia de igualdade.
- No Plan de Orientación recóllense medidas para o deseño e desenvolvemento da atención á diversidade.
- Nos plans de centro recóllense os obxectivos, os contidos e as medidas a aplicar referentes á atención da diversidade e á non discriminación de ningún tipo.
- Os plans e proxectos de centro e, polo tanto, os obxectivos recollidos neles, contan coa precisa difusión entre os membros da comunidade para a súa información e sensibilización.
- Existe un compromiso para a promoción dunha orientación laboral e profesional libre de estereotipos de xénero, que se traduce nunha labor constante de traballo en tódalas materias e actividades de todos os niveis do centro.
- Está recollido no claustro o compromiso de celebración das datas sinaladas no calendario oficial (25 novembro, 8 marzo e celebración LGBTI). O pasado curso compartiuse dende todos os niveis



de infantil e primaria a campaña que cada ano levamos a cabo co convite do departamento de Igualdade do Concello en contra da violencia machista. Tamén se sumaron os traballos realizados sobre a igualdade de xénero durante todo o curso.

- Estanse a desenvolver proxectos e plans de todos os departamentos e equipos que, na busca dos seus obxectivos, teñen como un dos seus principios o coeducación ("Educación Responsable", biblioteca, EDL, Voz Natura, Plan Director, Plan de prevención de drogodependencias,...)
- Colaborouse co III Plan de Igualdade do Concello de Betanzos no curso pasado, a través do Departamento de Dinamización Lingüística, coordinando actividades en primaria destinadas a desterrar os estereotipos de xénero mediante contos e promovendo o uso oral da lingua galega e potenciando o seu uso entre as nenas.
- Colaborouse tamén coa Deputación, desenvolvendo en infantil obradoiros nos que o conto foi o vehículo para aproximar aos/ás mais pequenos/as, aspectos e valores como a convivencia, a tolerancia, ou a igualdade de xénero.

2 | CONTEXTUALIZACIÓN NORMATIVA

O noso centro presta unha especial atención ao proceso de convivencia para acadar que se valoren de maneira igualitaria as capacidades; pensamos que este principio repercutirá non só nunha mellor convivencia escolar senón tamén nunha sociedade máis igualitaria.

- No Plan de Convivencia do centro figuran fins, principios informadores, obxectivos específicos e medidas para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia.
- As NOFC contemplan a atención á prevención da violencia de xénero, a igualdade e á non discriminación e recollen aspectos que afectan de maneira directa na igualdade entre homes e mulleres.
- O Plan de Acción Titorial, en consonancia cos principios do centro, contemplará obxectivos coeducativos que establezan medidas de actuación para a igualdade de xénero.
- No Proxecto educativo figuran obxectivos coeducativos e principios que definen a educación integral do alumnado.
- No centro existe unha especial sensibilidade pola atención á diversidade, á non discriminación e á igualdade de oportunidades, que trata de abarcar todas as actividades que se levan a cabo nas programacións, plans e proxectos desenvolto polo profesorado, equipos e departamentos.

5 | ANÁLISE DA SITUACIÓN DO CENTRO

Tratándose dun centro das características do noso, cada medida que adoptamos efectuar precisa dun tempo razoable para levala a cabo, tanto a diagnose coma o tratamento ou a difusión, xa que se trata dunha comunidade educativa moi grande . A nosa fortaleza é que somos unha comunidade moi activa e moi participativa que está a levar a cabo moitas iniciativas para acadar os obxectivos propostos; un deses obxectivos é a atención á diversidade e á igualdade de oportunidades.

Non existe desequilibrio de xénero na representación de profesorado e alumnado nos distintos órganos de decisión. Atendemos con igualdade a alumnos e alumnas nas necesidades educativas que presentan e



promocionamos o uso de espazos escolares e extraescolares e a participación en actividades complementarias a todo o alumnado sen distinción de xénero, alentando a participación feminina naquelas que tradicionalmente non o eran (robótica, edixgal, deportes,...), e viceversa para a masculina (voluntariado, educación entre iguais,...)

Pero moitas destas actividades e iniciativas non estaban recollidas de maneira organizada nun plan anual, e difundidas para a súa especial presenza en cada momento. Na análise DAFO previa a cada Plan (Convivencia, Orientación, NOFC,...) a diferenza de xénero non era unha das causas de conflito sinaladas polos membros da comunidade, pero deberíamos incidir no tema para ter unha situación clara sobre a que planificar. Por iso pensamos nunha estratexia de acción que nos permita ser máis exhaustivos/as na mellora da coeducación.

4| **OBXECTIVOS COEDUCATIVOS**

As ideas básicas sobre as que debemos traballar son:

- Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
- Promoción do respecto pola diversidade afectivo- sexual.
- Prevención, detección e intervención en casos de LGBTIfobia.

Polo tanto, debemos establecer uns obxectivos:

- Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.
- Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.
- Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).
- Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e de respecto, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.
- Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de denunciar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.
- Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

5| **MEDIDAS CONCRETAS DE ACTUACIÓN**

5.1. Organización do centro:

- Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo.
- Agrupar ao alumnado buscando a maior equidade na distribución dos sexos por aula.



- Manter unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade.
 - Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (en especial ás familias).
 - Promover a formación da comunidade en materia de igualdade.
 - Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.
 - Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.
 - Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).
 - Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.
 - Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero.
 - Participar en programas específicos de igualdade de xénero para traballar a coeducación desde o currículo etc.
- 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes:
- Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...
 - Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).
 - Realizar actividades de sensibilización na aula.
 - Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.
- 5.3. Xestión dos espazos, dos recursos e das oportunidades de xeito inclusivo:
- Difundir información a través dun taboleiro no centro.
 - Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.
 - Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.
 - Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.
 - Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.
 - Xestionar as actividades e a ocupación do patio para favorecer a inclusión.
 - Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.
 - Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.
 - Promover a participación do sexo menos representado nas actividades científico-tecnolóxicas, deportivas, artísticas, de coidado etc.
- 5.4. Inclusión dos valores coeducativos na xestión da convivencia escolar:
- Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.
 - Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.



- Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.
- Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.
- Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.
- Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.

6 I SEGUIMIENTO E AVALIACIÓN

Ao longo do curso 2022-2023 e a través dun sistema de indicadores realizarase un seguimento das medidas previstas neste Plan, o que permitirá avaliar o impacto dos seus obxectivos e medidas coa finalidade de identificar aqueles aspectos no que é necesario incidir para acadar unha educación igualitaria.

No cadro que se expón a continuación atópanse as medidas incluídas no plan cos seus correspondentes indicadores:

MEDIDAS LEVADAS A CABO	INDICADORES
Favorecer a representación de homes e mulleres nos órganos de decisión e representación de xeito equitativo	Representación equitativa? Si/Non
Manter unha persoa responsable en materia de igualdade no Consello Escolar para participar no impulso do Plan de igualdade	Si/Non
Difundir o plan entre os distintos axentes da comunidade (en especial ás familias).	-Medio difusión -Difusión: [indicación da ligazón]
Promover a formación da comunidade en materia de igualdade.	-Nº actuacións desenvolvidas. -Profesorado implicado
Empregar unha linguaxe inclusiva e igualitaria na actividade do centro.	-Si/Non
Colaborar con outras entidades na realización de actividades coeducativas.	-Nº accións realizadas: -Profesorado implicado:
Concretar actividades arredor das datas coeducativas do calendario escolar (25 de novembro, 8 de marzo, celebracións LGBTI etc.).	-Nº actividades realizadas: -Profesorado implicado:
Concretar o desenvolvemento curricular da educación afectivo-sexual integral para todo o alumnado do centro.	-Documento de pauta elaborado: si /non
Promover pautas de actualización curricular e revisión do material didáctico con perspectiva de xénero	-Documento de pauta elaborado: si /non
Participar en programas específicos de igualdade de xénero	-Nº e tipo de programas:



para traballar a coeducación desde o currículo etc.	-Profesorado implicado:
Revisar as programacións didácticas e a práctica docente desde unha perspectiva de xénero: para incluír as mulleres relevantes en cada ámbito do saber, os saberes asociados tradicionalmente ás mulleres, as desigualdades de xénero, para completar a historia da humanidade...	-Documento de pauta elaborado: si /non. -Análise
Revisar o material didáctico empregado na aula (valores, normas, representacións, selección dos contidos, dos personaxes, das imaxes, da linguaxe, da proposta de actividades).	-Documento de pauta elaborado: si /non. -Análise
Realizar actividades de sensibilización na aula.	-Nº e tipo de actividades. Profesorado implicado
Realizar actividades de información e sensibilización coas familias.	-Nº de actividades. -Nº familias implicado.
Difundir información a través dun taboleiro no centro.	-Si/non
Promover lecturas coeducativas a través da biblioteca escolar.	-Si/non
Revisar a idoneidade dos contidos audiovisuais das actividades do centro.	-Documento de pauta elaborado: si /non. -Análise
Revisar a idoneidade das entidades colaboradoras co centro en canto ao respecto á diversidade sexual e de xénero, poñendo o foco nas empresas.	-Si/non
Empregar contidos de actualidade para sensibilizar sobre a necesidade de avanzar cara á igualdade real.	-Si/non
Xestionar as actividades e da ocupación do patio para favorecer a inclusión.	-Nº actividades desenvolvidas.
Promover a cooperación nos espazos tecnolóxicos.	-Si/non
Promover a prevención ante a discriminación por razón de sexo, xénero ou orientación sexual dende o ámbito da orientación educativa e vocacional.	-Si/non
Promover o respecto e do bo trato entre mulleres e homes.	-Si/non
Promover actividades de coidado entre persoas, do medio ambiente etc.	-Si/non
Promover o respecto cara á diversidade sexual e de xénero.	-Si/non
Promover metodoloxías activas participativas e cooperativas.	-Si/non



Promover a corresponsabilidade na realización das tarefas.	-Si/non
Promover actividades de intervención social na comunidade educativa.	-Si/non -Descripción actividades.

Despois da avaliación das actuacións desenvolvidas ao longo do curso, elaborárase unha memoria dos aspectos nos que debemos seguir incidindo para a atención da igualdade de xénero no noso centro.

ANEXO VII
ESTATÍSTICA



ESTADÍSTICA XERAL DO ALUMNADO

CURSO 2022-2023

ETAPA	NIVEIS	GRUPOS				Con desafe deidade	CONCELLOS				Inmigrante	Transporte	Comed.or	N.E.A.E.	P.Médicos	R.Católica	VSC
		Nº	H	M	T		Betanzos	Pademe	Coirós	Outros							
INFANTIL	4º a	1	11	10	21	0	16	1	0	4	2	5	9	1	1	10	11
	4º b	1	13	9	22	0	20	1	0	1	0	3	9	0	2	8	14
	4º c	1	14	6	20	0	16	3	1	0	3	9	12	2	2	8	12
	Total 4º	3	38	25	63	0	52	5	1	5	5	17	30	3	5	26	37
	5º a	1	11	8	19	0	17	0	1	1	1	7	9	3	1	7	12
	5º b	1	11	9	20	0	17	2	1	0	1	7	7	3	4	5	15
	5º c	1	12	10	22	0	16	3	2	1	1	9	11	2	3	8	14
	5º d	1	12	8	20	0	14	1	3	2	1	9	9	2	0	6	14
	Total 5º	4	46	35	81	0	64	6	7	4	4	32	36	10	8	26	55
	6º a	1	13	11	24	0	19	0	1	4	1	7	13	1	0	6	18
	6º b	1	15	10	25	0	23	1	1	0	0	10	7	3	4	11	14
	6º c	1	12	11	23	1	22	1	0	0	3	8	9	1	0	6	17
	6º d	1	13	12	25	0	21	1	1	2	4	9	9	1	1	10	15
Total 6º	4	53	44	97	1	85	3	3	6	8	34	38	6	5	33	64	
TOTAL E. INFANTIL	11	137	104	241	1	201	14	11	15	17	83	104	19	18	85	156	
PRIMARIA	1º A	1	10	12	22	0	15	3	4	0	0	12	8	1	3	5	17
	1º B	1	9	14	23	0	16	1	4	1	0	7	8	1	3	10	13
	1º C	1	7	17	24	0	11	6	5	2	1	14	8	3	0	12	12
	1º D	1	10	13	23	0	19	1	2	1	0	9	8	3	2	11	12
	1º E	1	14	8	22	0	13	1	8	0	1	10	15	2	1	12	10
	Total 1º	5	50	64	114	0	73	12	20	4	2	52	47	10	9	50	64
	2º A	1	10	14	24	0	17	3	4	0	1	12	10	1	3	4	20
	2º B	1	9	14	23	0	16	4	1	2	2	10	9	1	1	8	15
	2º C	1	8	15	23	2	10	6	5	2	2	15	9	5	1	12	11
	2º D	1	11	13	24	2	21	1	2	0	2	11	8	3	3	13	11
	2º E	1	15	9	24	2	15	1	8	0	2	13	16	0	5	14	10
	Total 2º	5	53	65	117	6	79	15	20	4	8	61	51	10	13	51	67
	3º A	1	14	8	22	1	15	2	4	1	1	12	9	2	0	10	12
	3º B	1	13	8	21	0	13	4	2	2	0	9	10	3	6	8	13
	3º C	1	14	7	21	2	13	3	2	3	1	8	11	1	2	11	10
	3º D	1	14	8	22	1	13	3	2	3	1	8	11	1	2	11	10
	3º E	1	12	10	22	0	15	4	1	2	0	10	8	2	3	11	11
	Total 3º	5	67	41	108	4	69	16	11	11	3	47	49	9	13	51	56
	4º A	1	12	11	23	1	18	0	4	1	0	14	8	4	3	10	13
	4º B	1	10	15	25	0	16	3	2	4	2	6	8	3	0	16	9
	4º C	1	9	15	24	1	19	1	4	0	0	11	9	5	0	13	11
	4º D	1	11	13	24	3	20	1	3	0	6	12	10	3	1	8	16
	4º E	1	17	8	25	1	20	3	2	0	0	10	9	1	5	12	13
	Total 4º	5	59	62	121	6	93	8	15	5	8	53	44	16	9	59	62
	5º A	1	12	11	23	1	20	3	0	0	2	6	8	3	5	10	13
	5º B	1	13	8	21	1	15	0	4	2	0	14	7	5	5	12	9
	5º C	1	8	14	22	0	18	0	2	2	1	5	10	0	8	11	11
	5º D	1	9	12	21	1	11	4	3	3	0	11	5	1	2	11	10
	5º E	1	11	11	22	0	13	3	3	3	4	11	7	2	2	11	11
	Total 5º	5	53	56	109	3	72	10	12	10	7	47	37	11	22	55	54
	6º A	1	14	9	23	0	18	4	1	0	0	7	9	3	3	12	11
	6º B	1	11	10	22	4	17	2	1	2	0	8	4	2	6	13	9
	6º C	1	12	11	23	1	19	1	3	0	1	9	11	5	1	11	12
6º D	1	10	12	22	1	15	2	3	2	0	9	9	2	0	11	11	
6º E	1	16	8	24	3	17	2	3	2	2	12	5	0	4	13	11	
6º F	1	10	13	23	1	19	1	2	1	0	16	6	2	1	13	10	
Total 6º	6	73	63	137	10	105	12	13	7	3	61	44	14	15	73	64	
TOTAL E. PRIMARIA	31	355	351	706	29	491	73	91	41	31	321	272	70	81	339	367	
TOTAL COLEXIO	42	492	455	947	30	692	87	102	56	48	404	376	85	99	424	523	

